




Guía dos anfíbios e réptiles

Parque Natural
do Complexo
Dunar de
Corrubedo
e Lagoas de
Carregal e Vixán

Pedro Galán Regalado



XUNTA
DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia.

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

Textos: Pedro Galán Regalado

Fotografías e ilustracións: Pedro Galán Regalado

Revisión lingüística: Ramiro Combo García e Susana García

Deseño gráfico, maquetación e xestión editorial: Puertas Afuera
Comunicación Medioambiental y Cultural, S.L.

Depósito legal: C 290-2026

© **desta edición:** Xunta de Galicia

© **textos, figuras e fotografías:** Pedro Galán Regalado

Guía dos anfíbios e réptiles

Parque Natural
do Complexo
Dunar de
Corrubedo
e Lagoas de
Carregal e Vixán

Pedro Galán Regalado



XUNTA
DE GALICIA

Saúda da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

Ata non hai moito tempo, os anfibios e os réptiles apenas esperaban interese, máis aló do desagrado ou o temor que en ocasións podían suscitar. Hoxe, afortunadamente, a sociedade é cada vez máis consciente do valor de toda a biodiversidade que nos rodea e da necesidade urxente de conservala. A herpetofauna –o conxunto de anfibios e réptiles– forma parte esencial do noso patrimonio natural e constitúe un elemento inseparable dos espazos naturais que debemos protexer.

Esta guía nace co obxectivo de achegar ese patrimonio á cidadanía. Queremos que todas as persoas que visiten o Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán poidan identificar as distintas especies que o habitan, coñecer as súas formas de vida e comprender o papel fundamental que desempeñan nos ecosistemas. Só desde o coñecemento é posible avanzar no respecto, a valoración e a conservación.

A publicación recolle fotografías dos distintos estados de desenvolvemento das especies –ovos, larvas e adultos no caso dos anfibios; xuvenís e adultos en réptiles–, mapas detallados da súa distribución no parque natural e información relevante sobre a súa bioloxía: ciclos de actividade, comportamento, reprodución ou lonxevidade. Inclúe tamén referencias ao seu estado de conservación e á lexislación que as ampara.

Os datos que sustentan este traballo son froito de máis de tres décadas de seguimento e mostraxes intensivas en todos os hábitats do parque, desde os anos noventa do pasado século. Grazas a este esforzo continuado, hoxe coñecemos mellor a evolución das súas poboacións e os retos aos que se enfrontan.

Non podemos esquecer que os anfibios e os réptiles están a sufrir un declive xeneralizado en todo o planeta, en paralelo á perda global de biodiversidade. Neste contexto, a conservación de espazos naturais especialmente ricos en herpetofauna convértese nunha esperanza real para a súa salvagarda.

O Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán é un exemplo extraordinario desta riqueza. Alberga 13 das 14 especies de anfibios presentes en Galicia e 13 das 26 especies de réptiles da nosa comunidade. Aquí atópase, ademais, o anfibio máis ameazado de Galicia, o sapo de esporóns, e tamén o réptil máis ameazado, o sapoconcho común.

Esta diversidade explícase pola extraordinaria variedade de medios acuáticos existentes no parque e polo bo estado de conservación das súas zonas húmidas e hábitats terrestres. A súa situación xeográfica, na fachada central da costa atlántica galega, favorece a convivencia de especies de distintas orixes bioxeográficas. E, non menos importante, a ausencia no seu interior das especies invasoras máis prexudiciais para os ecosistemas acuáticos, como o cangrexo de río americano, determinados peixes alóctonos ou plantas acuáticas invasoras.

Non obstante, tamén existen ameazas. A expansión do xabaril, os incendios provocados, o abandono de prácticas tradicionais de ganadería e agricultura –que provocou a deterioración de pozos de rega fundamentais para a reprodución dos anfibios–, así como o risco de enfermidades emerxentes, son desafíos que debemos afrontar con responsabilidade e determinación.

Desde a Xunta de Galicia reafirmamos o noso compromiso coa conservación en bo estado das zonas húmidas e hábitats terrestres do parque, coa vixilancia fronte ás especies invasoras e coa protección das súas especies máis vulnerables. Coidar da herpetofauna é coidar do equilibrio dos nosos ecosistemas e, en definitiva, do noso futuro.

Confío en que esta guía sexa unha ferramenta útil e inspiradora, que esperte a curiosidade, fomente o respecto e contribúa a reforzar o orgullo polo noso patrimonio natural.

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

Xunta de Galicia

Introdución.....	8
Información da guía	9
O Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán	12
Clima e bioxeografía	13
Hábitats da herpetofauna do parque	15
Dunas e areais	15
Matogueiras e zonas arbustivas.....	17
Rochedos e pedregais.....	18
Bosques	19
Plantacións arbóreas.....	19
Medios antropoxénicos	20
Zonas húmidas.....	21
Os anfibios e réptiles do parque natural	26
Ameazas e conservación da herpetofauna do parque.....	30
Os anfibios	34
Postas e ovos de anfibios.....	37
Clave de identificación de postas e ovos de anfibios	40
Larvas de anfibios	43
Clave de identificación de larvas de anfibios.....	48
Píntegas e tritóns (orde Caudata ou Urodela)	52
Píntega común (<i>Salamandra salamandra</i>).....	53
Saramaganta rabilonga (<i>Chioglossa lusitanica</i>).....	56
Tritón ibérico (<i>Lissotriton boscai</i>).....	59
Tritón palmado (<i>Lissotriton helveticus</i>)	62
Tritón verde (<i>Triturus marmoratus</i>)	65
Ras e sapos (orde Anura).....	68
Sapo parteiro (<i>Alytes obstetricans</i>)	69

Sapiño pintado (<i>Discoglossus galganoi</i>).....	72
Sapo de esporóns (<i>Pelobates cultripes</i>).....	75
Sapo común ibérico (<i>Bufo spinosus</i>)	79
Sapo corriqueiro (<i>Epidalea calamita</i>).....	82
Rela (<i>Hyla molleri</i>).....	85
Ra verde común (<i>Pelophylax perezi</i>).....	88
Ra patilonga (<i>Rana iberica</i>).....	91

Os réptiles..... 95

Tartarugas e sapoconchos (orde Testudines).....	97
Sapoconcho común (<i>Emys orbicularis</i>)	98
Tartarugas mariñas	101
Tartaruga mariña común (<i>Caretta caretta</i>).....	104
Tartaruga mariña pequena (<i>Lepidochelys kempi</i>).....	105
Tartaruga mariña de coiro (<i>Dermochelys coriacea</i>)	106
Lagartos e serpes (orde Squamata).....	107
Lagarto arnal (<i>Timon lepidus</i>)	108
Lagarto das silvas (<i>Lacerta schreiberi</i>)	111
Lagarta galega (<i>Podarcis bocagei</i>)	114
Lagarta lusitana (<i>Podarcis lusitanicus</i>)	117
Esgonzo común (<i>Chalcides striatus</i>)	120
Escáncer común (<i>Anguis fragilis</i>).....	122
Cobra de escada (<i>Zamenis scalaris</i>)	125
Cobra lisa europea (<i>Coronella austriaca</i>)	128
Cobra lisa meridional (<i>Coronella girondica</i>)	131
Cobra de collar ibérica (<i>Natrix astreptophora</i>).....	134
Cobra viperina (<i>Natrix maura</i>)	138
Víbora de Seoane (<i>Vipera seoanei</i>)	141
Especies exóticas de réptiles de posible aparición no parque natural.....	145

Bibliografía149

Introdución

Un dos principais valores faunísticos do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán constitúeno as súas poboacións de anfibios e réptiles. Neste espazo e na súa contorna inmediata atópanse presentes 13 especies de anfibios (das 14 que habitan a totalidade de Galicia, o 93 %) e outras 13 de réptiles (o 50 % das galegas). O parque é ademais un espazo natural de especial interese para a conservación destas especies, principalmente dalgunhas das máis ameazadas no conxunto de Galicia, como o sapo de esporóns ou o sapoconcho común.

Nos últimos anos, a importancia faunística dos anfibios e réptiles creceu moi considerablemente, tanto desde o punto de vista científico como na súa valoración como parte moi destacada do patrimonio natural. Non só constitúen un dos compoñentes da biodiversidade que recibe máis atención por parte dos investigadores, tendo en conta a cantidade e calidade dos estudos realizados, senón que o feito de ser uns dos grupos animais máis ameazados, que están a sufrir declives poboacionais máis fortes (sobre todo no caso dos anfibios), os converte en obxectivo prioritario nos traballos de conservación. A súa forte vinculación ás características físicas dos hábitats que ocupan (como a temperatura e a humidade), unida á súa escasa capacidade de desprazamento, outórganlles un papel relevante como bioindicadores da calidade

ambiental. Cando eles desaparecen (e estano a facer en moitos lugares), é que as cousas van mal no medio natural.

Os anfibios e os réptiles son estudados conxuntamente como unha rama da zooloxía denominada herpetoloxía, e a fauna que integra os dous grupos coñécese como herpetofauna. Ambos os dous termos derivan do grego *herpeton*, que significa “o que reptar”, facendo referencia ao modo de desprazarse de moitos deles.

O noroeste ibérico (Galicia, en sentido amplo) é unha zona especialmente rica en herpetofauna no contexto europeo, que reviste un alto interese pola presenza conxunta de especies de moi diversa orixe bioxeográfica: eurosiberianas (orixe setentrional), mediterráneas (orixe meridional) e endémicas noroccidentais ibéricas (orixe na propia zona noroccidental ibérica). O parque natural sitúase nunha área de especial importancia neste contexto de confluencia de especies con diferente orixe bioxeográfica pola súa situación na zona media da fachada atlántica galega. Así mesmo, ten grande importancia por albergar varios dos hábitats máis ameazados, como son os ecosistemas dunares, lacunares e zonas húmidas estacionais. Tamén representa unha das últimas áreas onde sobreviven algunhas das especies de herpetos máis ameazadas de Galicia. Contribuír ao coñecemento, respecto e valoración como patrimonio natural deste conxunto de animais é o principal obxectivo desta guía.

Información da guía

Esta guía pretende, en primeiro lugar, que todas as persoas que visiten o parque natural poidan identificar as diversas especies de anfibios e réptiles que o poboan. A miúdo isto lograse simplemente examinando as fotografías; noutras ocasións haberá que ler as descrições para descartar especies similares. Para os casos máis complicados, como son as postas de ovos dos anfibios e as súas larvas, inclúense claves e fotos desas fases para acadar a súa identificación. Tamén consideramos que, máis alá de saber de que especie se trata, é importante coñecer outros aspectos destes fascinantes seres, polo que se inclúen apartados que indican a súa distribución e abundancia no parque natural, os hábitats que ocupan, aspectos relevantes da súa bioloxía (ciclos de actividade, comportamento, reprodución, madurez, lonxevidade, etc.) que poidan ser de utilidade para un maior coñecemento destas especies, a miúdo non moi ben consideradas (nin tratadas) polo ser humano. Tamén se inclúe un apartado sobre o estado de conservación e a lexislación que ampara cada unha delas.

Os datos para confeccionar esta guía obtivéronse mediante o estudo das poboacións de anfibios e réptiles que habitan o parque natural. Estes estudos realizáronse ao longo das últimas décadas, desde os anos 1990 do pasado século ata a ac-

tualidade (2025). Durante eles, efectuáronse buscas intensivas e percorridos sistemáticos por todos os hábitats e zonas do parque ao longo de diversos ciclos completos de actividade destes animais para poder coñecer a súa bioloxía, a súa distribución e o seu estado de conservación. Os datos sobre os diferentes tipos de medios acuáticos en que se reproducen as especies de anfibios do parque natural obtivéronse mediante a mostraxe intensiva de 211 destes hábitats acuáticos no espazo protexido (Galán, 2017b). Tamén se tiveron en conta os datos bibliográficos doutros autores que realizaron estudos sobre estes animais, aplicables ás poboacións do parque natural. En cada especie inclúese un mapa de distribución (baseado nunha foto aérea do parque) que mostra os rexistros obtidos nas prospeccións de campo realizadas, sinalando cun punto a súa presenza en cuadrículas de 250 metros de lado. Estas cuadrículas están baseadas na cartografía do parque natural en proxección UTM (Universal Transverse Mercator; sistema de coordenadas universal transversal de Mercator) e son unha aproximación obxectiva á distribución de cada especie, aínda que só mostran onde foron atopadas nas nosas prospeccións. Por iso, como a maior parte dos herpetos levan unha vida moi oculta e pasan desapercibidos con facilidade, a distribución real pode ser nalgúns casos moito máis extensa da que mostran os mapas.




Foto aérea do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e a súa localización dentro das Rías Baixas de Galicia. Indícanse as cuadrículas UTM de 1 x 1 km que serviron de base para representar a distribución dos diferentes anfibios e réptiles do parque. Nos mapas dedicados ás especies, representaranse con puntos vermellos as observacións de cada especie en cuadrículas de 250 metros de lado, dentro desas cuadrículas de referencia de 1 x 1 km. Mapa base PNOA.





Vista xeral da zona norte do parque natural desde o monte Castro Cidade.

O Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán

O parque natural está situado no extremo suroeste da península do Barbanza, entre as rías de Arousa e a de Muros e Noia, dentro do concello de Ribeira, na provincia da Coruña. Foi declarado parque natural en 1992 no Decreto 139/1992, do 5 de xuño (DOG n.º 113, do 15 de xuño de 1992), cunha extensión de 996,25 hectáreas. O parque natural posúe ademais outras figuras de protección; así, as súas zonas húmidas foron declaradas de importancia internacional, como *Zona Húmida Ramsar* en 1993; están incluídas na *Rede Natura 2000* como *Zona Especial de Conservación* (ZEC), co nome de *Complexo Húmido de Corrubedo*, que inclúe tamén as lagoas de Xuño e Muro, as praias e dunas veciñas e a illa de Sálvora. Está tamén declarado como *Zona de*

Especial Protección para as Aves (ZEPA), co nome de *Complexo Litoral de Corrubedo*, ao abeiro da Directiva Comunitaria 79/409/CEE. Ademais, posúe a figura de *Zona Húmida Protexida* (*Complexo das praias, duna e lagoa de Corrubedo*), así como a de *Zona de Especial Protección dos Valores Naturais* (*Complexo húmido de Corrubedo e Complexo litoral de Corrubedo*). Polo tanto, conta cun amplo recoñecemento dos seus valores naturais e da súa importancia na conservación da biodiversidade.

No parque existe un sistema dunar formado por dous cordóns litorais de dunas, nos cales destaca unha gran duna móbil de máis dun quilómetro de lonxitude por 200-250 metros de ancho e 21 m de altura. Ao abeiro desta barreira dunar esténdese un amplo espazo interior composto por dunas grises (dunas estabilizadas), marismas e lagoas litorais, unha delas en contacto co mar por un sistema de canles de auga salgada (Carregal), e outra illada do océano e de auga doce (Vixán). Sobre as dunas prima-

rias aséntanse as comunidades vexetais pertencentes á clase *Ammophiletea* e nas dunas fixas á clase *Hellichryso crucianelletea*. A vexetación das lagoas en contacto co mar e das xunqueiras en auga salgada, correspondentes aos ambientes acuáticos da lagoa de Carregal, comprende as comunidades da clase *Juncetea maritimi*. Ademais das lagoas, os areais e as dunas, este espazo protexido posúe diversos hábitats que teñen carácter prioritario segundo a lexislación europea sinalada na Directiva de Hábitats, desde acantilados mariños con vexetación das costas atlánticas ata matogueiras secas europeas, matogueiras húmidas atlánticas ou herbais húmidos de herbas altas, entre outros.

Dentro dos grupos faunísticos máis significativos presentes no parque, adoitan sinalarse, en primeiro lugar, as aves ligadas aos medios acuáticos, tanto salgados como doces, principalmente anátidos e limícolas; en segundo lugar, as comunidades de invertebrados presentes nas zonas sometidas ás mareas; e, en terceiro lugar, os anfibios e réptiles. Nesta guía ocuparémonos deste último e importante grupo faunístico.

Clima e bioxeografía

A zona onde se atopa o parque natural, como o resto do sector litoral da península do Barbanza, forma parte do dominio ombrotérmico húmido-cálido da fachada atlántica (tipo oceánico húmido), caracterizado polas elevadas precipitacións, a débil oscilación térmica e o im-

portante déficit hídrico estival. Forma parte do macrobioclima temperado submediterráneo. A temperatura media anual oscila arredor dos 15 °C, cunha media das máximas de 19 °C e unha media das mínimas de 11,8 °C, é dicir, invernos suaves moderados pola proximidade do mar. A precipitación anual media é de 1035 litros por metro cadrado, repartidos en 115-130 días de chuvia ao ano. O máximo pluviométrico prodúcese no inverno, con xaneiro á cabeza dos meses máis chuviosos. O número de meses con precipitacións superiores a 100 mm esténdese de outubro a marzo. As mínimas precipitacións prodúcese en xullo, co trimestre xuño-agosto con chuvias por debaixo de 50 mm cada mes. Este descenso da chuvia no verán é o responsable da existencia dun período de seca estival, con ETP superior á dispoñibilidade hídrica. Este período de déficit hídrico marca a fin dos ciclos anuais das comunidades de anfibios do parque natural, que comezan de novo coas chuvias do inicio do outono.

En termos bioxeográficos, o parque natural atópase, como a maior parte de Galicia, na rexión eurosiberiana e, dentro dela, encádrase na provincia atlántico-europea. Pola súa localización na fachada atlántica do suroeste de Galicia, pertence á subprovincia cántabro-atlántica desta rexión, caracterizada pola forte influencia oceánica e os invernos temperados. O sector bioxeográfico do parque natural é o denominado galaico-portugués e o subsector, o das Rías Baixas.

Na súa caracterización bio-

climática, onde se relacionan, ademais dos elementos básicos do clima, como temperaturas e precipitacións, a distribución dos seres vivos no territorio, a zona está incluída dentro do denominado macroclima temperado, predominante en Galicia. Pero, dado que esta zona posúe, como indicamos, un curto período de seca estival, inclúese dentro da variante submediterránea do macroclima temperado. A pre-

senza do océano Atlántico exerce un forte efecto, moderando o clima nesta zona costeira. Por iso, o parque natural posúe un bioclima de carácter hiperoceánico, cuxas temperaturas mensuais medias sofren variacións pouco marcadas durante todo o ano. Estas características bioclimáticas van influír en gran medida na presenza, distribución e ciclos de actividade da fauna de anfíbios e réptiles do parque natural.



Vista do parque natural dende o norte.

Hábitats da herpetofauna do parque

Os anfíbios e réptiles son animais moi ligados aos medios que habitan pola súa limitada capacidade de desprazamento e pola súa dependencia moi estreita das condicións físicas dos seus hábitats, sobre todo da temperatura e da humidade. Como son incapaces de regular a temperatura corporal, necesitan de fontes de calor externas para poderen estar activos, tendo un limitado rango de tolerancia térmica (non poden desenvolver a súa actividade se o ambiente é frío, pero tampouco se é demasiado cálido), así como das variacións da humidade ambiental. Isto fainos depender estreitamente do solo e da vexetación para buscar refuxio ante os cambios de temperatura ou de humidade e para protexerse dos depredadores. No caso dos anfíbios, tamén dependen estreitamente de determinados medios de augas doces, tanto correntes como estancadas, para reproducirse. Por todo isto, é importante para podelos observar coñecer os hábitats que ocupan, que se describen a continuación.

Dunas e areais

As dunas de area móbil (como a gran duna deste parque natural) que se atopan preto do mar, con pouca vexetación (*Ammophila*, *Elymus*, etc.) ou ningunha, practicamente carecen de anfíbios e réptiles, xa que moi poucas especies de herpetos poden vivir nelas ao careceren de refuxios e estaren expostas á acción do vento, que fai inestable o substrato. Non obstante as dunas grises, formadas por areas xa fixadas pola vexetación, cubertas de liques (como *Cladonia*, *Peltigera*, etc.), musgos (*Tortula*, *Polytrichum*, etc.), herbeiras e matogueiras dispersas de baixo porte (*Cistus*, *Daphne*, etc.), albergan unha interesantísima herpetofauna, entre a que destaca, no caso dos anfíbios, o sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*) e o sapo corriqueiro (*Epidalea calamita*), ambos os dous cavadores de substratos brandos, como a area, nos que se enterran nos períodos desfavorables. Nos réptiles, unha das especies máis abundante é o esgonzo común (*Chalcides striatus*), especialmente nos herbais de *Festuca* e outras gramíneas sobre estes solos areentos.



Herbais sobre chans areentos no extremo sur do parque natural, na Graña.



Dunas vexetadas na Gandarela, importante hábitat para diversas especies de anfíbios e réptiles do parque natural.

Matogueiras e zonas arbustivas

Ocupan diversas zonas do parque natural, principalmente no interior, dominando especies de matogueiras boreais e atlánticas formadas por toxos (*Ulex*, especialmente *U. europaeus*) e xestas (*Cytisus striatus*, *C. scoparius*) máis ou menos mesturados con ericáceas dos xéneros *Erica* e *Calluna*, cistáceas (como *Cistus*) e silvas (*Rubus*). Estas matogueiras e arbustos proporcionan refuxio a numerosas especies de herpetos. Viven neles diversas especies de anfibios e

réptiles de orixe boreal, como a píntega común (*Salamandra salamandra*), o escáncer común (*Anguis fragilis*) ou a cobra lisa europea (*Coronella austriaca*). Tamén albergan especies endémicas do noroeste ibérico, como o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) ou a víbora de Seoane (*Vipera seoanei*), e especies meridionais, como o lagarto arnal (*Timon lepidus*) ou a cobra lisa meridional (*Coronella girondica*). Os lindeiros e claros das zonas de matogueira, cubertos de herbais (*Agrostis*, *Bromus*, etc.), son ocupados polo esgonzo común (*Chalcides striatus*).



As zonas de matogueira do parque natural acollen unha elevada diversidade de herpetofauna. O Vilar.

Rochedos e pedregais

Nas zonas de matogueira, aparecen moi frecuentemente nos cumios das elevacións e en abas con certa pendente os afloramentos rochosos e pedregais, orixinados pola erosión, moitas veces froito do efecto combinado e repetido dos incendios estivais e as chuvias invernais. Estas zonas rochosas e pedregosas con matogueira dispersa reciben unha abundante radiación solar, ao esta-

ren desprotexidas de cobertura vexetal, polo que son ocupadas polas especies máis termófilas e xerófilas (que precisan medios máis cálidos e secos), como a lagarta lusitánica (*Podarcis lusitanicus*), o lagarto arnal (*Timon lepidus*) ou a cobra lisa meridional (*Coronella girondica*), así como polos anfibios máis adaptados aos medios secos, como os sapos parteiro (*Alytes obstetricans*), común ibérico (*Bufo spinosus*) e corriqueiro (*Epidalea calamita*).



Rochedos e afloramentos rochosos. Neles habitan especies de réptiles e anfibios que se benefician da intensa radiación solar que reciben e que atopan refuxio baixo as pedras.

Bosques

Na actualidade, é moi escasa a superficie do parque natural cuberta por bosques autóctonos, formados por carballeiras mixtas. Encóntranse en zonas periféricas pequenas masas dispersas de *Quercus robur* e *Q. pyrenaica*, mesturadas con outras especies arbóreas, algunhas de folla perenne, como os loureiros (*Laurus nobilis*). O proceso de degradación destes bosques orixina unha serie de comunidades de matogueira (toxeiras, xesteiras, breixeiras, etc.), xa comentadas. Tamén poden atoparse algúns restos dos bosques ancestrais nos escasos pés arbóreos de castiñeiros (*Castanea sativa*), sobreiras (*Quercus suber*) e nas sebes e lindeiros que delimitan terreos e bordos de cultivos e prados. Nestes bosques e lindeiros habitan pínegas comúns (*Salamandra salamandra*), tritóns nas súas fases terrestres e sapos comúns ibéricos (*Bufo spinosus*). Os réptiles precisan máis sol para vivir e, polo tanto, de zonas máis abertas, motivo polo que se localizan nos lindeiros e nos claros dos bosques. Nestas zonas son frecuentes os escánceres comúns (*Anguis fragilis*), esgonzos comúns (*Chalcides striatus*), lagartos das silvas (*Lacerta schreiberi*), cobras lisas europeas (*Coronella austriaca*) e, en ocasións, víboras de Seoane (*Vipera seoanei*).

Outro medio forestal autóctono é o bosque de ribeira ou ripisilva, dominado por ameneiros (*Alnus glutinosa*), salgueiros (*Salix*) e outras árbores ribeirás, que teñen unha mellor representación no parque, aínda que nas súas zonas periféricas, seguindo os cursos dos ríos, como o Artes ou o Sirves, e tamén dalgúns arroios. Nestes bosques de ribeira habitan algunhas das especies máis escasas do parque natural, como a saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) ou a ra patilonga (*Rana iberica*), que só se atopan nas ripisilvas máis sombrías nas ribeiras dos ríos e arroios, en zonas que bordean o extremo oriental do parque natural.

Plantacións arbóreas

No parque natural tamén se atopan plantacións forestais de piñeiros (*Pinus pinaster*) e eucaliptos (*Eucalyptus globulus*), de carácter alóctono e que frecuentemente poden aparecer mesturados con outras árbores ou formacións de matogueira. Os anfibios típicos dos bosques, como a pínega común (*Salamandra salamandra*) ou o sapo común ibérico (*Bufo spinosus*), entre outros, tamén poden subsistir en determinadas plantacións arbóreas e nas zonas de matogueira periféricas.

Medios antropoxénicos

Os medios orixinados polo ser humano, como as zonas de cultivo, muros de pedra, construcións diversas, etc., forman tamén importantes hábitats para os anfibios e os réptiles. As dúas especies de lagartas do xénero *Podarcis* do parque natural, a galega (*P. bocagei*) e a lusitana (*P. lusitanicus*), son especialmente frecuentes en hábitats antropoxénicos, como muros de casas e cercas de pedra. Igualmente,

ocupan estes muros, así como as cercas e sebes entre terreos, o lagarto arnal (*Timon lepidus*) e o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*). Tamén nos herbais dos bordos de terreos de cultivo e de camiños están presentes os sapos comúns ibéricos (*Bufo spinosus*) e os escánceres (*Anguis fragilis*). Os medios de auga doce artificiais, como fontes, lavadouis, pozos, gabias de drenaxe ou charcas xeradas en zonas escavadas, constitúen tamén importantes hábitats para os anfibios.



Os lindeiros arbustivos con antigas cercas de pedra son un hábitat favorable para diversas especies de anfibios e réptiles. Sendeiro cara á lagoa de Vixán.



Medios antropoxénicos: muros, lindeiros, bordos de cultivos e charcas son hábitats moi axeitados para os anfibios e réptiles. O Vilar.

Zonas húmidas

Unha parte moi importante dos hábitats da herpetofauna do parque natural constitúena os medios acuáticos, que poden ser de tipos moi diversos, así como as poboacións de anfibios e réptiles que os poboan. Os principais expóñense a continuación.

Marismas

Algúns dos principais medios húmidos do parque natural, como a lagoa de Carregal, en contacto co mar, e as extensas marismas que a rodean practicamente carecen de herpetofauna polo seu carácter salobre. Só se poden atopar as especies máis tolerantes á salinidade, como o sapinho pintado (*Discoglossus galganoi*) e o sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*), así como exemplares

en dispersión de ras verdes comúns (*Pelophylax perezi*), todos eles nas zonas de transición entre a marisma halófila e os herbais húmidos do interior.

Lagoas e grandes charcas

As grandes charcas permanentes de auga doce, entre as que destaca a lagoa de Vixán, pero tamén as charcas orixinadas nas antigas zonas de escavacións, como a de Olveira, así como os tramos finais de corrente remansada dos ríos, todos eles con abundante vexetación acuática nas súas marxes (carrizos, espadanais, etc.), forman un dos principais hábitats para os anfibios do parque. Diversas especies acoden a reproducirse nestes medios acuáticos, como os tritóns (*Triturus marmoratus*, *Lissotriton boscai*, *L. helveticus*), sapos de

esporóns (*Pelobates cultripes*) e comúns ibéricos (*Bufo spinosus*), ás veces desprazándose desde zonas distantes, máis secas. Outras especies de anfibios viven todo o ano nas súas beiras, especialmente as ras verdes comúns (*Pelophylax perezi*), pero tamén as relas (*Hyla molleri*) e os sapiños pintados (*Discoglossus galganoi*), aínda que estes últimos viven preferentemente nos herbais hú-

midos que rodean estas charcas. Entre os réptiles, destaca o sapoconcho común (*Emys orbicularis*) na charca de Oliveira e noutras próximas, así como as dúas especies de cobras de auga, que se alimentan de anfibios, a de colar (*Natrix astreptophora*), máis frecuente nos herbais de ribeira, e a viperina (*Natrix maura*), nas beiras ou dentro da auga. Estas dúas cobras son moi boas nadadoras.



Charca de Oliveira. Nela habita a poboación de sapoconcho común e outras diversas especies de réptiles e anfibios.



Lagoa de Vixán, rodeada dunha densa vexetación acuática dominada polo carrizo.

Charcas estacionais

Nas depresións do terreo, nas zonas de solo con pouca pendente e en áreas escavadas pouco profundas, fórmanse encharcamentos estacionais que se manteñen con auga desde o outono ata a primavera e secan durante o verán. Son moi representativas no parque natural as depresións húmidas intradunares estacionais, con *Juncus acutus* e

Schoenus nigricans, así como os herbais húmidos con *Scirpus maritimus*. Son de grande importancia para a reprodución dos anfibios, especialmente para os sapos de esporóns (*Pelobates cultripes*), pintados (*Discoglossus galganoi*) e corriqueiros (*Epidalea calamita*). Nas máis profundas tamén poden reproducirse tritóns (*Triturus* e *Lissotriton*), relas (*Hyla molleri*) e ras verdes comúns (*Pelophylax perezi*).



Charcas estacionais nas dunas fixas dos campos de Olveira. Ao fondo, a gran duna móbil.



Charcas intradunares estacionais na zona da Gandarela, rodeadas de pequenos salgueiros. Nestas charcas reproducense os sapos de esporóns e outras diversas especies de anfibios.

Mananciais, fontes e pequenas charcas

Son abundantes e están diseminadas no parque natural, sobre todo nas antigas zonas de cultivo, matogueiras e bosques, acollendo boas poboacións de anfibios. Acoden a realizar a cría nelas o tritón ibérico (*Lissotriton boscai*) e tamén para deixar as súas larvas a píntega común (*Salamandra salamandra*) e o sapo parteiro (*Alytes obstetricans*). Nas zonas periféricas do parque, se estas fontes e charcas están asociadas aos arroios que descendeen dos montes que rodean o espazo natural, poden reproducirse tamén nelas a saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) e a rapatílonga (*Rana iberica*), ambas as dúas especies endémicas do noroeste ibérico.

Estanques de regadío, “pozos”


Moi característicos do parque natural son os antigos estanques para o regadío, denominados tradicionalmente “pozos”, que se distribúen en elevado número por toda a súa superficie, principalmente polas zonas anteriormente cultivadas e os herbais. A pesar de que, co abandono dos labores agrícolas tradicionais, a maior parte destes estanques foron desaparecendo, aínda os que restan constitúen excelentes hábitats reprodutores para os anfibios, sobre todo para os tritóns ibérico (*Lissotriton boscai*) e verde (*Triturus marmoratus*), sapos comúns ibéricos (*Bufo spinosus*), relas (*Hyla molleri*) e ras verdes comúns (*Pelophylax perezi*). Tamén son excelentes hábitats para as dúas especies de cobras de auga (*Natrix astreptophora* e *Natrix maura*).



Os antigos estanques de regadío (“pozos”) utilizados para a rega de terreos, aínda que xa maioritariamente en desuso, forman tamén un importante hábitat acuático para diversas especies de anfibios do parque natural.

Ríos, arroios e pequenas correntes de auga

Xeralmente provenientes das abas dos montes que rodean o parque natural, penetran neste varios arroios e pequenas correntes de auga. As súas ribeiras atópanse cubertas por herbais ou ben por bosques de ribeira dominados por ameneiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix*). Este arboredo orixina uns ambientes sombríos e húmidos que constitúen o principal hábitat para as escasas e periféricas poboacións de saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) na zona. Tamén son habitadas pola ra patilonga (*Rana iberica*), o tritón ibérico (*Lissotriton boscai*) e o sapo común ibérico (*Bufo spinosus*).



Os ríos que penetran no parque natural, coa súa orla de vexetación de ribeira, permiten a existencia de varias especies de anfibios e réptiles, como a ra patilonga ou as cobras viperinas. Río Artes.

Os anfíbios e réptiles do parque natural

Neste espazo natural protexido habitan 13 das 14 especies de anfíbios presentes en Galicia, se ben unha delas, a saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) só está presente en zonas periféricas, moi próximas, pero fóra dos límites do parque natural, aínda que se observaron as súas larvas en pequenos cursos de auga que penetran nel no seu extremo nordeste. Atópanse no parque, polo tanto, practicamente todas as especies da comunidade, agás a ra galaica (*Rana parvipalmata*), cuxa área de distribución, máis setentrional, se atopa afastada da zona do parque natural e da súa contorna. Destas especies, 5 son urodelos ou anfíbios con cola, da familia Salamandridae: 2 pínegas (aínda que a súa presenza no parque é marxinal) e 3 tritóns (dous deles moi comúns e ben estendidos). As 8 especies restantes son anuros ou anfíbios sen cola na fase adulta, e están moi diversificados en diferentes familias, así como formas de vida e hábitats. Deles, 2 pertencen á familia Alytidae (os sapos pintado e parteiro), 1 á Pelobatidae (o sapo de esporóns), 2 á Bufonidae ou sapos típicos (sapos común e corriqueiro), 1 á familia Hylidae ou ras arborícolas (a rela) e 2 á Ranidae ou ras típicas (as ras verde e patilonga). As causas que poden explicar esta alta riqueza específica de anfíbios son principalmente catro: (i) a situación xeográfica do parque natural, que permite a presenza de es-

pecies de diversa orixe bioxeográfica, (ii) a elevada diversidade de medios acuáticos presentes nel, (iii) o favorable estado de conservación destas zonas húmidas e os hábitats terrestres circundantes, e (iv) a ausencia nestes medios dulciacuícolas de crustáceos e peixes alóctonos invasores introducidos.

Con respecto aos réptiles, atopamos 6 especies de saurios do total de 15 citadas en Galicia (40 %) e outras 6 especies de serpes das 9 galegas (66,7 %). A isto habería que engadir o sapoconcho común (*Emys orbicularis*), presente no pasado na área do parque natural, logo extinguido, e desde os anos 2004-2006 introducido na charca de Olveira, onde logrou proliferar, estendéndose mesmo a charcas próximas. Tamén poderían considerarse como pertencentes á herpetofauna que pode ser vista no espazo natural (aínda que sexa de xeito excepcional, como acontece con certas aves divagantes) as dúas especies de tartarugas mariñas que, de vez en cando, varan nas súas praias: a tartaruga mariña de coiro (*Dermochelys coriacea*) e a tartaruga mariña común (*Caretta caretta*). Mesmo unha terceira especie, máis rara aínda, pero que tamén foi citada varada nas súas praias: a tartaruga mariña pequena (*Lepidochelys kempii*). Finalmente, nos últimos anos observouse en determinadas charcas do parque algún exemplar illado da tartaruga de Florida (*Trachemys scripta*), procedente da liberación de individuos vendidos como mascotas. É unha especie alóctona (do sur

dos EE.UU.) que pode ser unha importante ameaza para a fauna autóctona.

Se os ofidios están ben representados, o número de especies de saurios é menor e constitúe un feito salientable que non estean presentes dúas especies moi características dos areais costeiros da Galicia meridional, como son a lagarta rabuda norteafricana (*Psammodromus algirus*) e o esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*). Polo menos, despois de buscas intensivas durante moitos anos, non foron atopados, como tampouco na totalidade da península do Barbanza.

Todos os réptiles presentes (agás as tartarugas, da orde Testudines) pertencen á orde Squamata (escamosos), tanto as serpes como os lagartos. Dentro dela, hai representantes dos lagartos típicos ou lacértidos (familia Lacertidae), con 4 especies; esgonzos ou escíncidos (familia Scincidae) e escánceres ou ánguידos (familia Anguidae), cada unha destas dúas últimas cunha única especie. Nos ofidios ou serpes, 5 especies pertencen á familia das cobras típicas ou colúbridos (Colubridae) e a última, á familia das víboras ou vipéridos (Viperidae). De toda a herpetofauna do parque natural, esta última é a única especie que pode considerarse perigosa por ter veneno, se ben intenta sempre fuxir ante a presenza humana, polo que a posibilidade dun accidente é moi remota se non se intenta collela coa man.

Como é característico das zonas meridionais da costa galega, onde se atopa o parque natural, mestúranse na súa fauna especies setentrionais, de carácter bioxeográfico eurosiberiano, adaptadas aos hábitats máis húmidos e frescos, como, por exemplo, o tritón palmado (*Lissotriton helveticus*), o escáncer común (*Anguis fragilis*) ou a cobra lisa europea (*Coronella austriaca*), con especies meridionais, de orixe bioxeográfica mediterránea, vinculadas aos medios máis secos e cálidos, como, por exemplo, o sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*) ou a cobra lisa meridional (*Coronella girondica*). Ademais destes dous grupos, existe unha representación máis numerosa de especies endémicas do occidente da Península Ibérica, que manteñen moi boas poboacións nos diversos hábitats do parque natural, como, por exemplo, o tritón ibérico (*Lissotriton boscai*) ou o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*), por citar unicamente unha especie de anfibio e outra de réptil en cada caso. No apartado dedicado á distribución de cada especie na guía, indícase o seu carácter bioxeográfico e a súa abundancia no parque natural.

Indícase a continuación a lista de especies de anfibios e réptiles presentes no parque natural, ordenadas segundo as súas diferentes categorías taxonómicas, citando tamén os autores que as describiron. Inclúense só ás especies autóctonas.

Anfibios (Clase Amphibia)
Orden urodelos (Caudata o Urodela). Anfibios con cola na fase adulta.
Familia salamándridos (Salamandridae).
Píntega común, <i>Salamandra salamandra</i> (Linnaeus, 1758).
Saramaganta rabilonga, <i>Chioglossa lusitanica</i> Bocage, 1864.
Tritón ibérico, <i>Lissotriton boscai</i> (Lataste in Tournerville, 1879).
Tritón palmado, <i>Lissotriton helveticus</i> (Razoumowsky, 1789).
Tritón verde, <i>Triturus marmoratus</i> (Latreille, 1800).
Orden anuros (Anura). Anfibios sen cola na fase adulta.
Familia alítidos (Alytidae). Sapos parteiros e pintados
Sapo parteiro, <i>Alytes obstetricans</i> (Laurenti, 1768).
Sapiño pintado, <i>Discoglossus galganoi</i> Capula, Nascetti, Lanza, Bullini & Crespo, 1985.
Familia pelobátidos (Pelobatidae). Sapos de esporóns.
Sapo de esporóns, <i>Pelobates cultripes</i> (Cuvier, 1829).
Familia bufónidos (Bufonidae). Sapos típicos.
Sapo común ibérico, <i>Bufo spinosus</i> Daudin, 1803.
Sapo corriqueiro, <i>Epidalea calamita</i> (Laurenti, 1768).
Familia hílidos (Hylidae). Ras arborícolas do Vello Mundo.
Rela, <i>Hyla molleri</i> Bedriaga, 1889.
Familia ránidos (Ranidae). Ras típicas.
Ra verde común, <i>Pelophylax perezi</i> (Seoane, 1885).
Ra patilonga, <i>Rana iberica</i> , Boulenger, 1879.

Réptiles (Clase Reptilia)
Orden quelonios (Testudines). Tartarugas e sapoconchos.
Familia emídidos (Emydidae). Sapoconchos.
Sapoconcho común, <i>Emys orbicularis</i> (Linnaeus, 1758).
Familia quelónidos (Cheloniidae). Tartarugas mariñas.
Tartaruga mariña común, <i>Caretta caretta</i> (Linnaeus, 1758).
Tartaruga mariña pequena, <i>Lepidochelys kempii</i> (Garman, 1880).
Familia dermoquélidos (Dermochelyidae). Tartarugas mariñas de coiro.
Tartaruga mariña de coiro, <i>Dermochelys coriacea</i> (Vandelli, 1761).
Orden escamosos (Squamata). Lagartos e serpes.
Familia lacértidos (Lacertidae). Lagartos e lagartas típicos.
Lagarto das silvas, <i>Lacerta schreiberi</i> Bedriaga, 1878.
Lagarto arnal , <i>Timon lepidus</i> (Daudin, 1802).
Lagarta galega, <i>Podarcis bocagei</i> (Seoane, 1885).
Lagarta lusitana, <i>Podarcis lusitanicus</i> Geniez, Sá-Sousa, Guillaume, Cluchier & Crochet, 2014.
Familia escíncidos (Scincidae). Esgonzos.
Esgonzo común, <i>Chalcides striatus</i> (Cuvier, 1829).
Familia ánguidos (Anguidae). Escánceres.
Escáncer común , <i>Anguis fragilis</i> Linnaeus, 1758.
Familia colúbridos (Colubridae). Cobras.
Cobra de escada, <i>Zamenis scalaris</i> (Schinz, 1822).
Cobra lisa europea, <i>Coronella austriaca</i> Laurenti, 1768.
Cobra lisa meridional, <i>Coronella girondica</i> (Daudin, 1803).
Cobra de collar ibérica, <i>Natrix astreptophora</i> (Seoane, 1885).
Cobra viperina, <i>Natrix maura</i> (Linnaeus, 1758).
Familia vipéridos (Viperidae). Víboras.
Víbora de Seoane, <i>Vipera seoanei</i> Lataste, 1879.

Ameazas e conservación da herpetofauna do parque

Os anfibios e os réptiles son animais estreitamente ligados ás características físicas dos hábitats que ocupan, xa que, entre outros condicionantes, teñen unha baixa capacidade de desprazamento e precisan da cobertura vexetal e do solo non só como lugar de refuxio, senón tamén para regular a humidade e a temperatura corporal. Por iso son moi sensibles ás modificacións que o ser humano orixina nos medios naturais. A alteración destes (por fragmentación dos hábitats, destrución, contaminación, etc.), os cambios nos usos do solo polo abandono da agricultura e a gandería tradicionais, a silvicultura intensiva e a urbanización indiscriminada, así como a introdución de especies alóctonas invasoras, tanto animais como vexetais, están a provocar serios declives poboacionais e a extinción de moitas poboacións de anfibios e réptiles en todo o mundo. Os anfibios, polas súas peculiares características biolóxicas, como ter a pel núa e permeable a todo tipo de axentes químicos, desenvolver ciclos vitais que combinan fases terrestres e acuáticas, etc., son especialmente vulnerables ás alteracións ambientais e por iso poden ser considerados bos bioindicadores da calidade de medio. En moitos casos, os declives poboacionais e as extincións poden relacionarse directamente

cos impactos provocados polas actividades humanas sobre o medio natural; non obstante, noutros casos observáronse extincións sen que aparentemente o medio natural sufrise alteracións ou existise unha causa directa evidente. Este fenómeno, que afecta a todo o planeta, contribuíu en gran medida ao denominado “declive global dos anfibios” e tratóuselle de buscar explicación nos cambios ambientais globais (cambio climático, incremento da radiación ultravioleta, contaminación química xeneralizada, chuva ácida, etc.). Hoxe en día púidose comprobar que, ademais destes factores e en íntima relación con eles, outra das principais causas é o efecto de axentes patóxenos, bacterianos, víricos e fúnxicos, das denominadas “enfermidades emerxentes dos anfibios”. Un dos principais axentes responsables do seu declive global é o fungo quitridio *Batrachochytrium dendrobatidis* (Bd), que causa a quitridiomíose, que xa afectou a moitas poboacións de anfibios na Península Ibérica e no resto do mundo, orixinando mesmo a extinción de numerosas especies. Outro patóxeno fúnxico recentemente descuberto é o *B. salamandrivorans* (Bs), que afecta sobre todo aos anfibios urodelos (píntegas e tritóns). Tamén os *Ranavirus* afectan gravemente ás poboacións de anfibios, incluídas as ibéricas. Para evitar a transmisión destas enfermidades, non se deben manipular e moito menos movelos dun sitio a outro. Tamén será preciso desinfectar cunha solución de lixivia ou *Virkon* (desinfec-

tante de amplo espectro) o material que entre en contacto co medio, especialmente coa auga das charcas onde se reproducen.

Todas estas son ameazas potenciais que gravitan sobre as poboacións de anfibios do parque natural.

Aínda que no caso dos réptiles non se detectaron axentes patóxenos tan xeneralizados (a pesar de que tamén se ven afectados por enfermidades causadas por fungos, virus e bacterias), están a sufrir igualmente graves reducións poboacionais, sobre todo pola alteración dos hábitats.

Para cuantificar estes declives que está a sufrir a biodiversidade no seu conxunto, a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) estableceu unhas categorías de ameaza segundo o risco de extinción de cada especie ou poboación, baseadas en evidencias científicas, que informan do seu risco de desaparición. Deixando á parte as categorías dedicadas ás especies extintas (como globalmente extinta ou extinta en estado silvestre), as categorías de ameaza son: "en perigo crítico de extinción" (CR), "en perigo de extinción" (EN) e "vulnerable" (VU), segundo o seu risco de extinción nun futuro inmediato. Outras categorías da UICN son "case ameazada" (NT) e "preocupación menor" (LC), esta última para as que non se consideran ameazadas no presente. Nos apartados dedicados a cada especie do parque natural, indícase o seu grao de ameaza segundo estas categorías da UICN.

Recoñecendo a súa vulnerabilidade, o seu importante papel

nos ecosistemas e o feito de representaren unha parte moi destacada do noso patrimonio natural, as especies de anfibios e réptiles do parque natural (e do resto de Galicia, así como de España) están protexidas pola lei. As diferentes normativas (internacionais, comunitarias, estatais e autonómicas) que os amparan están recollidas en diversas leis e decretos, principalmente na Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade, e na Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia; o Real decreto 139/2011, para o desenvolvemento da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial (LESRPE) e o Catálogo español de especies ameazadas; e o Decreto 88/2007, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas; así como pola Directiva de Hábitats comunitaria 92/43/CEE, e os convenios internacionais de Berna, Bonn e Washington. Polo tanto, está prohibido matar ou capturar calquera destas especies. Non obstante, en forte contraste coa situación real das poboacións de anfibios e réptiles (moitas delas gravemente diminuídas e ameazadas), de estaren protexidas pola lei, de seren maioritariamente inofensivos e do seu carácter beneficioso para a agricultura e os ecosistemas en xeral, nalgúns casos seguen sufrindo persecución directa por parte do ser humano por crenzas tradicionais sobre a súa presunta perigosidade. Ademais, os seus hábitats son alterados ou destruídos por diversas actividades.

Fronte a isto, a medida de protección máis eficaz para

todos eles é a conservación dos seus hábitats, tanto terrestres como acuáticos, evitando a súa alteración e a introdución de especies alóctonas invasoras. O carácter de espazo natural protexido que ten este parque natural é unha salvagarda para a conservación dos seus hábitats e da súa herpetofauna (aínda que persistan algunhas ameazas, como os incendios provocados ou a proliferación dos xabaris). Tendo en conta isto, a maior ameaza potencial nesta zona protexida sería, ademais da aparición das enfermidades emerxentes dos anfibios mencionadas, a introdución de especies alóctonas invasoras de peixes, como a *Gambusia holbrooki*, a carpa vermella (*Carassius auratus*) ou a perca americana (*Micropterus salmoides*), entre outros, ou crustáceos como o cangrexo de río americano (*Procambarus clarkii*), que, entre outros efectos negativos, chegan a exterminar as poboacións de anfibios consumindo

os seus ovos e larvas nas charcas de cría. Tamén outras especies invasoras de grupos diversos, como mamíferos (por exemplo, o visón americano, *Neogale vison*), réptiles (como o sapoconcho de Florida, *Trachemys scripta*) ou plantas, das que existe unha longa lista de taxons moi negativos (como o xacinto de auga, *Eichhornia crassipes*, ou o fento acuático *Azolla filiculoides*, por citar só dúas especies de plantas acuáticas invasoras), causan un grave impacto sobre toda a biodiversidade nativa.


A conservación de espazos naturais de singular valor, como este parque, é unha medida necesaria para a súa salvagarda, pero para que sexan medidas tamén suficientes terá que combinarse co desenvolvemento de políticas que favorezan na súa periferia e no resto do territorio as prácticas agrícolas, gandeiras e urbanísticas respectuosas co medio natural e o desenvolvemento sostible.

Os anfíbios

Os anfibios

Os anfibios son o grupo máis antigo de vertebrados terrestres; orixináronse hai máis de 350 millóns de anos, a finais do Devónico, no Paleozoico. Non obstante, a pesar da súa antigüidade, mostran actualmente unha enorme puxanza evolutiva, estando moi diversificados. Os anfibios actuais inclúen tres grupos: as píntegas e tritóns (orde Caudata ou Urodela), as ras e sapos (orde Anura) e as cecílias (orde Gymnophiona), este último sen representantes na fauna europea. No seu conxunto, forman un grupo moi diverso, especialmente nas zonas tropicais do planeta, con case 9 000 especies actuais (un total de 8 990 descritas ata 2025), principalmente de anuros (máis de 7 900 especies).

A adaptación dos anfibios á vida terrestre vese moi condicionada pola súa dependencia da auga para a reprodución e por teren a pel núa, que, aínda que está protexida por glándulas que lles achegan humidade e secrecións defensivas, non impiden de xeito eficaz a deshidratación. A necesidade de manter húmida a pel é a causa da súa actividade restrinxida na maior parte das especies aos períodos máis húmidos, tanto do ano (do outono á primavera), como do día (son maioritariamente nocturnos), así como a vivir en ambientes máis ou menos saturados de humidade. Non dispoñen de mecanismos internos para regular a súa temperatura corporal, polo que permanecen inactivos durante os períodos máis fríos do ano.



Diferentes partes do corpo dalgunhas especies de anfibios útiles para a súa identificación. Arriba, á esquerda: rela (*Hyla molleri*). Arriba, á dereita: sapo común ibérico (*Bufo spinosus*). Abaixo, á esquerda: sapinho pintado (*Discoglossus galganoi*). Abaixo, á dereita: extremidades posteriores do sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*).

Por iso, para a súa observación, os mellores momentos son as épocas máis húmidas e temperadas do ano: a primavera e o outono. E, tendo en conta que a súa actividade é maioritariamente nocturna, para velos activos será preciso facer percorridos nocturnos provistos dunha lanterna. As noites máis húmidas e mornas darán os mellores resultados.

A reprodución realízase na auga na maioría das especies, tendo unha fecundación externa. Os medios acuáticos aos que acoden para reproducirse varían segundo as especies, polo que o tipo de hábitat acuático será tamén un dato que cómpre ter en conta para a súa identificación. Así, por exemplo, o tritón verde, a rela ou a ra verde común adoitan reproducirse en charcas con abundante vexetación acuática e xeralmente de gran tamaño, mentres que o sapinho pintado ou o sapo corriqueiro o fan en charcas superficiais, de reducido tamaño e formadas polas chuvias en herbais ou desmontes. Pola súa parte, a saramaganta rabilonga e a ra patilonga seleccionan os arroios e outras correntes de

auga, mentres que o sapo común ibérico escolle zonas remansadas de ríos ou estanques de regadío. Nestas últimas tamén se reproduce con frecuencia o tritón ibérico, así como ocasionalmente outras especies.

A fecundación é externa; os machos non teñen órgano copulador e liberan os seus gametos ao medio, no caso dos anuros, ou nun pequeno paquete xelatinoso denominado *espermatóforo* (que contén os espermatozoides), no caso dos urodelos, que posteriormente a femia introdúcese. Durante o apareamento (denominado *amplexo*, é dicir "abrazo"), o macho, xeralmente de menor tamaño que a femia (agás no sapinho pintado), suxeita as súas extremidades anteriores, que adoitan ser máis grosas que as dela. Este amplexo ten lugar na auga; só en moi poucos casos (píntega común, saramaganta rabilonga e sapo parteiro) se produce en terra. No caso dos tritóns, non existe amplexo, senón que o macho, no medio acuático, realiza un elaborado cortexo ante a femia, exhibindo os ornamentos da súa librea de celo (cristas, palmaduras ou filamentos, segundo a especie) e emitindo feromonas. Se a femia acepta o cortexo, o macho deposita un espermatóforo que ela introduce na súa cloaca.



Cortexo realizado na auga por tritóns ibéricos (*Lissotriton boscai*). O macho, na parte superior, dobra a cola sobre si mesma e fai tremer o extremo diante da femia, como parte do cortexo.



Amplexo ("abrazo" reprodutor) de ra patilonga (*Rana iberica*).

Os ovos dos anfíbios carecen de membranas extraembrionarias protectoras e teñen pouco vitelo (reservas nutritivas), polo que son de pequeno tamaño e se desenvolven normalmente na auga. Poden ser moi numerosos, ata máis de 5.000 ou mesmo 10.000 nas especies grandes de ras e sapos. Están protexidos por unha cuberta xelatinosa transparente, que pode ser diferente segundo as especies. Nalgunhas, esta cuberta xelatinosa envolve individualmente os ovos (saramaganta rabilonga, tritóns, sapiño pintado); noutras, forma masas máis ou menos esféricas (ra verde común, ra patilonga, rela) ou longos cordóns nos que se dispoñen os ovos (sapos de esporóns, común e corriqueiro). Destes ovos nacen unhas larvas acuáticas, moi diferentes dos adultos, con branquias externas

no caso dos urodelos e internas nos anuros. O aspecto das larvas é moi diferente en cada un destes dous grupos. Nos urodelos son delgadas e alongadas, con catro patas ben conformadas desde fases iniciais do seu desenvolvemento e uns salientes plumosos detrás da cabeza, que son as branquias externas. Son ademais carnívoras, alimentándose de pequenos invertebrados acuáticos. No entanto, as larvas dos anuros teñen unha gran "cabeza" da que sae unha longa cola (o aspecto dos coñecidos cágados); só desenvolven patas ao final da súa fase larvaria, comezando polas posteriores, e as súas branquias son internas. A alimentación consiste en restos vexetais e detritos, que "roen" cuns pequenos denticulos que rodean a boca.

Ao final da fase de desenvolvemento larvario, prodúcese a

metamorfose, transformándose a larva acuática nun individuo adaptado á vida terrestre, que xa é como unha diminuta copia do adulto. Durante a metamorfose, perden as branquias e pasan a respirar por pulmóns, reabsórbesse a cola, no caso dos anuros, e tanto o seu sistema dixestivo como o sensorial, a pel e diversos órganos cambian radicalmente para permitirlles levar unha vida terrestre. A causa das grandes diferenzas existentes entre as larvas e os adultos en cada especie, inclúese unha clave para identificar as primeiras, complementada por outra para recoñecer as postas e ovos dos anfibios do parque natural.

Postas e ovos de anfibios

Todos os anfibios do parque natural realizan a reprodución e a posta de ovos na auga, en

charcas de tipo moi diverso, con dúas excepcións: a píntega común (*Salamandra salamandra*), na que os ovos se desenvolven no interior da femia e esta pare larvas xa ben desenvolvidas na auga (dise que é "larvípara" ou "ovovivípara") e o sapo parteiro (*Alytes obstetricans*). Este último deposita os ovos en terra, pasándollos a femia ao macho durante o amplexo (apareamento) terrestre, e este transpórtaos nas súas patas traseiras, como un nobelo enrolado nelas, ata que nacen as larvas, que son depositadas na auga. En todas as demais especies, a posta de ovos realízase na auga. Os ovos dos anfibios son pequenas esferas protexidas por unha cuberta transparente xelatinosa. A forma desa cuberta xelatinosa pode ser moi diversa e é importante para identificar a posta, así como o tipo de hábitat acuático onde foi depositada.



Sapo de esporóns ao remate da metamorfose, saíndo da auga e respirando aire por primeira vez.



Posta de ovos de sapinho pintado, estendido sobre o fondo das charcas, en grupos de varios centos, illados uns doutros e rodeado cada un dunha pequena cápsula xelatinosa.



Posta de ovos de sapo de esporóns, en cordóns xelatinosos moi grosos. Son de cor parda e están dispostos de xeito desordenado.



Posta de ovos de sapo común ibérico, en cordóns longos e dispostos en 2-4 filas



Posta de ovos de sapo corriqueiro, dispostos en 1-2 filas en cordóns moi longos e finos.



Posta de ovos de rela, amarelentos e en masas xelatinosas pequenas, de menos de 3,5 cm de diámetro.



Posta de ovos de ra verde común, de cor parda e branca, en masas xelatinosas grandes e irregulares.



Posta de ovos de ra patilonga, de cor negra e en masas xelatinosas pequenas, de menos de 6 cm de diámetro, atopados en correntes de auga ou na súa contorna.

Clave de identificación de postas e ovos de anfibios

1A.	Ovos depositados na auga.	2
1B.	Ovos depositados en terra, transportados entre as patas traseiras do macho formando un nobelo, unidos uns a outros por un filamento, como as contas dun collar. Tamaño grande (3,5-4 mm de diámetro) e cor amarela cando están postos recentemente.	Sapo parteiro (<i>Alytes obstetricans</i>).
2A.	Ovos illados uns doutros.	3
2B.	Ovos xuntos en masas ou cordóns xelatinosos.	6
3A.	Ovos non pegados a ningunha superficie nin adheridos uns a outros, estendidos no fondo de charcas. Cor negra e cada un rodeado dunha pequena cápsula xelatinosa. Numerosos, en grupos de máis de 100. Depositados en charcas xeralmente superficiais e estacionais.	Sapiño pintado (<i>Discoglossus galganoi</i>).
3B.	Ovos pegados a superficies, xeralmente follas de plantas acuáticas ou pedras. Cor clara. Illados ou en grupos pequenos, de menos de 20.	4
4A.	Pegados a pedras ou rochas, de cor branca, illados ou en pequenos grupos de ata 15-20 (ás veces en maior número se son postas de varias femias), aínda que cada un rodeado da súa propia cápsula. Grandes (4-5 mm de diámetro), coa cápsula xelatinosa esférica. En arroyos de augas rápidas, baixo pedras, en gretas moi húmidas ou en covas.	Saramaganta rabilonga (<i>Chioglossa lusitanica</i>).

4B.	Pegados a follas de plantas acuáticas (a miúdo envoltos nelas) e illados uns doutros. Cor parda ou verdosa e cápsula alongada. En charcas de diversos tipos.	5
5A.	Cor parda clara; pequenos (2 mm de diámetro; cápsula 3-4 mm). NOTA: os ovos destas dúas especies non se poden diferenciar polo seu aspecto.	Tritón ibérico (<i>Lissotriton boscai</i>) e tritón palmado (<i>Lissotriton helveticus</i>).
5B.	Cor verdosa; algo máis grandes (3 mm de diámetro; cápsula 4-5 mm).	Tritón verde (<i>Triturus marmoratus</i>).
6A.	Ovos en cordóns xelatinosos, delgados ou grosos.	7
6B.	Ovos en masas xelatinosas, esféricas ou amorfas.	9
7A.	Ovos en cordóns xelatinosos grosos, de máis de 10 mm de ancho, dispostos en grupos de máis de 4 filas ou desordenados, de cor parda e branca. Charcas de diversos tipos, permanentes ou estacionais; lagoas.	Sapo de esporóns (<i>Pelobates cultripes</i>).
7B.	Ovos en cordóns xelatinosos moi longos e delgados, de menos de 5 mm de ancho, dispostos en 1 a 4 filas, de cor negra ou negra e branca.	8
8A.	Cordóns con 1-2 filas de ovos (xeralmente 1 ao estiralos), de 1,0-1,5 mm de diámetro, depositados en encharcamentos estacionais de moi pouca profundidade.	Sapo corriqueiro (<i>Epidalea calamita</i>).
8B.	Cordóns con 2-4 filas de ovos (xeralmente 2 ao estiralos), de 1,5-2,0 mm de diámetro, depositados en augas máis profundas, normalmente permanentes.	Sapo común ibérico (<i>Bufo spinosus</i>).

9A.	Ovos en masas xelatinosas pequenas, de menos de 35 mm de diámetro, e que conteñen xeralmente menos de 100 ovos, de cor amarela clara ou abrancazada. En charcas xeralmente con vexetación acuática abundante nas beiras e en lagoas.	Rela (<i>Hyla molleri</i>).
9B.	Ovos en masas xelatinosas máis grandes, de máis de 40 mm de diámetro e que xeralmente conteñen máis de 100 ovos (se non están rotas).	10
10A.	Masas xelatinosas pequenas, de menos de 60 mm de diámetro, que conteñen xeralmente menos de 500 ovos, de cor negra e branca, depositadas en correntes de auga ou preto delas, remansos de ríos e arroios.	Ra patilonga (<i>Rana iberica</i>).
10B.	Masas xelatinosas grandes (aínda que poden estar fragmentadas) e amorfas, con máis de 600 ovos, de cor parda e amarelenta, depositadas en charcas diversas, de augas quietas, xeralmente con vexetación acuática somerxida.	Ra verde común (<i>Pelophylax perezi</i>).


Larvas de anfibios

Todos os anfibios do parque natural pasan por unha fase de desenvolvemento larvario acuático en charcas, correntes de auga ou outros tipos de medios acuáticos, onde permanecen un tempo máis ou menos prolongado, ata a metamorfose. Por iso, en moitos casos é máis doado atopar larvas que adultos. Para identificar as larvas, abundará con recollelas cunha rede de man, pasalas a un frasco de cristal transparente con auga e examínalas cunha lupa (de 8x ou 10x aumentos), devolvéndoas despois á charca onde foran collidas. É moi importante ter en conta tamén, para a correcta identificación, o medio acuático onde se atopan. O tamaño da larva é ás veces un carácter útil para a identificación (por isto é conveniente dispoñer tamén dunha


regra milimetrada ou dun calibre); non obstante, cómpre ter en conta que as dimensións que se dan na clave corresponden a larvas xa ben desenvolvidas.

É importante sinalar que, para recoller e manipular todas estas especies (incluídas as súas larvas e postas), é preciso contar con permisos administrativos que o autoricen. E ademais, no caso de ter estes permisos, tamén é necesario utilizar luvas desbotables para manipulalos e desinfectar escurpulosamente todo o material que vaia tocar a auga, como redes e frascos, incluíndo as botas de goma, para non transmitir as enfermidades emerxentes dos anfibios. Os propágulos destas enfermidades (esporas, virus, etc.) poden contaminar estes materiais e pasar a través deles a outras charcas ou zonas (véxase Martínez-Silvestre *et al.*, 2023 na bibliografía).


Larva de urodelo



Larva de anuro




Larvas de anfibios comparadas, dun urodelo (arriba), trítón verde (*Triturus marmoratus*) e dun anuro (abaixo), sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*). Sinálanse algunhas partes características da súa anatomía.



Larvas de urodelos

1. Píntega común, 2. Saramaganta rabilonga. 3. Tritón verde. 4. Tritón ibérico.



Larvas de anuros

1. Sapo de esporóns, 2. Sapiño pintado. 3. Sapo parteiro. 4. Rela. 5. Sapo corriqueiro. 6. Ra verde común. 7. Sapo común ibérico. 8. Ra patilonga.



Larva de saramaganta rabilonga.



Larva de píntega común.



Larva de tritón ibérico.



Larva de tritón verde.



Larva de sapinho pintado.



Larva de sapo de esporóns.



Larva de rela.



Larva de ra verde común.



Larva de ra patilonga.

Clave de identificación de larvas de anfibios

1A.	Con branquias externas na parte posterior da cabeza, corpo delgado e longo, con 4 patas durante gran parte do seu desenvolvemento larvario. Larvas de urodelos.	2
1B.	Con branquias internas non visibles, agás nos individuos que acaban de saír do ovo; corpo groso e cola longa (típico cágado). Sen patas ata o final do seu desenvolvemento larvario, saíndo primeiro as traseiras. Larvas de anuros.	6
2A.	Branquias moi pequenas e patas curtas. Corpo moi delgado e longo. A crista caudal non continúa polo tronco. Vive en arrosios e regatos de forte corrente, xeralmente con rochas e pedras.	Saramaganta rabilonga (<i>Chioglossa lusitanica</i>).
2B.	Branquias máis longas e ben visibles, e corpo máis curto. A crista caudal chega polo menos ata a metade do dorso.	3
3A.	Cabeza moi ancha e grande, case o dobre da anchura do corpo; punta da cola redondeada. Cor escura cunha mancha clara na base de cada pata. Vive en charcas de diversos tipos, así como en fontes, mananciais, arrosios e escorrentías.	Píntega común (<i>Salamandra salamandra</i>).
3B.	Cabeza máis estreita, cor máis clara e punta da cola máis ou menos afiada.	4
4A.	Crista dorsocaudal moi alta e cola rematada nun filamento longo e delgado. Coloración verdosa con manchas negras. Dedos e patas longas e finos. Poden alcanzar gran tamaño, ata 50-70 mm de lonxitude total. Lagoas e charcas, normalmente con abundante vexetación acuática.	Tritón verde (<i>Triturus marmoratus</i>).

4B.	Crista dorsocaudal baixa e punta da cola afiada, pero sen rematar nun filamento longo. Cor parda ou tirando ao ocre, xamais verde, sen manchas escuras, só puntos finos. Patas e dedos máis curtos. Tamaño moito menor, ata 35 mm de lonxitude total. Todo tipo de charcas, así como arroios e pequenos ríos.	5
5A.	Cor parda, xeralmente algo máis escura que a seguinte especie e sen puntos dourados no corpo. Nas fases finais de desenvolvemento larvario ten o dorso pardo escuro con puntos difusos denegridos. Moi abundante no parque natural en todo tipo de charcas.	Tritón ibérico (<i>Lissotriton boscai</i>).
5B.	Cor parda clara ou amarelenta, xeralmente con puntos claros dourados aos lados do corpo e da cola. Nas fases finais de desenvolvemento larvario mostra dúas liñas lonxitudinais irregulares pardas ao longo do dorso. Escaso no parque natural, só nalgunhas charcas con vexetación acuática. NOTA: as larvas destas dúas especies de tritóns de pequeno tamaño (xénero <i>Lissotriton</i>) poden ser moi difíciles de diferenciar, especialmente durante as primeiras fases de desenvolvemento larvario.	Tritón palmeado (<i>Lissotriton helveticus</i>).
6A.	Espiráculo (pequeno tubo na pel por onde sae a auga desde as branquias internas) situado na zona ventral, pouco visible.	7
6B.	Espiráculo no costado esquerdo do corpo, máis visible.	8
7A.	Pequenos, de ata 35 mm. Cor gris-parda moi escura, case denegrida. Cun fino debuxo de liñas reticuladas na crista caudal (só visible con lupa). En charcas estacionais, xeralmente de moi pouca profundidade.	Sapiño pintado (<i>Discoglossus galganoi</i>).

7B.	Grandes, de máis de 40 mm. Cor parda máis clara, con algunhas manchas escuras. Unha banda lonxitudinal ao longo da liña media ventral, ben visible. Sen debuxo reticulado na crista caudal. En charcas de todo tipo, pero xeralmente máis profundas que o anterior.	Sapo parteiro (<i>Alytes obstetricans</i>).
8A.	Crista dorsocaudal moi alta e co extremo afiado. Observados dorsalmente, os ollos aparecen moi separados.	9
8B.	Crista dorsocaudal máis baixa e co extremo relativamente redondeado. Observados dorsalmente, os ollos aparecen máis xuntos.	10
9A.	Moi grande, pois chega a ter máis de 60-70 mm de lonxitude total. Cola moi robusta e a cloaca situada na liña media da membrana caudal. Cor parda ou olivácea, pouco contrastada. En charcas, tanto permanentes como estacionais, e lagoas.	Sapo de esporóns (<i>Pelobates cultripes</i>).
9B.	Mediana, de menos de 40 mm de lonxitude. Cloaca no lado dereito da membrana caudal. Crista dorsocaudal moi alta e a cola rematada nunha punta aguda. Cor contrastada, con manchas escuras sobre fondo oliváceo. En charcas en xeral con vexetación acuática nas beiras, marismas de auga doce e lagoas.	Rela (<i>Hyla molleri</i>).
10A.	Larvas pequenas, menores de 30 mm de lonxitude total e de cor negra. Crista caudal baixa.	11
10B.	Larvas medianas, de máis de 30 mm de lonxitude total e de cor olivácea ou parda. No caso de seren escuras, o ventre adoita ser branco. Crista caudal máis alta.	12

11A.	Segunda fila de dentículos bucais superiores cunha estreita interrupción no centro (só visible con lupa). En ríos, lagoas e charcas de certa profundidade, xeralmente permanentes. Moi abundante no parque natural.	Sapo común ibérico (<i>Bufo spinosus</i>).
11B.	Segunda fila de dentículos bucais superiores cunha ancha interrupción no centro (só visible con lupa). En charcas estacionais moi pouco profundas. Escaso no parque natural.	Sapo corriqueiro (<i>Epidalea calamita</i>).
12A.	Punta da cola relativamente aguda. Cor dorsal verdosa ou olivácea e ventre branco anacarado. Lonxitude total maior de 45 mm cando está desenvolvida. En lagoas e charcas, en xeral grandes e con vexetación acuática nas beiras; tamén en ríos de corrente lenta.	Ra verde común (<i>Pelophylax perezi</i>).
12B.	Punta da cola máis roma. Cor dorsal parda máis ou menos escura, nunca verdosa, con numerosos puntos claros por todo o corpo e a zona ventral escura, pouco pigmentada de branco, polo que adoita transparentarse o paquete intestinal. Lonxitude total menor de 40 mm. Vive en correntes de auga, como ríos, regatos e arroios.	Ra patilonga (<i>Rana iberica</i>).

Píntegas e tritóns (orde Caudata ou Urodela)

Píntega común (*Salamandra salamandra*)



Píntega común (*Salamandra salamandra*), macho adulto.

Outros nomes galegos:

Salamántiga (ría de Arousa), sarabanduxa (O Barbanza), sacabeira, pesoia, pinchorra, roncha, pezoña, pinta, salmántiga, salamanca, saramaganta, zaramela (e outros máis).

Nome castelán:


Salamandra común.

Inglés:

Fire Salamander.

Identificación:

inconfundible pola súa cor negra con manchas amarelas. É un urodelo grande e robusto, medindo os adultos entre 120 e 190 mm de lonxitude total e entre 60 e 110 mm de lonxitude da cabeza e o corpo. Glándulas parótides grandes e ben marcadas detrás dos ollos. Cola relativamente curta e de sección cilíndrica. Pel lisa con poros ben visibles. Coloración moi vistosa, negra brillante con manchas amarelas. Este patrón de manchas amarelas é diferente en cada individuo e pode ser moi extenso ou reducido. As femias alcanzan tamaños máis grandes e teñen o corpo máis groso e longo que os machos, mentres que estes posúen a zona da cloaca máis avultada que as femias, sobre todo durante o celo. Na zona do parque natural (como no resto da Galicia central e meridional) está presente a subespecie *S. s. gallaica*, grande e robusta, co fociño afiado e as manchas amarelas dispostas irregularmente. Con frecuencia tamén ten manchas avermelladas na cabeza e na garganta.





Píntega común, femia adulta.

Distribución, abundancia e hábitat: especie distribuída por gran parte de Europa, que ocupa toda Galicia, onde habitan dúas subespecies. Escasa no parque natural, onde non se atopa nos principais hábitats (areais, dunas, zonas salobres, etc.), restrinxíndose principalmente ás áreas periféricas con matogueiras ou bos-

ques, así como nalgunhas zonas de cultivo. Vive principalmente en áreas forestais (bosques atlánticos) con abundante follaxe no solo, pero tamén en bosques mixtos, piñeirais, zonas de matogueira e herbais. Máis abundante preto de correntes de auga. Refúxiase baixo pedras, gretas ou galerías de micromamíferos.



Larva de píntega común ao remate do seu desenvolvemento larvario. Obsérvanse a súa cabeza ancha e as manchas claras na base de cada pata.

Bioloxía: o seu período de actividade anual concéntrase nas estacións húmidas do ano. Comeza a partir das primeiras chuvias do outono, desde outubro, e prolóngase ata abril ou maio. Diminúe moito a súa actividade nos períodos máis fríos do inverno, permanecendo inactiva as noites máis frías (por debaixo de 5 °C), así como durante o verán, a causa da sequidade do chan. A actividade diaria é completamente nocturna. O período reprodutor comeza no outono, con apareamentos (amplexos) en terra. As femias reteñen os ovos no seu interior, onde se desenvolven, eclosionan e se produce o primeiro crecemento das larvas, acudindo despois á auga para parir estas larvas, xa nun estado avanzado de desenvolvemento. Este fenómeno coñécese como ovoviviparismo ou larviparismo. Os partos prodúcense xeralmente entre novembro e marzo, cando as femias depositan entre 30 e 40 larvas (ás veces ata 70) en mananciais, arroios, encharcamentos invernales en prados e camiños, escorrentías de cunetas, etc. As larvas son de cor escura, coa cabeza moi ancha, que pode duplicar a anchura do corpo, e teñen unha mancha clara na base de cada pata. Alcanzan os 50 mm de lonxitude total e viven na auga 2-4 meses ata que saen a terra tras a metamorfose. Tardan en acadar a madureza sexual entre 3 e 4 anos e poden vivir ata 18-19 anos. Aliméntanse de invertebrados do solo, sobre todo miñocas, isópodos e larvas de insectos.

Conservación: considérase globalmente ameazada, estando catalogada como "vulnerable" (VU) pola UICN (2023). As poboacións da subespecie *S. s. gallaica* (que inclúen as do parque natural) son consideradas "case ameazadas" (NT) no conxunto de España no *Libro vermello español* (Pleguezuelos *et al.*, 2002). En Galicia, as poboacións continentais non se consideran ameazadas no *Catálogo galego de especies ameazadas*, aínda que si as insulares (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). Sofre unha elevada mortalidade por atropelos en estradas, e no centro de Europa descubriuse unha enfermidade emerxente provocada polo fungo patóxeno *Batrachochytrium salamandrivorans* (Bs), que orixina unha elevada mortalidade en píntegas e tritróns e que podería alcanzar as poboacións ibéricas.

Saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*)



Outro nome galego:

Salamántiga rabilonga.

Nome castelán:

Salamandra rabilarga.

Inglés:

Golden-striped Salamander.

Identificación: corpo e cola moi longos e delgados, con patas pequenas. Mide ata 150 mm de lonxitude total, dos que as dúas terceiras partes corresponden á cola (aínda que pode estar rota, xa que ten a capacidade de autotomizala, é dicir, desprendela por vontade cando é asida por un depredador). Cabeza pequena e deprimida, cos ollos grandes e moi saltóns. Cor parda escura, con dúas liñas douradas ou alaranxadas lonxitudinais no dorso que se xuntan nunha soa sobre a cola. Sexos semellantes, pero os machos teñen a cloaca avultada e as femias case lisa; estas teñen o corpo máis grosso e alcanzan lonxitudes lixeiramente maiores que os machos. En Galicia está presente a subespecie *C. l. longipes*, cos dedos e as patas lixeiramente máis longos que a subespecie nominal, que só se atopa ao sur do río Mondego, en Portugal.



Distribución, abundancia e

hábitat: unha das xoias faunísticas de Galicia. Endemismo do noroeste ibérico de distribución mundial moi reducida, restrinxido á zona noroccidental da península. Único representante actual do seu xénero, supervivente da fauna que habitou nos bosques termófilos europeos durante o Terciario.

No parque natural é moi escasa e apenas penetra dentro dos seus límites, xa que non existen no seu interior hábitats axeitados. Ata agora só observada en pequenos arroios da zona periférica nororiental, como o rego da Soidade, afluente do río Artes, en cavorcos con árbores de ribeira (ameneiros, *Alnus glutinosa*; salgueiros, *Salix atrocinerea*), rochas e matogueira densa, o que constitúe o seu hábitat típico. No mapa, o punto en cor azul representa a observación de larvas desta especie nun pequeno regato que penetra no parque natural, non repetida nos últimos anos. O círculo vermello indica a súa presenza no rego da Soidade, fóra dos límites do parque, pero na súa veciñanza.

Bioloxía: pode estar activa todo o ano, aínda que reduce a súa actividade en períodos moi secos e cálidos do verán ou moi

fríos do inverno. A actividade diaria é exclusivamente nocturna. O período reprodutor é variable; na zona do parque natural observamos amplexos (apareamentos) e posta de ovos entre setembro e decembro. Estes amplexos son terrestres e, durante eles, o macho introdúcese baixo a femia e suxeitaa coas extremidades anteriores, elevándoas. Despois deposita o espermatóforo (paquete cos espermatozoides), que ela introduce pola súa cloaca. Cada femia pon de 9 a 34 ovos (xeralmente de 12 a 20) de cor branca, de 4 mm de diámetro, que pega a rochas moi húmidas, moitas veces en zonas subterráneas. A larva é delgada e moi alongada, de cor parda e con branquias moi reducidas. Chega a alcanzar 40-45 mm de lonxitude total. Vive en arroios de augas rápidas, ben oxixenadas e non contaminadas. Os exemplares, ao termo da metamorfose, miden uns 40 mm de lonxitude total cando saen a terra e a súa cola é proporcionalmente máis curta. Tardan en alcanzar a madurez sexual 4 ou 5 anos tras a metamorfose, con 43-44 mm de lonxitude da cabeza e corpo ambos os dous sexos. A lonxevidade é duns 8 anos. Aliméntase de pequenos invertebrados do solo que captura coa lingua.



Amplexo da saramaganta rabilonga. O macho é o que se atopa debaixo, suxeitando coas súas extremidades anteriores elevadas as da femia, na parte superior, mentres deposita o espermatóforo.

Conservación: catalogada globalmente como “case ameazada” (NT) pola UICN (2024) e como “vulnerable” (VU) en España no *Libro vermello español* (Pleguezuelos *et al.*, 2002). Considerada tamén “vulnerable” (VU) e protexida en Galicia polo Decreto 88/2007 (*Catálogo galego de especies ameazadas*; Xunta de Galicia, 2007) e no conxunto de España pola Lei 42/2007 (anexos II e V) e polo RD 139/2011

(incluída na *Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial* –a partir deste momento LESRPE– e catalogada como “vulnerable” no *Catálogo español de especies ameazadas*). Protexida internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexos II e IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). Ameazada pola contaminación dos cursos de auga onde habita e pola alteración da vexetación ribeirá.



Ovos de saramaganta rabilonga.

Tritón ibérico (*Lissotriton boscai*)



Tritón ibérico (*Lissotriton boscai*). Macho adulto en fase reproductora acuática.

Outros nomes galegos:

Pintafontes común, limpafontes común, lagarto de auga, pinta de auga, sabanduxa.

Nome castelán:


Tritón ibérico.

Inglés:

Bosca's Newt.

Identificación:

tritón pequeno, sendo os machos menores que as femias, que poden medir ata 90 mm de lonxitude total. Os exemplares das zonas interiores do parque natural, especialmente os que se reproducen en charcas estacionais sobre solos areentos, son dun ecotipo de pequeno tamaño, con machos adultos dunha lonxitude total de 58-65 mm e femias de 64-75 mm. O ventre ten unha coloración alaranxada ou avermellada durante todo o ano, tanto na terra como na auga, con manchas negras redondas aos lados. Na fase terrestre moitos individuos teñen o dorso moi escuro, practicamente negro, coa pel seca e grosa, pero durante o período de celo, de vida acuática, a cor dorsal adoita ser parda clara ou olivácea e a pel vólvese máis fina e húmida.



Nesta fase reprodutora acuática, os machos teñen unha librea de celo pouco vistosa; carecen de crista dorsal, mentres que a caudal está pouco desenvolvida.

Extremo da cola cun filamento aplanado de cor branca. Os machos teñen a zona da cloaca moi avultada, o chamado mamelón cloacal.



Tritón ibérico en fase terrestre.



Tritón ibérico. Macho adulto mostrando a súa característica cor ventral alaranxada.

Distribución, abundancia e hábitat: endemismo occidental ibérico repartido por toda Galicia. É o tritón máis abundante neste espazo protexido e atópase distribuído por todo el, tanto nas zonas areentas como nas rochosas, as áreas de matogueira, bosques e campiñas periféricas. No parque natural atopámolo na fase reprodutora acuática en charcas de todo tipo, desde as estacionais nas zonas areentas ata as permanentes, así como en fontes, arroyos, regatos, lavadoiros e estanques de regadío. Atopouse en 71 dos 211 medios acuáticos sometidos a mostraxe no parque natural (33,6 %). En canto á colonización dos medios acuáticos orixinados polo ser humano, apareceu en 15 dos 26 pozos (estanques de regadío) da mostraxe. Na fase terrestre pode vivir tamén en medios moi diversos, desde bosques e matogueiras ata cultivos.

Bioloxía: como todos os tritróns, os adultos teñen dúas fases moi diferenciadas no seu ciclo anual: unha acuática e outra terrestre. No período máis seco do ano, xeralmente durante o verán e principios do outono, levan unha vida terrestre, pero desde mediados do outono ata a primavera ocupan as charcas para realizar a reprodución e levan unha vida acuática. O período acuático reprodutor é moi longo nesta especie e algúns individuos poden permanecer na auga todo o ano. Os primeiros adultos acoden ás charcas de cría xa en outubro, pero normalmente o período reprodutor non comeza ata mediados do inverno, e prolóngase ata abril ou maio, ás veces ata xuño. O cortexo do macho ante a femia, realizado na auga, consiste fundamentalmente en dobrar a cola sobre si mesma e axitar o extremo, co que lle envía feromonas desde a súa cloaca. Se a femia acepta o cortexo, o macho deposita un espermatóforo (pequeno paquete cos espermatozoides) que ela introduce na súa cloaca. Posteriormente, pon entre 100 e 250 ovos de un en un, que vai fixando ás plantas acuáticas. As larvas son pequenas; miden ata 30 mm de lonxitude total, de

cor parda clara e cunha crista dorsocaudal ben desenvolvida. O desenvolvemento larvario dura entre 70 e 115 días e, tras a metamorfose, saen a terra cunha lonxitude de 17 a 23 mm. Non regresan á auga ata alcanzar a madurez sexual, aos 2-3 anos os machos e os 2-4 anos as femias; poden vivir ata os 10 anos, aínda que nas poboacións estudadas predominan os individuos de 5-7 anos. Aliméntase de invertebrados de pequeno tamaño, tanto terrestres como acuáticos.

Conservación: non se considera ameazado ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se consideran ameazadas as poboacións continentais galegas (non incluídas no *Catálogo galego de especies ameazadas*, aínda que si as insulares; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en España polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE) e internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). As súas principais ameazas son a destrución ou contaminación das charcas onde se reproduce e a presenza de especies invasoras acuáticas.

Tritón palmado (*Lissotriton helveticus*)



Tritón palmado (*Lissotriton helveticus*). Macho adulto en fase reprodutora acuática.

Outros nomes galegos:

Pintafontes palmado, limpafontes palmado.

Nome castelán:


Tritón palmeado.

Inglés:

Palmate Newt.

Identificación: tritón pequeno, de tamaño semellante ou lixeiramente menor que o tritón ibérico, medindo os adultos de 50 a 75 mm de lonxitude total, pero doadamente diferenciábel deste por ter, en todas as libreas e fases vitais, unha cor amarela na zona ventral, máis concentrada nunha banda central lonxitudinal, con puntos negros pequenos aos lados. Os machos en celo teñen a cloaca moi avultada (mamelón cloacal), unha sección corporal cuadrangular, a causa das pregaduras dorsolaterais saíntes, unha crista dorsal baixa, as cristas caudais altas e ben desenvolvidas e a cola coa punta truncada, finalizada nun filamento caudal delgado e longo. Os machos en celo teñen tamén de xeito característico unhas palmaduras negras grandes entre os dedos das patas posteriores. As femias carecen destas ornamentacións e teñen un tamaño maior que os machos. Na fase terrestre, a coloración dorsal dos dous sexos é parda clara, amarelenta ou tirando ao ocre, con dúas liñas escuras lonxitudinais onduladas ao longo do dorso.





A coloración ventral permite diferenciar con facilidade ás dúas especies de tritóns pequenos (xénero *Lissotriton*) do parque natural. Esquerda: coloración amarela do tritón palmado; dereita: coloración alaranxada do tritón ibérico.



Tritón palmado en fase terrestre.

Distribución, abundancia

e hábitat: distribúese por gran parte de Europa Occidental, ocupando na Península Ibérica sobre todo a franxa norte. En Galicia abunda na metade norte e na zona costeira, estando ausente de gran parte da provincia de Ourense. Escaso no parque natural, onde só apareceu en determinados puntos da súa zona central e meridional. Non obstante, existe unha abundante poboación reprodutora nunhas charcas ao sur da Graña (en Couso-Xunqueiro), fóra dos límites do parque natural, pero moi próximas a el. Os seus hábitats reprodutores máis característicos son as lagoas e charcas con abundante vexetación nas beiras e somerxida. Adoita reproducirse en charcas con máis vexetación acuática e de maior tamaño que o tritón ibérico, aínda que pode ocupar tamén pequenos arroios e charcas con pouca vexetación. Na súa fase terrestre aparece na periferia destas zonas húmidas, así como en zonas de herbal, matogueira e bosques.

Bioloxía: aparecen adultos reprodutores nas charcas de cría xa no mes de decembro ou xaneiro, prolongándose a súa fase acuática ata xuño, cun máximo de cortexos e postas de febreiro a maio. Durante estes cortexos, o macho exhibe ante a femia as palmeaduras negras das súas

patas posteriores, e tamén dobra a cola sobre si mesma, facendo ondular o longo filamento caudal ante ela. As femias poñen entre 70 e 500 ovos, de un en un, que pegan ás plantas acuáticas. Estes son semellantes aos do tritón ibérico. As larvas tamén son parecidas ás do tritón ibérico (ver claves), pero un pouco máis pequenas, de coloración máis clara (ocre clara), con puntos dourados. Adoitan observarse na auga de febreiro a xuño, saíndo os xuvenís a terra durante o verán, cunha lonxitude total de 14 a 20 mm. A madurez sexual alcánzase aos 3 ou 4 anos e a lonxevidade máxima é de 8 anos. Aliméntanse de pequenos invertebrados terrestres e acuáticos, principalmente insectos, arácnidos e crustáceos.

Conservación: non se considera ameazado ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002), nin en Galicia (non incluído no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en España polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE) e internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). As súas principais ameazas son a alteración dos medios acuáticos onde se reproduce e as especies invasoras.

Tritón verde (*Triturus marmoratus*)



Tritón verde (*Triturus marmoratus*). Macho adulto en fase reprodutora acuática.

Outros nomes galegos:


Pintafontes verde, limpafontes verde, tritón marmorado, salamandra de auga, sabanduxa.

Nome castelán:

Tritón jaspeado.

Inglés:

Marbled Newt.



Identificación: tritón grande e robusto, que pode alcanzar os 160 mm de lonxitude total, aínda que normalmente os adul-

tos oscilan entre 130 e 150 mm.

Inconfundible polo seu gran tamaño e a súa cor dorsal verde, formando un marmorado sobre fondo escuro ou negro. A zona ventral é negra con pequenos puntos brancos. Durante a fase terrestre, ten pel seca e granulosa, cunha cor moi vistosa, verde clara intensa xaspeada de negro e unha liña vertebral vermella ou alaranxada, moi visible. Na fase reprodutora acuática, a pel é máis lisa, húmida e fina, cunha cor verde moito máis escura e o deseño negro menos contrastado que na fase terrestre. Os machos, durante a fase reprodutora acuática, teñen unha crista dorsal e caudal alta, con bandas negras e amarelas dispostas alternativamente, e outra crista na parte inferior da cola, de cor negra, así como unha banda branca brillante aos dous lados da cola, que é moi alta e aplanada. Os machos teñen o mamelón cloacal moi avultado. As femias son máis grandes e grosas que os machos, sen crista dorsal e a caudal moi pouco desenvolvida; cloaca non engrosada.



Tritón verde en fase terrestre, coas cores verdes moito máis intensas.

Distribución, abundancia e hábitat: distribúese polo norte da Península Ibérica e gran parte de Francia. Está presente en toda Galicia e amplamente repartido no parque natural, onde é unha especie común e localmente abundante. Na fase acuática reprodutora, pode atoparse tanto en charcas estacionais das zonas areentas como nas permanentes, aínda que é máis frecuente nas charcas máis grandes e con vexetación acuática. Atopouse reproducíndose en 32 dos 211 medios acuáticos sometidos a mostraxe no parque natural (15,2 %). Coloniza con frecuencia os estanques de regadío ("pozos"), atopándose en 12 dos 26 da mostraxe (46,2 %). Na fase terrestre ocupa hábitats moi diversos, tanto campiñas como bosques e zonas de matogueira, e mesmo nos rochedos e áreas

antropoxénicas, como cultivos, terreos e prados. Nesta fase terrestre vive entre o musgo e a follaxe do solo.

Bioloxía: a fase terrestre ten lugar principalmente de xuño a outubro; aparece con frecuencia en lugares moi afastados da auga, refuxiándose baixo pedras ou troncos. A fase reprodutora acuática comprende de novembro a maio e, aínda que pode criar nun variado tipo de medios acuáticos, as poboacións máis numerosas atópanse nas masas de auga doce máis grandes, con vexetación acuática nas beiras e somerxida. No cortexo acuático, o macho exhibe ante a femia as súas cristas dorsais e caudais, co seu contraste de cores amarela, negra e verde, ondulado tamén a cola coa súa vistosa banda branca lateral. Cada femia pon

de 150 a 400 ovos que fixa un a un ás plantas acuáticas. As larvas posúen unhas cristas dorso-caudais altas; os seus membros son longos e delgados e a cola finaliza nun filamento longo e fino. A súa cor é olivácea ou verdosa, con puntos negros ben visibles, e chegan a medir ata 50-70 mm de lonxitude total. Estas larvas teñen costumes moi nadadores e adoitan vivir na columna de auga, non no fondo das charcas. O desenvolvemento larvario dura de 3 a 4 meses. Os xuvenís, ao iniciaren a súa vida terrestre, teñen xa a vistosa cor dorsal verde e negra dos adultos. A madurez sexual alcánzase aos 2-3 anos (machos) ou 3-4 anos (femias). A lonxevidade máxima é de 8 anos nos machos e 14 anos nas femias, aínda que na maior parte das poboacións estudadas os individuos tiñan entre 4 e 9 anos de idade. Aliméntanse dunha ampla variedade de invertebrados, tanto terrestres como acuáticos.

Conservación: considerado globalmente ameazado segundo a UICN (2023), que o cataloga como “vulnerable” (VU). En España non se considera ameazado no *Libro vermello español* (“preocupación menor”, LC; Pleguezuelos *et al.*, 2002), así como tampouco as poboacións galegas (non incluído no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en todo o territorio español pola Lei 42/2007 (anexo V) e polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE), e internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo III). Esta especie, como o resto dos tritróns, é moi sensible á introdución de especies invasoras depredadoras nos medios acuáticos, así como á contaminación das augas.



Parella en celo de tritón verde; o macho enriba e a femia embaixo.

Ras e sapos (orde Anura)

Sapo parteiro (*Alytes obstetricans*)



Sapo parteiro (*Alytes obstetricans*).

Outros nomes galegos:

Sapiño comadrón, sapiño troiteiro, sapeta.

Nome castelán:

Sapo partero común.

Inglés:

Midwife Toad.

Identificación:

sapo moi pequeno, cunha lonxitude da cabeza e o corpo nos adultos que oscila entre 35 e 50 mm. Ollos moi grandes, coa pupila vertical. O corpo é groso e as patas curtas e fortes. Cor dorsal agrisada con manchas escuras, pardas ou negras, en ocasións verdosas, que poden formar xaspeados, e pequenas espullas no dorso de cor avermellada ou alaranxada. Estas espullas poden estar aliñadas ou dispersas. Os sexos son moi semellantes, sendo as femias algo máis grandes que os machos e coas patas proporcionalmente máis curtas. No parque natural, así como no resto de Galicia, está presente a subespecie *A. o. boscai*, que posúe a coloración descrita.





Sapo parteiro. Macho adulto portando os ovos entre as patas traseiras.

Voz: pola noite, os machos emiten a súa chamada, que consiste nunha nota afrautada, breve e intermitente, que soa como "pú" ou "dlú".

Distribución, abundancia e hábitat: distribúese polo suroeste de Europa (Francia e parte de Suíza, Bélxica e Alemaña), así como pola metade norte da Península Ibérica. Atópase por toda Galicia, onde era moi común ata hai uns anos, pero sufriu nas últimas décadas fortes declives poboacionais debido ás enfermidades emerxentes dos anfibios, sobre todo á quitridiomícosse e á ranavirose. No parque natural é actualmente unha especie moi escasa, con poucas observacións, realizadas en zonas con rochas, pedras, herbais e matogueiras das áreas periféricas.

Bioloxía: na zona do parque natural pode estar activo todo o ano, aínda que reduce a súa actividade nos períodos máis fríos do inverno e nos máis secos do verán. Estritamente terrestre e nocturno, de día permanece refuxiado en pequenas galerías no solo ou baixo pedras. A reprodución, a diferenza do resto dos anuros europeos, ten lugar en terra neste xénero, e iníciase a finais de febreiro ou en marzo e prolóngase ata xullo. Nese período é cando os machos emiten con maior frecuencia o seu canto para atraer as femias. Durante o apareamento, o macho suxeita a femia pola súa zona inguinal (amplexo inguinal) e ela transfírelle os ovos, que el enrola entre as patas traseiras grazas a que están unidos mediante un filamento, como as contas dun collar.

Despois é o macho quen transporta os ovos nos seus desprazamentos, ata que nacen os cágados, ao cabo duns 20 días, cando as larvas xa iniciaron o desenvolvemento no seu interior. Cada femia pon entre 20 e 60 ovos grandes (3,5-4,5 mm de diámetro) e normalmente cada macho transporta só a posta dunha femia. Para a eclosión dos ovos, o macho achégase a unha charca, introdúcese na auga e, con movementos das extremidades posteriores, despréndese deles e desta forma axúdalles a nacer aos cágados. As larvas poden desenvolverse en medios acuáticos moi diversos, incluíndo bebedoiros para o gando, lavadoiros, canles de regadío, charcas en canteiras abandonadas e fontes. A larva é grande (ata uns 60 mm de lonxitude total, ás veces máis), de cor agrisada cun pintado branco na zona ventral e co espiráculo situado na liña media ventral do corpo, sinalado por unha difusa banda lonxitudinal. Despois da metamorfose, saen a terra medindo de 20 a 25 mm de lonxitude. Alcanzan a madurez sexual aos 2 ou 3 anos e a súa lonxevidade é duns 6 anos nos machos e 7 anos nas femias. Aliméntase dunha ampla variedade de invertebrados terrestres.

Conservación: non se considera globalmente ameazado ("preocupación menor", LC; UICN, 2024), así como tampouco en Galicia (non incluído no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia), pero no conxunto de España as poboacións da subespecie que está presente no parque natural e no resto de Galicia (*A. o. bosca*) considéranse "case ameazadas" (NT; *Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Está protexido en España pola Lei 42/2007 (anexo V) e polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE). Protexido internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). Especie moi afectada polas enfermidades emerxentes dos anfibios, sobre todo pola quitridiomiose e a ranavirose, así como pola presenza de especies invasoras nos medios acuáticos e polos cambios nos usos do solo.



Larva de sapo parteiro.

Sapiño pintado (*Discoglossus galganoi*)



Sapiño pintado (*Discoglossus galganoi*). Macho adulto de deseño manchado.

Outros nomes galegos:

Sapiño pinto, sapo pinto, ra das herbeiras, ra das veigas, sapo raxado.

Nome castelán:


Sapillo pintojo ibérico.

Inglés:

Iberian Painted Frog.

Identificación:

aspecto xeral semellante ao dunha ra, tendo como elas a pel húmida, pero, igual que os sapos, é máis grosso, coa pel máis rugosa e coas patas proporcionalmente máis curtas. Tamaño mediano, medindo os adultos entre 45 e 70 mm de lonxitude, en ocasións ata 80 mm. Cabeza alongada, ancha e baixa, co focinho afiado e o tímpano pequeno. Ollos prominentes, escuros e coa pupila en forma de corazón ou amendoada. Cor dorsal variable, xeralmente parda, aínda que hai exemplares agrisados, pardo-avermellados ou amarementos. O deseño dorsal presenta dous patróns diferentes que se distribúen aleatoriamente entre os individuos da poboación: un raiado, con tres bandas lonxitudinais amarelas ao longo do dorso que parten da cabeza, e outro manchado, con manchas escuras moi variables.



Os machos adultos diferéncianse das femias por teren a membrana interdixital moi extensa nas patas posteriores, as extremidades anteriores máis grosas, o corpo máis delgado e o tamaño medio corporal maior, o cal é excepcional nos anfibios,

nos cales as femias adoitan ser maiores que os machos. Durante a reprodución, os machos mostran ademais calosidades nupciais negras nos dedos internos das extremidades anteriores e un punteado escuro no queixo.



Sapiño pintado. Femia adulta de deseño raiado.

Voz: moi silencioso; canto débil, difícil de escoitar. Durante a noite, no momento do abrazo sexual (amplexo), o macho emite un "groar...groar...groar" moi baixo e lento.

Distribución, abundancia e hábitat: endemismo ibérico distribuído por gran parte da Península. Vive en toda Galicia. Está moi estendido no parque natural, onde é abundante, ocupando unha ampla variedade de medios acuáticos e herbais húmidos ao longo de todo el. Especie moi adaptable, que pode vivir

case en calquera medio acuático, desde arroyos e mananciais ata charcas de chuvia, marismas e lagoas litorais de moderada concentración salina, aínda que mostra preferencia polas charcas máis superficiais de carácter estacional.

Atopouse en 53 das 109 charcas estacionais superficiais da mostraxe no parque (o 48,6 %), así como en 72 do total de 211 medios acuáticos da mostraxe (34,1 %). Vive xeralmente preto dos cursos de auga ou charcas, aínda que ás veces pode observarse tamén en zonas de mato-

gueira ou herbais, lonxe da auga. Pode ocupar medios antropoxénicos, mesmo moderadamente contaminados.

Bioloxía: a súa actividade anual é continua na zona do parque natural, estando activo tanto no verán como no inverno, aínda que nos períodos máis secos se refuxia entre raíces ou baixo pedras. A actividade diaria é sobre todo crepuscular e nocturna, pero non tanto como outros sapos, sendo doado velo activo de día. O período reprodutor na zona é moi longo e abrangue de novembro a xullo, cun máximo entre febreiro e maio, aínda que en anos húmidos pode reproducirse todos os meses. Deposita as postas xeralmente en charcas estacionais de escasa profundidade. No parque natural atopámolo criando principalmente nos encharcamentos das zonas areentas e nas charcas pouco profundas dos herbais húmidos, aínda que tamén en todo tipo de escorrentías, cunetas de camiños encharcadas ou pequenas correntes de auga. O abrazo reprodutor é lumbar, suxeitando o macho a femia pola súa zona inguinal (denominado amplexo inguinal). Os ovos están illados uns doutros, en pequenas cápsulas xelatinosas e aparecen diseminados polo fondo das charcas. Cada femia pon entre 400 e 1000 ovos, e pode repetir a posta varias veces ao ano. A larva é pequena, medindo ata

uns 35 mm de lonxitude total, de cor negra ou gris moi escura e cun fino reticulado na membrana caudal (só apreciable cunha lupa), que é baixa. O espiráculo está situado en posición ventral. O seu desenvolvemento larvario é moi rápido (21-60 días) e os xuvenís recentemente metamorfoseados son moi pequenos cando saen da auga, de 6 a 15 mm de lonxitude. O seu crecemento é tamén rápido e a madureza sexual prodúcese aos 2 ou 3 anos, cunha lonxevidade máxima duns 8 anos ou mesmo 10. Aliméntase principalmente de insectos do solo e das súas larvas.

Conservación: non se considera ameazado ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se consideran ameazadas as poboacións continentais galegas no *Catálogo galego de especies ameazadas*, aínda que si as insulares (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en España pola Lei 42/2007 (anexos II e V) e polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE). Protexido internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). Ameazado polas enfermidades emerxentes dos anfibios e pola alteración dos hábitats debida aos cambios nos usos do solo, especialmente os sufridos polos herbais húmidos e os medios de ribeira.

Sapo de esporóns (*Pelobates cultripes*)



Sapo de esporóns. Exemplar adulto da Gandarela.

Outros nomes galegos:

Sapo de esporas, sapo de esporóns, sapo toupeiro.


Nome castelán:

Sapo de espuelas.

Inglés:

Spadefoot Toad.

Identificación: sapo groso e de gran tamaño, que pode alcanzar os 95 mm de lonxitude do fociño á cloaca. Ten os ollos moi grandes e prominentes, coa pupila vertical. A coloración de fondo é pálida: abrancazada, gris, parda clara ou olivácea, sobre a que destacan manchas irregulares máis escuras, denegridas, grises ou pardas, que lle dan un aspecto xaspeado máis ou menos extenso. Ten nas patas posteriores unha vistosa "espora" córnea negra, como unha uña (en realidade, un tubérculo metatarsiano moi desenvolvido e endurecido), que utiliza para enterrarse na area. As femias son maiores que os machos, os cales posúen os membros anteriores máis grosos e cunha glándula ovada no antebrazo. O tamaño da maior parte dos machos adultos adoita oscilar entre os 50 e os 80 mm e as femias entre os 60 e os 90 mm.



Voz: o macho emite durante a reprodución, nas charcas de cría, un "croc-croc-croc-croc" raspan-te e en ton baixo, que pode ser lento ou rápido.

Distribución, abundancia e hábitat: endemismo ibérico, presente tamén en certas áreas de Francia. Ben distribuído no conxunto da Península, agás na franxa cantábrica e pirenaica, pero é moi escaso e localizado en Galicia, onde só ocupa as bisbarras máis cálidas da costa meridional (extremo sur da Coruña e Pontevedra) e do interior (sur de Lugo e Ourense). Extinguido recentemente en varias zonas da costa galega onde habitou no pasado. O parque natural é un dos poucos lugares da costa de Galicia onde aínda está presente. Atópase disperso por gran parte deste, tanto na zona norte de Olveira e Corrubedo como na sur de Vixán

e Vilar ou nas zonas centrais.

Resulta máis abundante nas áreas areentas con vexetación (dunas grises) e na periferia das charcas e marismas, aínda que tamén se pode atopar en herbais húmidos, zonas de matogueira aberta, piñeirais ou bosques con solos non compactos. É un dos anfibios galegos cuns requirimentos de hábitat máis estritos, xa que só vive en zonas de solo pouco compacto, principalmente areento. Nestes solos escava galerías grazas ás súas "esporas" (tubérculos metatarsianos córneos) das patas traseiras, onde se enterra nos períodos secos e durante o día. Nos últimos anos, unicamente o atopamos reproducíndose en 11 dos 211 medios acuáticos dos que se fixo mostraxe no parque, sobre todo en charcas estacionais en depresións húmidas intradunares e grandes charcas con salgueirais e xunqueiras.



Sapo de esporóns (*Pelobates cultripipes*). Femia adulta de coloración escura da Gandarela.



Inicio do amplexo do sapo de esporóns, que é inguinal, suxeitando o macho (exemplar da esquerda) a femia (á dereita) pola base das patas traseiras.

Bioloxía: a actividade anual límitase aos meses máis húmidos do ano, aparecendo tras as primeiras chuvias do outono e prolongando a súa actividade ata o final da primavera, en maio ou xuño. Nos meses máis secos pode entrar nunha diapausa estival, permanecendo enterrado e inactivo no substrato areento, ás veces profundamente. A actividade diaria é exclusivamente nocturna. Durante o día permanece enterrado nas galerías que el mesmo escava coas súas "esporas". O período reprodutor no parque natural ten lugar desde o outono ata a primavera temperá. Durante as noites húmidas, os adultos reprodutores acoden ás charcas (tanto as estacionais orixinadas polas chuvias como as lagoas permanentes) e, na auga, os machos suxeitan as femias cun abrazo á altura das inguas (amplexo inguinal). As femias expulsan os ovos envoltos en grosos cordóns xelatinosos que poden conter varios millares (normalmente entre 2000 e 3500 ovos). O período de postas no parque

natural ten lugar en varias fases entre novembro (ás veces xa en outubro) e abril, podendo variar en función das precipitacións de cada ano. A larva do sapo de esporóns é a máis grande de todos os anfibios galegos, chegando a medir ata 120 mm de lonxitude total, aínda que normalmente miden de 50 a 70 mm. De cor parda clara, teñen o espiráculo no costado esquerdo, a cola moi longa rematada nunha punta aguda e crista dorsocaudal ben desenvolvida, que se inicia na parte media do corpo. O desenvolvemento larvario é lento, e dura entre tres e catro meses. Debido a isto, nos anos secos prodúcense grandes mortalidades de larvas ao secaren prematuramente as charcas de cría. Os pequenos sapos que saen a terra tras a metamorfose miden entre 19 e 35 mm. A madurez sexual adóitase alcanzar aos dous anos. É unha especie lonxeva, que pode vivir ata 15 anos. Aliméntase principalmente de insectos terrestres (destacando os coleópteros e as súas larvas), anélidos e isópodos.

Conservación: considerado globalmente como "vulnerable" (VU) pola UICN (2024) e "case ameazado" (NT) no conxunto de España no *Libro vermello español* (Pleguezuelos *et al.*, 2002). As poboacións galegas considéranse "vulnerables" (VU) no *Catálogo galego de especies ameazadas* (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en España polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE).

Internacionalmente protexido pola Directiva de Hábitats da UE (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). Ameazado pola acción depredadora do xabaril, polas especies acuáticas invasoras e pola alteración das charcas onde se reproduce, así como polo desecamento prematuro destas a causa das secas.



Xuvenil recentemente metamorfoseado de sapo de esporóns, iniciando a súa vida terrestre.

Sapo común ibérico (*Bufo spinosus*)



Sapo común ibérico (*Bufo spinosus*). Femia adulta.

Outros nomes galegos:

Sapo cunqueiro.


Nome castelán:

Sapo común ibérico.

Inglés:

Spiny Toad.

Nota: o seu nome científico anterior era *Bufo bufo*, pero a antiga subespecie *B. bufo spinosus* da Península Ibérica, sur de Francia e noroeste de África foi elevada ao rango de especie en 2013. Outro nome común é sapo espiñento.



Identificación: sapo grande e groso, que pode alcanzar grandes dimensións: os exemplares adultos miden 50-80 mm (machos) e 60-120 mm (femias), ás veces máis (ata 180 mm). Corpo moi groso, coa pel rugosa, cuberta de espulas, a miúdo aguzadas; ollo co iris vermello ou avermellado e a pupila horizontal. Detrás dos ollos destacan as glándulas parótidas grandes, con forma de ril e que diverxen posteriormente (curvadas). Cor dorsal variable, xeralmente parda ou agrisada, aínda que moitos individuos do parque natural son amarelentos. Os machos adoitan

ser uniformes, mentres que as femias teñen o dorso xaspeado de manchas brancas e escuras. Dimorfismo sexual acusado no tamaño, sendo os machos máis pequenos que as femias, pero cos membros dianteiros máis grosos. Durante a reprodución, os machos teñen rugosidades escuras (calosidades nupciais) nos tres dedos internos.

Voz: canto non moi forte, que emite o macho durante a reprodución, desde a auga: "*roac-roac-roac*" baixo, rouco e áspero.

Distribución, abundancia e hábitat: distribúese por toda a Península Ibérica, sur e oeste de Francia e noroeste de África. Presente en toda Galicia. É común e está ben distribuído por todo o parque natural, onde pode ocupar unha gran variedade de medios. Adoita ser máis frecuente en zonas con solos profundos e boa cobertura vexetal, como bosques, toxeiras, zonas de cultivo e hortos, pero tamén está presente en uceiras e zonas rochosas e con pedras, moi erosionadas e con pouca vexetación. No parque natural habita mesmo nas zonas areentas do interior das praias. Reprodúcese en hábitats acuáticos tamén moi diversos, pero con preferencia polas zonas remansadas de ríos e arroios (atopouse en 5 dos 22 puntos nos que se fixo mostraxe) e grandes charcas (en 5 das 12 da mostraxe), aínda que tamén noutros tipos de charcas e estanques de regadío ("pozos"; en 3 dos 26 examinados).

Bioloxía: no clima temperado do parque natural pode manterse activo todo o ano. Completamente nocturno, pasa o día refuxiado en galerías ou debaixo de pedras. De costumes moi terrestres, achégase á auga só durante a reprodución, percorrendo en ocasións longas distancias durante a migración reprodutora. O período reprodutor ten lugar nesta zona entre febreiro e abril, e nese momento acoden aos medios acuáticos de corrente lenta ou nula, con vexetación nas beiras e certa profundidade; ás veces en encharcamentos marxinais de ríos ou arroios, en herbais e bosques. Na reprodución o macho, de tamaño moito menor que a femia, suxeita as axilas (amplexo axilar), que pode iniciarse xa en terra, dirixíndose entón xuntos á auga. As femias poñen os ovos en longos cordóns xelatinosos de varios metros de lonxitude, que conteñen varios millares (entre 2000 e 10 000). Larvas pequenas (ata 30-33 mm de lonxitude total) e de cor negra, que tardan uns 3 meses en completar o desenvolvemento larvario. Adoitan aparecer agrupadas en grandes cantidades. A metamorfose realízana en maio ou xuño, saíndo a terra uns xuvenís moi pequenos, duns 10 mm de lonxitude e cor denegrida. Alcanzan a madurez sexual aos 3 anos os machos e aos 4 as femias, e a súa lonxevidade máxima é duns 10 anos. Aliméntase de invertebrados, principalmente insectos.



Sapo común ibérico. Macho adulto en fase reprodutora, nunha charca de cría.

Conservación: non se considera ameazado ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2023), nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002), nin en Galicia (non incluído no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III), co nome de *Bufo bufo*. Esta especie sofre elevadas mortalidades por atropelos nas estradas, especialmente durante a migración reprodutora cara ás charcas de cría. Tamén moi afectado polas especies invasoras depredadoras e a alteración dos hábitats, acuáticos e terrestres.



Sapo común ibérico. Amplexo (abrazo reprodutor), que é axilar nesta especie; o macho suxeita a femia por detrás das extremidades anteriores.

Sapo corriqueiro (*Epidalea calamita*)



Sapo corriqueiro. Macho adulto.

Nome castelán:

Sapo corredor.

Inglés:

Natterjack Toad.

Nota: o seu nome científico anterior era *Bufo calamita*.

Identificación: forte e groso, aínda que claramente máis pequeno que o sapo común ibérico. Os machos adultos miden 40-60 mm de lonxitude total e as femias 50-70 mm; ocasionalmente algunhas femias chegan aos 85 mm. Moi parecido ao sapo común, pero diferénciase doadamente por ter unha liña amarela estreita que percorre lonxitudinalmente o dorso, as glándulas parótidas grandes e paralelas, o ollo co iris verde claro con estrías negras e as patas traseiras moito máis curtas. Forma corporal grossa, coa pel con moitas espullas grandes e aplanadas de cores diversas, alaranxadas, pardas, ocre ou vermellas. A cor dorsal de fondo é moi variable, xeralmente verdosa clara ou parda, con xaspeados irregulares de manchas escuras verdes, oliváceas ou pardas. Machos máis pequenos que as femias, coas patas anteriores máis grosas e un saco vocal interno grande na garganta, que inchan para emitir o seu canto durante o celo.





Amplexo axilar de sapo corriqueiro, iniciado neste caso antes de chegar á auga, onde se pode apreciar a variabilidade de coloración dorsal entre diferentes exemplares e a cor dos ollos, verde clara reticulada de negro.

Voz: canto moi sonoro grazas á resonancia do saco vocal na garganta, que incha como un globo; un “*craaaaaa...craaaaaa...craaaaaa*” potente, xeralmente emitido en coros de varios individuos desde as charcas durante a reprodución.

Distribución, abundancia e hábitat: especie estendida por gran parte de Europa Central e Occidental, así como por case toda a Península Ibérica e a maior parte de Galicia. Non obstante, no parque natural na actualidade é moi escaso, aparecendo só en puntos dispersos. Completamente terrestre, pode ocupar zonas moi secas. Vive polo xeral en solos areentos, como dunas e areas con vexetación, pero tamén en montes rochosos e pedregosos cubertos de matogueira aberta de toxos e breixos. Reprodúcese en char-

cas de moi pouca profundidade. No parque natural atopamos as súas postas en charcas superficiais estacionais en herbais e en matogueiras abertas.

Bioloxía: pode estar activo todo o ano; só diminúe a súa actividade nos días máis fríos do inverno. O período de cría iníciase a partir de febreiro (xa en xaneiro en invernos temperados), dependendo do réxime de chuvias. Para reproducirse selecciona encharcamentos moi superficiais, producidos polas chuvias invernais. Os machos poden cantar en coros desde as charcas de cría polas noites e, en ocasións, tamén durante o día. O amplexo é axilar e, durante este, a femia expulsa uns cordóns xelatinosos delgados de varios metros de lonxitude cos ovos aliñados nunha ou dúas filas, que poden conter varios millares (entre 1500 e 5500).

As larvas son moi pequenas, de ata 25 mm de lonxitude total, e de cor negra. O desenvolvemento larvario é rápido (5-8 semanas), aínda que en ocasións as charcas secan antes de que finalice, producíndose mortalidades masivas de cágados. Os pequenos sapos que logran concluír a metamorfose son moi pequenos, de entre 8 e 13 mm de lonxitude. A madureza sexual alcánzase aos 4 ou 5 anos e poden vivir ata 12 anos. A súa dieta componse de diversos artrópodos terrestres e miñocas.

Conservación: non se considera ameazado ("preocupación

menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024), nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002), nin en Galicia (non incluído no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en España pola Lei 42/2007 (anexo V) e polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE). Protexido internacionalmente pola Directiva de Hábitats (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). Esta especie sufriu uns importantes declives en Galicia nas últimas décadas, posiblemente a causa da alteración dos hábitats e das enfermidades emerxentes.



Posta de sapo corriqueiro, formada por longos cordóns onde se aliñan os ovos.

Rela (*Hyla molleri*)



Rela. A súa coloración verde é moi mimética entre a vexetación.

Outros nomes galegos:

Estroza, ra estroza, ra de Santo Antón, ra das figueiras.

Nome castelán:


Ranita de San Antonio ibérica.

Inglés:

Iberian Tree Frog.

Nota: anteriormente o seu nome científico era *Hyla arborea*, pero a subespecie ibérica, *H. arborea molleri*, foi recoñecida como especie diferente en 2008.

Identificación: ra pequena, cuxos adultos miden de 35 a 45 mm de lonxitude. Corpo de forma ovada, coa pel lisa no dorso e granulosa no ventre. Patas longas e delgadas, cos dedos rematados nuns discos adhesivos que lles permiten agatuar pola vexetación. Ollos coa pupila horizontal e o iris dourado. Cor dorsal verde viva uniforme (ás veces pode transformarse en gris, parda escura ou azul, segundo determinadas condicións de humidade e temperatura), cos costados percorridos por dúas bandas negras. Ventre branco. Os machos son algo máis pequenos que as femias e cun gran saco vocal na garganta que, ao retraerse, deixa a pel engurrada e de cor parda amarelenta nesa zona, mentres que as femias teñen a garganta branca e lisa.





Rela (*Hyla molleri*), empolicada a unha rama, xa que é de costumes rubideiros.

Voz: moi potente, un: "krec-krec-krec-krec-krec" estridente, forte, rápido e sonoro, con varios pulsos por segundo. É amplificado polo saco vocal do macho, situado na garganta, que infla como un globo cando canta, actuando de caixa de resonancia. Pode ser emitido en coros. Moitas veces o seu canto é o único indicio da súa presenza, xa que é moi difícil de ver entre a vexetación pola súa coloración verde mimética.

Distribución, abundancia e hábitat: esta especie distribúese por gran parte da Península Ibérica e o suroeste de Francia. Atópase presente en toda Galicia. No parque natural é abundante nos hábitats adecuados, como

son as espesuras de ribeira que rodean os medios acuáticos con densa vexetación palustre, aínda que tamén ocupa zonas de matogueira e herbeiras, xeralmente situadas preto de charcas con abundante vexetación acuática, lagoas e ríos. Ás veces pode atoparse relativamente afastada dos medios acuáticos, entre a vexetación, sobre todo en silveiras (*Rubus*). Atopouse reproducíndose en 33 dos 211 medios acuáticos mostrados no parque natural (15,6 %), sobre todo os de carácter permanente, utilizando con maior frecuencia para reproducirse as lagoas e grandes charcas (9 das 17 da mostraxe), e mesmo os "pozos" (estanques de regadío), aparecendo en 10 dos 26 examinados.

Bioloxía: o período anual de actividade esténdese de marzo a outubro (ou de febreiro a novembro en anos temperados). A actividade diaria é nocturna, permanecendo durante o día oculta entre a vexetación densa, aínda que poden estar tamén activas de día con tempo moi húmido e cálido. É unha especie moi rubideira, que se empolca á vexetación arbustiva grazas ás ventosas adhesivas da punta dos dedos. A súa coloración dorsal verde mimetízase entre as follas da vexetación, polo que adoita pasar desapercibida. O período reprodutor esténdese de marzo a xuño. Durante el, os machos emiten o seu canto, moi forte, grazas ao saco vocal grande, que se infla como un globo, para atraer as femias. Adoitan cantar en coros de varios individuos. No amplexo acuático, o macho suxeita a femia polas axilas (amplexo axilar) e ela pon os ovos en pequenas masas xelatinosas esféricas ou irregulares, que conteñen entre 25 e 100 ovos. Cada femia pon en total 250-1200 ovos. Larvas de tamaño mediano ou moderadamente grandes, de ata uns 45 mm de lonxitude total, de cor olivácea ou verdosa e co ventre branco con tons anacarados. A súa membrana dorsocaudal é moi alta e a cola remata nunha punta afiada. As larvas adoitan vivir en zonas das charcas con abundante

vexetación acuática somerxida e son moi nadadoras, desprazándose pola columna de auga, non polo fondo. Os xuvenís saen da auga en agosto ou setembro, cun tamaño de 14 a 18 mm de lonxitude. Alcanzan a madureza sexual aos 2 ou 3 anos de idade. A lonxevidade máxima é descoñecida, xa que os datos publicados se refiren a *H. arborea*, non a *H. molleri*. Aliméntase sobre todo de arácnidos, pequenos gasterópodos e insectos.

Conservación: non se considera ameazada ("preocupación menor", LC) nin globalmente (UICN, 2024) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Non obstante, a causa dos seus fortes declives, as poboacións galegas son consideradas "vulnerables" no *Catálogo galego de especies ameazadas*, co nome de *Hyla arborea* (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España pola Lei 42/2007 (anexo V) e polo RD 139/2011 (incluída no LESRPE) e internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo II); en todos estes casos co nome de *Hyla arborea*. As súas principais ameazas son a introdución de especies acuáticas invasoras, a destrución da vexetación de ribeira e as alteracións dos medios acuáticos.

Ra verde común (*Pelophylax perezi*)



Ra verde común (*Pelophylax perezi*). Macho adulto.

Nome castelán:


Rana verde común.

Inglés:

Iberian Water Frog.

Identificación:

ra grande e forte, que pode superar os 100 mm de lonxitude da cabeza e o corpo, se ben a gran maioría dos adultos mide entre 40 e 65 mm (machos) ou entre 45 e 80 mm (femias). O exemplar máis grande medido no parque natural foi unha femia de 90 mm de Olveira. Cor dorsal xeralmente verde ou cunha mestura de verde e parda, con manchas negras dispersas moi variables en distribución e tamaño por todo o dorso e unha liña vertebral de cor verde clara ou amarela. Son frecuentes tamén exemplares pardos ou agrisados. Ollos grandes, saltóns, coa pupila horizontal, e, detrás deles, tímpanos redondos, grandes e moi visibles. Posúe dous cordóns glandulares dorso-laterais moi marcados, desde os ollos ata as inguas.



Membros longos e fortes, os posteriores cunha membrana interdixital extensa. Machos máis pequenos que as femias e con sacos vocais externos nas comisuras bucais, que se inflan como globos para aumentar a potencia do canto. Posúen unha rugosidade gris ou negra na cara interna do primeiro dedo durante o celo (calosidade nupcial).



Ra verde común. Femia.



Macho de ra verde común cantando, cos sacos vocais, situados nas comisuras da boca, inflados como globos. Actúan como caixas de resonancia, aumentando a intensidade do canto.

Voz: especie moi vocal e ruidosa. Os machos cantan con gran potencia, grazas aos sacos vocais externos, que amplifican o son, formando coros ruidosos xeralmente de varios individuos. Emiten diferentes tipos de vocalizacións, destacando un canto forte e raspante: "*trreeeee... trreeeee...trreeeeeeee*". Outros sons que emite consisten nun "*rac...rac...rac...grrrr*", como breves ladridos seguidos dun gruñido.

Distribución, abundancia e hábitat: endemismo ibérico, presente tamén en zonas do sur de Francia. Distribuída por toda a Península e a totalidade de Galicia, aínda que diversas poboacións están actualmente en declive. É o anfibio máis común e estendido no parque natural e tamén o de costumes máis acuáticos. Os adultos sempre están asociados ás augas doces. Frecuente en todas as zonas con

masas de auga, sobre todo permanentes (canles, charcas, ríos abertos, lagoas), onde alcanza as densidades máis elevadas, pero tamén pode atoparse en charcas temporais. Coloniza con rapidez pozos para a rega nas zonas con cultivos e prados, atopándoa en 24 dos 26 pozos mostrados (92,3 %). En total, apareceu en 110 dos 211 medios acuáticos que se mostraron no parque (o 52,1 %), tanto nos de carácter permanente como nos estacionais. A súa ubicuidade no parque natural reflíctese no feito de que se atopou practicamente en todo tipo de medios acuáticos que se diferenciaron no espazo natural, faltando só nas zonas salobres, inadecuadas para os anfibios.

Bioloxía: os adultos están activos entre febreiro e outubro ou novembro, pero os xuvenís poden permanecer activos todo o ano. Actividade diaria tanto nocturna como diúrna e costumes moi acuáticos. Vive sempre ligada ás masas de auga, entre a vexetación flotante, saíndo ás beiras para termorregularse e descansar. Non obstante, os xuvenís poden afastarse moito da auga. O período reprodutor comeza en marzo e prolóngase ata xuño ou xullo. A cría ten lugar nas mesmas charcas onde viven o resto do ano, seleccionando zonas con vexetación acuática somerxida. Fórmanse grandes coros de cantos dos machos durante este período, que se poden oír de lonxe.

O amplexo é axilar e durante el as femias poñen os ovos en grandes masas xelatinosas amorfas que conteñen entre 2000 e 5000 ovos. Larvas de tamaño mediano ou relativamente grande, de ata 40-50 mm de lonxitude total, de cor olivácea e co ventre branco. Os xuvenís recentemente metamorfoseados (metamórficos) miden de 12 a 24 mm de lonxitude. A madurez sexual pódese alcanzar xa ao ano de vida ou aos dous anos, e a lonxevidade máxima é duns 6 anos nos machos e 9 nas femias. Aliméntase de invertebrados, principalmente voadores como himenópteros, dípteros, lepidópteros ou coleópteros, pero tamén consome presas acuáticas, como larvas de insectos ou moluscos.

Conservación: non se considera ameazada ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se consideran ameazadas as poboacións galegas (non incluída no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España pola Lei 42/2007 (anexo VI) e internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexo V) e polo Convenio de Berna (anexo III). As súas principais ameazas son a introdución de especies acuáticas invasoras e a alteración e contaminación dos medios acuáticos que habita.

Ra patilonga (*Rana iberica*)



Ra patilonga (*Rana iberica*). Femia adulta.

Outros nomes galegos:

Ra dos regos, zampexa.


Nome castelán:

Rana patilarga.

Inglés:

Iberian Stream Frog.

Identificación: a máis pequena e esvelta das ras galegas; os machos adultos miden 30-40 mm de lonxitude e as femias adultas 37-55 mm. Estilizada e de patas posteriores moi longas; o talón supera o fociño se rebatemos a pata traseira cara a diante. Palmeadura interdixital extensa. Teñen unha mancha escura detrás do ollo (máscara facial) que engloba o tímpano, de pequeno tamaño. Ollos grandes coa pupila ovoide horizontal. Dous cordóns glandulares que discorren paralelos, un a cada lado do dorso. Pel lisa ou finamente granulosa. A cor dorsal é moi variable, parda, ocre, avermellada ou gris escura, mesmo denegrida, con manchas escuras irregulares estendidas polo dorso. Algúns individuos posúen manchas claras irregulares sobre o dorso escuro, semellantes ás manchas de mofo sobre follas secas, que lle proporcionan unha camuflaxe efectiva.



De xeito característico, na garganta e no peito presentan un reticulado escuro cunha banda central lonxitudinal branca, moi visible ao mirala ventralmente. Os machos, máis pequenos e esveltos que as femias, teñen unha rugosidade gris ou negra na cara interna do primeiro dedo durante o celo (calosidade nupcial).

Voz: moi silenciosa. Os machos emiten durante o amplexo acuático un "*rao...rao...rao*" baixo e raspante, só escoitado desde moi preto; as femias, un "*ruc...ruc...ruc*", tamén baixo, ao seren suxeitadas polo macho.



Ra patilonga. A súa coloración dorsal camúflaa no solo de follaxe.

Distribución, abundancia e hábitat: endemismo do noroeste ibérico. Só habita en Galicia, norte de Portugal, cornixa cantábrica, noroeste de León e Zamora e Sistema Central Ibérico. Ocupa a maior parte de Galicia, desde o nivel do mar ata a montaña. Porén, é escasa no parque natural, ao estaren moi limitados os hábitats que precisa. Sempre ligada ás correntes de auga, como ríos, arroyos e escorrentías, con vexetación nas súas marxes. Só se atopa nas zonas periféricas

do parque natural con ríos que posúen nas súas beiras bosques de ribeira de ameneiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*), penetrando no espazo protexido ao longo da canle dos ríos, como o Artes, ou arroyos con herbais húmidos e matogueira, como o rego da Cidade ou o rego da Soidade. Atopouse en 11 dos 211 puntos de mostraxe nos medios acuáticos (o 5,2 %), todos eles en ríos ou arroyos e, nun caso, nun lavadoiro anexo a un arroyo.

Bioloxía: nesta zona costeira e temperada está activa durante todo o ano. No ciclo diario mostra actividade tanto diúrna como nocturna. Nunca se afasta das correntes de auga, en cuxas beiras vive todo o ano, ben camuflada pola súa coloración semellante a follas secas. Salta axilmente á auga cando é molestada. O período reprodutor no parque natural esténdese de novembro a marzo. Cría nas zonas remansadas dos regatos, arroios e ríos, onde vive todo o ano, así como nas súas charcas marxinais. Amplexos axilares. As femias poñen nestes lugares de 200 a 500 ovos en pequenas masas xelatinosas. As larvas alcanzan ata 38-50 mm de lonxitude total, son de cor parda escura e teñen a crista dorsocaudal relativamente elevada, con algúns puntos claros. A zona ventral da larva está pouco pigmentada de branco, polo que se lle transparenta o paquete intestinal. Viven nas zonas remansadas das correntes de auga. Os xuvenís recentemente metamorfoseados miden 12-15 mm de lonxitude. A madureza sexual alcánzase aos 2 anos e teñen unha lonxevidade duns 5 anos (esta lonxevidade é maior nas poboacións de montaña, ata 6-9 anos). Aliméntase de artrópodos terrestres, principalmente dípteros, coleópteros e arácnidos que viven nas beiras das correntes de auga.

Ra patilonga. A súa coloración ventral é moi característica, reticulada de escuro e cunha liña central clara na garganta. Apréciase tamén a calosidade escura na cara interna do primeiro dedo da man, típica dos machos durante o celo.

Conservación: considerada globalmente como "vulnerable" (VU) pola UICN (2024), igual que no conxunto de España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). A mesma categoría de "vulnerable" (VU) posúen as poboacións galegas no *Catálogo galego de especies ameazadas* (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Tamén protexida no conxunto de España pola Lei 42/2007 (anexo V) e polo RD 139/2011 (incluída no LESRPE) e internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). A presenza tan localizada desta especie no parque natural débese aos estritos requirimentos de hábitat, non a problemas de conservación. No entanto, é moi vulnerable ás alteracións nos cursos de auga onde está presente e á súa vexetación de ribeira.



Os réptiles

Os réptiles


Forman un grupo animal moi numeroso e diversificado, con máis de 12500 especies que se distribúen principalmente nas zonas tropicais da Terra. A súa diversidade é moito menor nas rexións temperadas, como en Europa, aínda que a Península Ibérica conta cun número relativamente elevado de especies. Das catro ordes actuais de réptiles, no parque natural (e no resto da fauna galega e europea) só existen representantes de dúas: as tartarugas (orde Testudines) e os escamosos (orde Squamata), formado polos lagartos e as serpes. A diferenza dos anfibios, os réptiles son xa vertebrados plenamente adaptados á vida terrestre, grazas a unha serie de adaptacións que lles permiten colonizar ata os medios máis áridos. Entre elas, teren o corpo recuberto de escamas córneas, que forman un tegumento moi resistente á deshidratación; a súa fisioloxía excretora, moi aforradora de auga; e a súa reprodución, plenamente terrestre. Nela, a fecundación é interna e existe unha protección dos embrións en desenvolvemento dentro dun ovo cunha serie de membranas extraembrionarias e unha casca protectora. Este ovo amniótico é posiblemente a adaptación máis importante deste grupo, que lle

permitiu a súa diversificación e a das súas liñaxes descendentes, as aves e os mamíferos.

Cando nacen os xuvenís destes ovos (ou son paridos nas especies vivíparas –en realidade ovovivíparas–, nas cales os ovos se desenvolven no interior da nai), son xa unha copia de tamaño reducido dos adultos, sen pasaren por ningunha fase larvaria acuática, como os anfibios.

No grupo dos réptiles escamosos, aínda que unha gran parte das especies teñen as catro extremidades ben desenvolvidas, moitas liñaxes seguiron liñas evolutivas en que estas se reduciron ou desapareceron, alongándose o corpo e desprazándose mediante a reptación, como nas serpes e en moitos lagartos ápodos.

Igual que os anfibios, os réptiles carecen de mecanismos fisiolóxicos para regular a súa temperatura corporal, polo que necesitan de fontes externas de calor, como o sol, para poder quentarse e estar activos (son, polo tanto, ectotérmicos). Por iso, permanecen inactivos durante os períodos máis fríos do ano. Pero a calor excesiva tamén é nociva para eles, pois tampouco teñen mecanismos para poderen diminuír a súa temperatura corporal, polo que tampouco están activos durante as horas máis calorosas do día no verán.



Apareamento de lagarta galega (*Podarcis bocagei*). O macho suxeita a femia cunha dentada entre as patas traseiras e, curvando o corpo, insire un dos seus hemipenes na cloaca desta.

A diferenza da maioría dos anfibios, que son de costumes nocturnos e moi dependentes da humidade ambiental, os réptiles adoitan ser diúrnos nas nosas latitudes e necesitan do sol para quentarse (termorregularse) e poderen estar activos. Por todo isto, os mellores períodos para poder observalos son os da primavera e principios do verán, cando ademais se reproducen e están máis activos, aínda que tamén no outono poden mostrar moita actividade. Para a súa observación, deberanse escoller días solleiros e, durante eles, especialmente as horas da mañá e da tarde avanzada, xa que diminúen moito a súa actividade ao mediodía se a temperatura é elevada.



Ovos de réptiles. A diferenza dos dos anfibios, os ovos dos réptiles están provistos dunha casca que protexe o embrión durante o seu desenvolvemento, albergan reservas para a nutrición ao longo de todo o seu crecemento e son depositados en terra.

Tartarugas e sapoconchos (orde Testudines)

Sapoconcho común (*Emys orbicularis*)



Sapoconcho común (*Emys orbicularis*) na auga.

Nome castelán:

Galápago europeo.

Inglés:

European Pond Terrapin,
European Pond Turtle.

Identificación:

tartaruga acuática de coiraza ovada e lixeiramente empenada, que mide nos adultos de 12,5 a 16 cm de lonxitude, raramente máis. Coloración moi escura, negra ou denegrida, con liñas amarelas dispostas radialmente en cada placa da coiraza. Plastrón (parte ventral da coiraza) amarelento, con manchas escuras de forma irregular. Cabeza, colo, patas e cola negras, cun denso punteado amarelo. Machos máis pequenos que as femias, coa coiraza máis estreita, plastrón lixeiramente cóncavo (recto nas femias) e a cola máis longa.





Plastrón do sapoconcho común.



Detalle da cabeza do sapoconcho común.

Distribución, abundancia e hábitat: especie de moi ampla distribución, repartida polo norte de África, gran parte de Europa ata Lituania polo norte e tamén polo oeste de Asia ata Irán. Na Península Ibérica a súa distribución está moi fragmentada, con poboacións dispersas por toda ela. En Galicia sobreviven moi poucas poboacións, localizadas en Pontevedra (O Porriño) e Ourense (nas cuncas dos ríos Arnoia, Avia e Barbaña). No parque natural e na súa contorna hai datos da súa antiga presenza, pero extinguiuse, probablemente na segunda metade do século XX. Nos anos 2004 e 2006 foron introducidos uns poucos individuos na charca de Olveira, que se multiplicaron e forman unha nova poboación na actualidade, cun número estimado de 42-44 exemplares en 2024. Estes individuos mostran uns valores de crecemento e supervivencia elevados, polo que a súa adaptación a esta contorna é moi favorable. Ata o momento, ademais da charca de Olveira, só se confirmou a súa presenza noutras charcas próximas, nun raio relativamen-

te reducido (Cordero-Rivera *et al.*, 2024). Tamén se detectaron exemplares illados noutros puntos do parque natural, posiblemente en dispersión desde as charcas que habita. No mapa indícanse con puntos vermellos as charcas onde está presente na zona de Olveira e, con puntos azuis, as observacións de individuos illados, vistos desprazándose en medios atípicos para a especie. É unha tartaruga acuática que vive en masas de auga doce moi diversas, de corrente lenta ou nula e que teñan abundante vexetación acuática nas beiras.

Bioloxía: a súa actividade anual concéntrase en dous períodos principais, un primaveral (febreiro-maio) e outro outonal (setembro-outubro, ao comezo das chuvias). A actividade diaria é diúrna. A reprodución comeza pronto no ano, con cortexos nada máis saíren da hibernación, xeralmente en febreiro ou marzo, que poden prolongarse ata maio. Nas poboacións galegas, as primeiras femias con ovos aparecen a mediados de xuño. Nestas poboacións só se realiza unha posta

ao ano, a mediados de xullo. O número de ovos por posta oscila entre 3 e 18, con medias de arredor de 6 ovos. Estes son elípticos, brancos, cun tamaño medio de 18 x 25 mm (en Doñana) e cunha casca calcaria. As femias non se reproducen todos os anos. A posta realízase pola noite, nun burato que escava a femia no solo, duns 10-12 cm de profundidade. A determinación do sexo é pola temperatura de incubación (<28 °C: machos; >29 °C: femias). Nas poboacións galegas ten lugar a hibernación dos neonatos no niño, que saen na primavera. As crías miden uns 30 mm de lonxitude ao naceren. Os machos alcanzan a madurez sexual aos 4 anos, con 125 mm de lonxitude da coiraza, e as femias aos 6 anos, con 137 mm. A lonxevidade máxima é de 28 e 29 anos para machos e femias, respectivamente (en Doñana). A súa alimentación é oportunista, predominando a compoñente animal, pero incluíndo tamén materia vexetal, sobre todo no verán.

Conservación: considera-se globalmente como "case ameazado", NT (UICN, 2024). En España, en cambio, considéranse "en perigo de extinción" (EN) as poboacións do noroeste, que inclúen as galegas (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). A mesma categoría de "en perigo de extinción" (EN) recóllese no *Catálogo galego de especies ameazadas* (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Este é, polo tanto, o réptil máis ameazado de Galicia. O seu plan de recuperación aprobouse no Decreto 70/2013 (Xunta de Galicia, 2013). Protexido por esta normativa en Galicia e no conxunto de España pola Lei 42/2007 (anexos II e V) e o RD 139/2011 (incluído no LESRPE). Protexido internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexos II e IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). É moi sensible aos cambios nos hábitats que rodean as zonas húmidas onde vive, así como á contaminación acuática e ás especies invasoras.



Adulto de sapo común na beira da charca de Olveira. Este exemplar foi un dos primeiros liberados. Foto obtida a principios de 2007.

Tartarugas mariñas

De xeito ocasional poden aparecer nas praias do parque natural exemplares varados de tartarugas mariñas. Non son moi frecuentes nas augas galegas, xa que son características dos mares tropicais e subtropicais, pero tampouco son excepcionais e hai dúas especies que aparecen con relativa frecuencia nas nosas costas: a tartaruga mariña común e a mariña de coiro. A estas, pódese engadir unha terceira especie, a tartaruga mariña pequena, que, máis ocasionalmente aínda, tamén apareceu no litoral do parque. Non obstante, xa que cabe a posibilidade de que se atopen outras especies (aínda que a

probabilidade é baixa), inclúese unha clave de identificación de todas as especies de tartarugas mariñas que poden ser vistas en augas (e costas) atlánticas de Galicia e do resto da Península Ibérica.


As tartarugas mariñas están moi ben adaptadas á vida no mar e teñen as extremidades convertidas en aletas, coas que poden nadar con gran rapidez. A súa vida é completamente mariña e unicamente saen a terra as femias para depositaren os ovos (pero non nas costas galegas). Aliméntanse de plantas e invertebrados que habitan en fondos mariños (a tartaruga mariña común) ou ben de augamares (a tartaruga mariña de coiro).




Tartaruga mariña común (*Caretta caretta*). Exemplar xuvenil encontrado varado nunha praia de Galicia. Foto CEMMA.

Clave de identificación

1A.	Coiraza con placas córneas.	2
1B.	Coiraza sen placas córneas, recuberta dunha pel con aspecto de coiro e varias quillas lonxitudinais saíntes. Xeralmente de tamaño moi grande, ata 500 quilos de peso.	Tartaruga mariña de coiro (<i>Dermochelys coriacea</i>).
2A.	Placa nucal en contacto coa primeira placa costal. 5-6 placas costais a cada lado da coiraza.	3
2B.	Placa nucal separada da primeira placa costal. 4 placas costais a cada lado da coiraza.	4
3A.	Tres placas inframarxinais sen poros a cada lado do plastrón. Carapaza máis longa que ancha.	Tartaruga mariña común (<i>Caretta caretta</i>).
3B.	Catro placas inframarxinais, cada unha cun poro glandular, a cada lado do plastrón. Carapaza case tan ancha como longa.	Tartaruga mariña pequena (<i>Lepidochelys kempfi</i>).
4A.	Placas córneas da coiraza xustapostas (non se superpoñen, como as baldosas dun piso). Dúas escamas prefrontais na cabeza.	Tartaruga mariña verde (<i>Chelonia mydas</i>).
4B.	Placas córneas da coiraza imbricadas (superpóñense, como as tellas dun tellado). Catro escamas prefrontais na cabeza.	Tartaruga mariña carei (<i>Eretmochelys imbricata</i>).



Coiraza (carapaza) das tartarugas mariñas. 1. Tartaruga mariña de coiro. 2. Tartaruga mariña común. 3. Tartaruga mariña verde. 4. Tartaruga mariña carei. 5. Tartaruga mariña pequena.



Plastrón da tartaruga mariña común.
1. Placas inframarxinais.

As tres especies que se atoparon no litoral do parque natural son:

Tartaruga mariña común (*Caretta caretta*)

Nome castelán:

Tortuga boba.

Inglés:

Loggerhead Turtle.

É a especie que pode aparecer con máis frecuencia nas costas do parque natural e, en xeral, nas de Galicia. Adoitan varar nas praias exemplares xuvenís ou subadultos, pequenos, cunha lonxitude da coiraza inferior a 40 cm. Exemplares varados na costa do parque natural e nas súas inmediacións mediron de lonxitude da coiraza entre 21,5 cm (na praia de Ladeira) e 36 cm (outro na enseada de Balieiros). Os adultos poden chegar a medir ata algo máis dun metro de lonxitude da coiraza e ata 150 quilos de peso. Coiraza ovada, cos bordos de forma serrada, 5 placas vertebrais e 5 placas costais a cada lado, estando a primeira en contacto coa placa nucal. Tres placas inframarxinais no plastrón, sempre sen poros. Cabeza grosa, con 2 pares de escamas prefrontais. Aletas dianteiras con 2 uñas. Cor da carapaza marrón ou parda avermellada.

Vive nos mares tropicais e

temperados da maior parte do mundo. É a única especie de tartaruga mariña que se reproduce nas costas da Península Ibérica, aínda que só nas mediterráneas, polo que as poboacións reprodutoras máis próximas a Galicia se atopan en praias do levante español. Hai paso estival de exemplares entre o Mediterráneo e o Atlántico a través do Estreito de Xibraltar. Aliméntase dunha ampla diversidade de animais mariños.

Conservación: considerada globalmente como "vulnerable" (VU; UICN, 2017) e en España como "en perigo de extinción" (EN; *Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). No *Catálogo galego de especies ameazadas* figura como "vulnerable" (VU; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España pola Lei 42/2007 (anexos II e V) e polo RD 139/2011 (como "vulnerable" no *Catálogo español de especies ameazadas* e incluída no LESRPE). Protexida internacionalmente pola Directiva de Hábitats (anexos II e IV) e polo Convenio de Berna (anexo II).

Tartaruga mariña pequena (*Lepidochelys kempii*)

Outros nomes galegos:

Tartaruga de Kemp, tartaruga do golfo.

Nome castelán:

Tortuga golfina.

Inglés:

Kemp's Ridley.

Tartaruga mariña endémica do golfo de México e noroeste do Atlántico, rara nas costas de Galicia e do resto de Europa, a onde chegan escasos exemplares divagantes, xeralmente xuvenís. Diferénciase das outras especies de tartarugas mariñas que alcanzan as nosas augas por ter no plastrón 4 placas infra-marxinais cun poro glandular cada unha, e 5-6 placas costais a cada lado da carapaza, que é case tan ancha como longa. A cor da coiraza é olivácea nos adultos e agrisada nos xuvenís. Os adultos poden medir ata 70 cm de lonxitude, pero os exemplares que alcanzan as costas de Galicia adoitan ser xuvenís. Catro individuos varados en

Galicia que foron medidos tiñan entre 25,5 e 38 cm de lonxitude da carapaza. En 2016 atopouse un exemplar desta especie varado na costa do parque natural, na praia de Ladeira.

Reprodúcese en praias tropicais do golfo de México e aliméntase sobre todo de cangruxos, aínda que tamén doutros invertebrados mariños e, ocasionalmente, de algas.

Conservación: considerada globalmente como "en perigo crítico" (CR; UICN, 2019) e en España como "datos insuficientes" (DD; *Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Non incluída no *Catálogo galego de especies ameazadas* (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España pola Lei 42/2007 (anexo V) e polo RD 139/2011 (incluída no LESRPE). Protexida internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo II).

Tartaruga mariña de coiro (*Dermochelys coriacea*)

Nome castelán:

Tortuga laúd.

Inglés:


Leatherback Turtle.

É a tartaruga vivente de maior tamaño, podendo chegar a medir máis de dous metros de lonxitude da coiraza e pesar máis de 500 quilos. Os exemplares observados na zona son adultos, cunha lonxitude da coiraza que supera frecuentemente o metro e medio e, nalgúns casos, os dous metros. Na costa do parque natural, un exemplar varado na praia de Ladeira mediu 1,50 m; outro na praia de Vilar, 1,55 m; e outro máis na costa de Corrubedo, 1,80 m. A coiraza e o plastrón non están recubertos de placas córneas, senón dunha pel coriácea, con 7 quillas lonxitudinais polo dorso e 5 no plastrón. A cabeza é grande, con tres profundas entalladuras na mandíbula superior. Aletas dianteiras moi grandes e potentes, sempre sen uñas.

Coloración denegrida, cun denso punteado de manchas pequenas e brancas.

Habita en augas cálidas de todo o mundo e é unha especie peláxica, que se reproduce en praias tropicais. Aliméntase sobre todo de augamares.

Conservación: considerada globalmente como “vulnerable” (VU; UICN, 2013) e en España como “en perigo crítico de extinción” (CR; *Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). No *Catálogo galego de especies ameazadas* figura como “en perigo de extinción” (EN; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España pola Lei 42/2007 (anexo V) e polo RD 139/2011 (incluída no LESRPE). Protexida internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). Debido á súa dieta de augamares, algúns individuos inxiren por erro plásticos flotantes, que lles ocasionan a asfixia.



Tartaruga mariña de coiro (*Dermochelys coriacea*). Adulto varado na costa de Galicia.

Pódese apreciar o enorme tamaño desta tartaruga comparándoa co brazo e a man que sostén unha cinta métrica. Foto CEMMA.

Lagartos e serpes (orde Squamata)

Lagarto arnal (*Timon lepidus*)



Lagarto arnal (*Timon lepidus*). Macho adulto á esquerda e femia adulta á dereita. Apréciase o menor tamaño da cabeza desta última e a coloración máis apagada que a do macho.

Nome castelán:


Lagarto ocelado.

Inglés:

Ocellated Lizard.

Identificación:

o máis grande dos lagartos do parque natural (e da Península Ibérica), aínda que estas poboacións da costa galega, pertencentes á subespecie *T. l. ibericus*, son os de menor tamaño da especie, alcanzando ata 180 mm de lonxitude da cabeza e o corpo os machos e 160 mm as femias. Ademais do seu maior tamaño, os machos teñen a cabeza moito máis voluminosa e forte que as femias. Cola longa, ata dúas veces esta lonxitude cando está intacta. É un lagarto moi forte e robusto, de cor dorsal verde nos dous sexos, cun fino reticulado negro e vistosas manchas redondas azuis nos costados (os típicos ocelos da especie), máis grandes e numerosas nos machos. Ventre abrancazado ou verdoso claro, sen manchas. Os xuvenís teñen un deseño de ocelos brancos pequenos por todo o corpo sobre un fondo pardo ou oliváceo.





Lagarto arnal. Cabeza de macho adulto, cos vistosos ocelos azuis aos lados do corpo.



Xuvenil neonato de lagarto arnal.

Distribución, abundancia e hábitat: ocupa toda a Península Ibérica (agás algunhas rexións da cornixa cantábrica), presente tamén no sur de Francia e unha pequena zona do noroeste de Italia. Común en case toda Galicia, agás no seu extremo norte. É un dos réptiles máis amplamente distribuídos no par-

que natural, estando presente en case todo el, agás nas zonas máis húmidas e nos areais sen vexetación. Especialmente abundante en zonas con rochas ou grandes pedras, debaixo das que busca refuxio, así como nas áreas de matogueira de toxo (*Ulex*) ou espesuras arbustivas con silveiras (*Rubus*).

Bioloxía: activo de marzo a outubro, aínda que poden verse individuos nos días solleiros do inverno. É doado de observar asollándose en zonas rochosas ou sobre muros de pedra e busca refuxio entre a vexetación densa ao ser molestado. O período de celo comeza a principios de abril, con condutas territoriais dos machos adultos, que poden ser agresivos entre eles. As cópulas prodúcense entre abril e xuño, e uns días despois a femia pon entre 6 e 22 ovos (cunha media duns 12) de cor branca, ovados ou case esféricos, debaixo de grandes pedras ou en galerías que escava na terra. O tempo de incubación oscila entre 66 e 90 días, nacemento os xuvenís desde setembro ata outubro. Ao nacer miden entre 39 e 46 mm de lonxitude da cabeza e o corpo. A madurez sexual pode alcanzarse entre os 2 e os 3 anos de idade, cando acadan un tamaño de 140-145 mm da cabeza e o corpo. Poden vivir entre 10 e 11 anos na natureza. Aliméntase dunha ampla variedade de pre-

sas, predominando na zona os coleópteros, himenópteros, ortópteros e caracois terrestres. Pode consumir tamén froitos, especialmente amoras das silvas (*Rubus*). As cobras lisas europea e meridional capturan os xuvenís, mentres que os adultos son cazados por moitos depredadores, tanto aves como mamíferos.

Conservación: non se considera ameazado globalmente ("preocupación menor", LC) pola UICN (2024) nin en España a subespecie da costa galega, *T. l. ibericus* no *Libro vermello español* (Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se consideran ameazadas en Galicia as poboacións continentais (como a do parque natural), pero si as insulares (*Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en España polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE) e internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo II). Ameazado pola transformación dos seus hábitats e polos incendios.

Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*)



Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*). Macho adulto.

Nome castelán:


Lagarto verdinegro.

Inglés:

Schreiber's Green Lizard.

Identificación:

lagarto grande, pero claramente máis pequeno que o lagarto arnal. Os machos miden ata 117 mm de lonxitude da cabeza e o corpo e as femias ata 120 mm. A cola mide ata 1,5 veces esta lonxitude se está intacta. A cor dorsal é verde nos dous sexos, pero as manchas negras dorsais son finas e densas nos machos e grandes e illadas nas femias. Os machos en celo teñen unha brillante coloración azul intensa na garganta e na cabeza. As femias poden ter tamén a garganta azul, pero máis pálida. O ventre é de cor amarela intensa, moi manchada de negro nos machos e lisa nas femias. Os xuvenís teñen un vistoso deseño, moi diferente do dos adultos, composto por manchas brancas ou amarelentas orladas de negro na cabeza e no corpo, sobre un fondo pardo ou oliváceo, e a cola de cor alaranxada.





Lagarto das silvas. Femia adulta.

Distribución, abundancia e hábitat: endemismo noroccidental ibérico, que ocupa toda Galicia e diversas zonas do oeste e do norte da Península Ibérica. Frecuente en gran parte do parque natural, aínda que moito menos estendido e abundante que o lagarto arnal. Atópase principalmente nas zonas de vexetación densa, sendo frecuente nas áreas arbustivas e de matogueira, especialmente silveiras (*Rubus*) con fentos (*Pteridium*), así como nos bordos de camiños e sendeiros, nas beiras dos ríos (como o Artes ou o Sirves) con

ameneiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix*), nos lindeiros e nos claros dos bosques e preto dos arroios en herbais húmidos con matogueiras. A súa maior dependencia da humidade ambiental que o lagarto arnal fai que os seus núcleos principais de distribución no parque natural se centren nas áreas de maior cobertura vexetal (non arbórea), frecuentemente cerca dos cursos de auga ou das charcas de auga doce. Estes núcleos principais atópanse nas zonas de Olveira, Sirves-Artes, Casal Novo e, sobre todo, Agra de Vilar e Campos de Amendo.



Lagarto das silvas. Cabeza de macho adulto durante o período de celo, coa súa vistosa coloración azul intensa.



Lagarto das silvas. Xuvenil.

Bioloxía: a súa actividade anual esténdese de febreiro ata outubro ou novembro. Na primavera, os machos son moi activos e déixanse ver con facilidade, exhibindo a súa vistosa cabeza azul, mentres que no verán é máis difícil velos entre a vexetación densa. Sempre ligado ás masas arbustivas e aos seus lindeiros, agatuña con facilidade ás silveiras (*Rubus*) para asollarse. Os apareamentos comezan en abril e duran ata xuño, e nesta época é frecuente observar machos e femias xuntos. As femias poñen, segundo o seu tamaño, entre 7 e 24 ovos, brancos, case esféricos, desde finais de maio ata principios de xullo, nun burato que escavan no solo non compacto ou debaixo das pedras. Despois duns 60-70 días de incubación, nacen os xuvenís, en agosto e setembro. No momento da eclosión miden entre 26 e 30 mm de lonxitude da cabeza e o corpo. Alcanzan a madurez aos 2 ou 3 anos de idade e poden vivir ata 12 anos. Consome unha ampla variedade de invertebrados, principalmente coleópteros, ortópteros, himenópteros e caracois terrestres.

No parque natural os adultos son depredados por algunhas aves rapaces (como o miñato ou a tartaruga cincenta) e os xuvenís pola cobra lisa europea e a meridional.

Conservación: non se considera globalmente ameazado ("preocupación menor", LC, UICN, 2024). No conxunto de España é considerado "case ameazado", NT, no *Libro vermello español* (Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se consideran ameazadas as poboacións galegas (non incluído no *Catálogo galego de especies ameazadas*, Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en España pola Lei 42/2007 (anexos II e V) e polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE) e internacionalmente pola Directiva de Hábitats da UE (anexos II e IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). As súas principais ameazas son a alteración dos seus hábitats con vexetación arbustiva e de ribeira, así como os incendios. Sofre frecuentemente depredación por gatos asilvestrados.

Lagarta galega (*Podarcis bocagei*)



Lagarta galega (*Podarcis bocagei*). Macho adulto.

Outros nomes galegos:

Lagarta común, lagartiña común, lagartixa de Bocage.

Nome castelán:


Lagartija de Bocage.

Inglés:

Bocage's Wall Lizard.

Identificación:

lagarta pequena, pero máis grande e robusta que a lusitana, e co corpo e a cabeza non aplanados como nesta última, especialmente a cabeza, que é moito máis alta. O tamaño dos adultos varía entre 45 e 65 mm de lonxitude da cabeza e o corpo, coa cola entre 1,6 e 2 veces esta lonxitude cando está enteira. Os machos son algo máis grandes que as femias e teñen a coloración dorsal verde intensa, mentres que estas últimas son pardas (nalgúns casos verdosas). As liñas claras dorso-laterais están moi ben sinaladas e son continuas en ambos os dous sexos. A coloración ventral adoita ser amarela intensa en machos e femias adultos (o mellor carácter diferencial das dúas lagartas do xénero *Podarcis* na zona), con manchas negras redondeadas, máis grandes nos machos. Os xuvenís teñen a cola de cor verdosa.





Lagarta galega. Femia adulta.



Coloración ventral das dúas especies de lagartas do parque natural. Á esquerda, lagarta galega (*P. bocagei*), de intensa cor amarela; á dereita, lagarta lusitana (*P. lusitanicus*), de cor abrancazada. Machos adultos nos dous casos.

Distribución, abundancia e hábitat: endemismo noroccidental ibérico, presente en case toda Galicia, agás nas bisbarrias de maior influencia climática mediterránea. Atópase ademais no norte de Portugal, extremo noroccidental de Castela e León e parte de Asturias. No parque natural é común e abundante, principalmente na zona central e norte (Olveira, Sirves, A Ponte, As Bouciñas, etc.), sendo moi escasa ou ausente na súa zona sur (véxanse os mapas de distribución desta especie e da lagarta lusitana). Pode ocupar unha ampla variedade de medios, desde os areais e acantilados costeiros ata zonas de matogueira, noiros de terra, lindeiros de bosques e de camiños, cultivos e construcións. A diferenza da lagarta lusitana, que é moito máis rubideira e xeralmente vive asociada aos afloramentos rochosos e noiros de rocha, a galega ocupa preferentemente o solo nos terreos máis chairros de veigas e campiñas, vivindo a miúdo sobre substratos de terra e moito menos de rocha. Moi antropófila, é frecuente nos muros das casas, de xardíns e de terreos.

Bioloxía: as poboacións do parque natural poden estar activas todo o ano, cun máximo de actividade na primavera e un mínimo no inverno, aínda que nesta última estación só desenvolven actividade os días máis solleiros. Diúrna e heliotérmica (exponse ao sol para termorregularse), como o resto dos lacértidos. O período reprodutor é de marzo a principios de xullo, cando os

machos posúen as coloracións máis vistosas, intensamente verdes. A femia pon entre 2 e 7 ovos (media de 4), en relación co seu tamaño, nunha pequena galería na terra que elas escavan ou debaixo dunha pedra, nunha zona moi solleira. As femias pequenas só realizan unha posta ao ano, pero as máis grandes, poden facer ata tres (en abril-maio, xuño e principios de xullo). As crías nacen despois de 50-60 días de incubación, normalmente en agosto e setembro, cun tamaño de 22 a 25 mm de lonxitude da cabeza e o corpo e a cola dunha cor verdosa vistosa. A madureza sexual alcánzase con 1 ou 2 anos de vida e a lonxevidade media é duns 4-5 anos e máxima duns 6-7 anos. A súa alimentación componse de pequenos araneidos e insectos, sobre todo voadores (como dípteros, homópteros e himenópteros), que captura entre as pedras ou na vexetación. É cazada polas dúas especies de cobras lisas do parque natural.

Conservación: non se considera ameazada ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024), nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002), nin en Galicia (non incluída no *Catálogo galego de especies ameazadas*, Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida polo Convenio de Berna (anexo III). Os seus principais factores de ameaza son a remodelación dos muros de pedra que habita e a sucesión da vexetación arbustiva e de matogueira, que cobre os substratos de rocha e pedra que precisa.

Lagarta lusitana (*Podarcis lusitanicus*)



Lagarta lusitana. Femia adulta.

Outros nomes galegos:

Lagartixa dos penedos, lagarta dos penedos, lagartiña dos penedos.


Nome castelán:

Lagartija lusitana.

Inglés:

Lusitanian Wall Lizard.

Nota: durante moito tempo o seu nome científico foi *Podarcis hispanica*, un taxon que ocupaba a maior parte da Península Ibérica; non obstante, diversos estudos xenéticos e morfolóxicos mostraron que en realidade se trataba dun complexo de varias especies diferentes. Dentro deste grupo, as poboacións galegas e doutras zonas do centro e do noroeste ibérico foron asignadas á especie *Podarcis guadarramae*, da cal *lusitanicus* era considerada unha subespecie noroccidental, ata que en 2020 novos estudos a elevaron ao rango de especie.



Identificación: lagarta de pequeno tamaño, cuxos adultos miden entre 42 e 60 mm de lonxitude da cabeza e o corpo. De complexión grácil, ten o corpo e a cabeza moi aplanados debido á súa adaptación á vida entre rochas e pedras, onde busca refuxio en fendas estreitas (é fisurícola). Os machos son de maior tamaño, coa cabeza máis robusta e con deseños dorsais reticulados (as manchas negras únense entre elas formando

unha rede de contornos moi irregulares), mentres que as femias mostran raias escuras e claras lonxitudinais. A coloración dorsal xeralmente é parda, aínda que a miúdo se transforma en verde ou verdosa nos machos en celo. A coloración ventral é abrancazada nas femias e branca tinguida de rosa ou alaranxada nos machos, que poden ter manchas azuis e negras nas escamas ventrais externas. Os xuvenís teñen a cola de cor verdosa vistosa.



Lagarta lusitana (*Podarcis lusitanicus*). Macho adulto.

Distribución, abundancia e hábitat: especie endémica do noroeste da Península Ibérica, que se distribúe, ademais de en Galicia, no terzo norte de Portugal, noroeste de Castela e León, diversas zonas de Asturias e extremo occidental de Cantabria. En Galicia ocupa a metade sur, principalmente Ourense e Pontevedra, al-

canzando pola costa o sur da provincia da Coruña. No parque natural atópase preto do seu límite norte pola costa (ría de Corcubión). Está presente sobre todo nas zonas rochosas e pedregosas con matogueira aberta, así como muros de pedra de construcións, onde pode chegar a ser localmente abundante.

Está moito máis ligada aos substratos rochosos e é mellor rubideira que a lagarta galega. Ocupa principalmente o extremo noroeste do parque natural (contorna do núcleo de Corrubedo), unha parte da zona periférica leste (contorna do monte da Cidade) e a metade sur (Vixán, Carreira, A Graña), ata a súa zona central, en Casal Novo, Casa da Costa e Vilar.

Bioloxía: activa todo o ano, agás nos períodos máis fríos do inverno. A actividade diaria é unimodal (un máximo ao mediodía) na primavera e no outono, e bimodal (máximos pola mañá e pola tarde, cun mínimo ao mediodía) no verán. O período de celo comeza en marzo e dura ata xuño. O período de postas esténdese de abril a mediados de xullo e, durante el, cada femia pode realizar entre unha e tres postas, en función do seu tamaño (as máis grandes máis). Poñen entre 1 e 5 ovos en cada posta (con medias de 2,7-2,9 ovos), tamén en relación co tamaño da femia, nun pequeno burato que escavan entre raíces ou baixo pedras. Os primeiros xuvenís acabados de nacer aparecen en xullo, prolongándose as eclosións ata setembro. A cor dorsal dos xuvenís é parda, coa cola verdosa; miden entre 21 e 25 mm da cabeza e o corpo.

Alcanzan a madurez sexual no primeiro ou segundo ano de vida, cuns 42-43 mm de lonxitude, e poden vivir en liberdade uns 4 ou 5 anos.

Aliméntanse principalmente de pequenos artrópodos (sobre todo insectos voadores) e arácnidos. O seu principal depredador no parque natural é a cobra lisa meridional (*Coronella girondica*).

Conservación: non se considera ameazada ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024), nin no conxunto de España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002), nin en Galicia (non incluída no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida polo Convenio de Berna da UE (anexo III, co nome de *Podarcis hispanica*).



Macho adulto de lagarta lusitana. Esta especie é moi trepadora e encarámase por paredes e rochas verticais.

Esgonzo común (*Chalcides striatus*)



Esgonzo común no areal de Olveira.

Outros nomes galegos:

Esgonzo tridáctilo, escáncer de patas común.

Nome castelán:


Eslizón tridáctilo.

Inglés:

Iberian Three-toed Skink.

Identificación:

lagarto de corpo moi longo, cilíndrico, parecido a unha pequena serpe, pero ten unhas patas diminutas, de 4-7 mm de longo, que finalizan cada unha en tres dedos. Mide ata 215 mm de lonxitude da cabeza e o corpo, sendo a cola ata 1,3 veces esta lonxitude cando está enteira. A cabeza é pequena e cónica, con ollos tamén pequenos, con pálpebras móbiles e orificios auditivos moi ben sinalados. Escamas do corpo grandes e moi lisas. A coloración e o deseño son moi constantes, con 9 a 11 liñas lonxitudinais marróns sobre un ton de fondo pardo agrisado claro. Os sexos son moi semellantes, pero as femias alcanzan tamaños maiores e son máis grosas que os machos.





Detalle da cabeza do esgonzo común.

Distribución, abundancia e hábitat: especie do Mediterráneo occidental. Ocupa a maior parte da Península Ibérica e case toda Galicia, sendo máis frecuente nas rexións máis cálidas, especialmente nas bisbarras costeiras. Moí común e estendida por todo o parque natural. Alcanza as maiores densidades nos hábitats con boa cobertura herbácea e ben expostos ao sol, como herbais de gramíneas (*Festuca*, *Agrostis*) e zonas de matogueira aberta, principalmente de toxo (*Ulex*), onde chega a ser moi abundante. Vive tamén nos areais con tal de que teñan vexetación herbácea, así como en zonas pedregosas, rochosas, lindeiros de bosques e marxes de cultivos e camiños.

Bioloxía: a súa actividade anual esténdese desde finais de febreiro ou marzo ata outubro ou novembro, aínda que pode estar activo tamén os días cálidos do inverno. É diúrno e desprázase entre a herba con rápidas ondulacións do corpo, refuxiándose na vexetación densa ou debaixo das pedras. O período reprodutor comeza en abril, producíndose as cópulas neste mes e en maio. É unha especie vivípara (ovovivípara), cun longo período de xestación.

Os partos teñen lugar no parque natural a finais de xullo e en agosto. Cada femia pare, en función do seu tamaño, entre 2 e 12 crías que miden ao nacer entre 43 e 52 mm de lonxitude da cabeza e o corpo. Non hai datos da idade de madurez sexual nin da lonxevidade. A súa alimentación componse de arañas terrestres, insectos, isópodos e pequenos caracois, que captura entre a vexetación ou debaixo dela. O seu principal depredador no parque natural é a cobra lisa meridional (*Coronella girondica*).

Conservación: non se considera ameazado ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se considera ameazado en Galicia; non está incluído no *Catálogo galego de especies ameazadas* (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en España polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE) e internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). Sensible á alteración dos herbais onde habita pola expansión de plantas invasoras e da vexetación arbustiva polo abandono dos labores agrícolas e gandeiros tradicionais. Tamén moi afectado polos incendios.

Escáncer común (*Anguis fragilis*)



Escáncer común (*Anguis fragilis*), macho adulto.

Outros nomes galegos:

Esgonzo, liscáncer, liscanzo, alicrán, boeiro, cristalina, escouparón, verme cego (entre outras moitas variantes, xa que é moi coñecido popularmente).

Nome castelán:


Lución común.

Inglés:

Slow Worm.

Identificación:

lagarto que carece de patas, polo que externamente pode parecer unha pequena serpe, pero diferénciase delas por ter os ollos con pálpebras móbiles, as escamas da rexión ventral iguais ás dorsais e a cola moi longa en proporción ao corpo cando está enteira, podéndose desprender dela con facilidade, como fan o resto dos lagartos (é autotómica: o animal rómpea ao ser suxeitada por un depredador). Corpo cilíndrico e moi alongado, coas escamas moi lisas. A cabeza é pequena, cun colo pouco definido. A lonxitude da cabeza e do corpo dos adultos oscila entre 130 e 230 mm; a cola ten de 1,0 a 1,3 veces esta lonxitude, pero moi frecuentemente é moito menor ao estar rota. Pel moi rixida pola presenza de osteodermos (pequenas placas óseas na pel, debaixo das escamas).



Os machos adultos teñen unha coloración relativamente uniforme, pardos ou agrisados, mostrando os máis vellos manchas azuis no terzo anterior do corpo durante o celo. As femias adultas posúen unha

banda dorsal clara, ocre ou parda, e os costados e o ventre marrón moi escuro. Os xuvenís teñen o dorso amarelo ou ocre cunha liña vertebral negra e os costados e o ventre negro brillante.



Escáncer común, femia adulta. Neste sexo, os costados do corpo son máis escuros que o dorso.



Escáncer común. Xuvenís ao acabaren de nacer, coa súa característica cor dorsal clara.

Distribución, abundancia e hábitat: especie de carácter bioxeográfico eurosiberiano, moi estendida por gran parte de Europa, alcanzando Escandinavia polo norte e Polonia polo leste. Na Península Ibérica ocupa a metade norte e está presente en toda Galicia. No parque natural atópase moi amplamente distribuída e é común, chegando a ser localmente abundante, aínda que é difícil de ver pola súa vida oculta, pois polo xeral desenvolve a súa actividade baixo a vexetación. Ocupa as zonas de matogueira, tanto densa como aberta, os bosques e os seus lindeiros, e, sobre todo, os herbais, principalmente os situados sobre solos profundos, pero tamén sobre chans areentos, así como as sebes vivas de separación entre terreos e as zonas arbustivas con silveiras (*Rubus*).

Bioloxía: vive entre a vexetación densa, principalmente herbácea, aínda que tamén arbustiva; con frecuencia pasa desapercibido ao desprazarse baixo ela, levando unha vida semisubterránea. Refúxiase debaixo das pedras e troncos, así como en galerías de micro-mamíferos. É doado de localizar ao levantar as pedras baixo as que permanece inactivo. A súa actividade anual esténdese de febreiro a novembro, variando en relación coa climatoloxía de cada ano. Esta actividade está moi condicionada pola temperatura e a humidade ambiental, diminuindo nos períodos máis secos e máis fríos. A reprodución comeza en abril, tendo lugar os apareamentos a finais deste

mes, en maio e en xuño. Durante a cópula, o macho morde a femia detrás da cabeza, deixándolle sinais nas escamas do colo. Esta especie é vivípara (ovovivípara), retendo a femia os ovos no seu interior e dando á luz crías completamente formadas en agosto e setembro, tras un período de xestación duns tres meses. O número de crías por parto oscila entre 5 e 12, en relación co tamaño da femia. O crecemento é lento. Nas poboacións galegas alcánzase a madurez sexual xeralmente aos 3 anos de vida, cunha lonxitude da cabeza e o corpo de 130-150 mm. É unha especie moi lonxeva, que pode vivir máis de 20 anos. A súa alimentación está condicionada polo seu microhábitat (semisubterráneo e os niveis máis baixos da vexetación) e pola súa conduta lenta e pausada, capturando principalmente miñocas, lesmas e larvas de insectos.

Conservación: non se considera ameazado ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se consideran ameazadas as poboacións continentais galegas no *Catálogo galego de especies ameazadas*, aínda que si as insulares (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexido en España polo RD 139/2011 (incluído no LESRPE) e internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). As súas principais ameazas son a alteración dos seus hábitats, xeralmente por cambios nos usos do solo, os incendios e a depredación polos xabaris.

Cobra de escada (*Zamenis scalaris*)



Cobra de escada. Detalle da cabeza.

Outro nome galego:

Serpe riscada.

Nome castelán:

Culebra de escalera.

Inglés:

Ladder Snake.

Nota: esta especie cambiou de nome científico nos últimos anos, pois con anterioridade denominábase *Elaphe scalaris* e posteriormente *Rhinechis scalaris*, segundo foron progresando os estudos filoxenéticos, ata a súa actual adscripción ao xénero *Zamenis*.



Identificación: cobra relativamente grande e forte, que pode alcanzar os 150 cm de lonxitude total. Cor dorsal parda ou ocre uniforme, cun deseño composto por dúas liñas escuras lonxitudinais paralelas que, nos xuvenís e subadultos, están unidas por barras negras transversais, perpendiculares a estas liñas dorsais, o que parece un debuxo "en escaleira" (de

onde provén o nome da especie). Estes xuvenís teñen ademais unha cor de fondo amarelenta, moito máis clara que os adultos. Ventre amarelento uniforme. Femias máis grandes e fortes que os machos. Especie aglifa, sen veneno nin cairos inoculadores, a súa mordedela é absolutamente inocua, aínda que é vigorosa e pode ser agresiva, mordendo ao ser capturada.



Cobra de escada (*Zamenis scalaris*). Exemplar subadulto no cal se aprecian as manchas escuras en forma de "chanzos de escada" ao longo do dorso, así como a cor amarelenta de fondo.



Cobra de escada. As barras escuras transversais do dorso dos individuos xuvenís transfórmanse en dúas liñas lonxitudinais no adulto sobre un fondo pardo claro.

Distribución, abundancia e hábitat: especie ibérica que tamén se estende pola costa mediterránea francesa. Ocupa case toda a península, agás a franxa Cantábrica e os Pireneos. En Galicia distribúese pola metade sur. Na Coruña, pola costa, alcanza cara ao norte os montes do Pindo (Carnota). No parque natural é unha especie moi escasa, con poucas observacións, realizadas nas zonas periféricas, xeralmente en áreas moi solleiras, con pedras, rochas e matogueiras. Tamén en lindeiros de zonas arbustivas.

Bioloxía: a actividade anual esténdese de marzo a outubro. A actividade diaria é diúrna, aínda que tamén é crepuscular e nocturna nos períodos máis cálidos do verán. Refúxíase debaixo de grandes pedras, muros ou galerías de mamíferos (como coellos). Os apareamentos prodúcense sobre todo en maio e xuño, e aproximadamente un mes despois (entre 20 e 46 días), a femia realiza a posta de entre 4 e 25 ovos, en relación co seu tamaño, brancos e alongados, dos que nacen as crías tras 50-60 días de incubación. Os xuvenís miden entre 27 e 38 cm de lonxitude total, e teñen un deseño inconfundible de barras transversais negras no dorso sobre

un ton de fondo amarelento pálido. Madureza sexual aos 4 anos nos machos (cando alcanzan 50 cm de lonxitude da cabeza e o corpo) ou 5 anos nas femias (cuns 66 cm de lonxitude da cabeza e o corpo), sendo a lonxevidade duns 19 anos.

A alimentación dos adultos consiste principalmente en mamíferos, como ratas (*Rattus*), ratos (*Apodemus*, *Microtus*) e crías de coello. Os xuvenís, pola contra, consomen crías de roedores e lagartas.

Conservación: non se considera ameazada ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2024) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se consideran ameazadas as poboacións continentais galegas no *Catálogo galego de especies ameazadas*, aínda que si as insulares (Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España polo RD 139/2011 (incluída no LESRPE) e internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). As súas principais ameazas son os incendios en zonas arbustivas e de matogueira e a persecución humana directa (como lles sucede á maior parte dos ofidios). Tamén sofre frecuentes atropelos en estradas ao termorregularse sobre o asfalto.

Cobra lisa europea (*Coronella austriaca*)



Cobra lisa europea. Macho adulto

Outros nomes galegos:

Cobra lagarteira común, cobra lisa común.

Nome castelán:

Culebra lisa europea.

Inglés:

Smooth Snake.

Identificación:

ofidio de pequeno tamaño, cuxos adultos miden, polo xeral, entre 50 e 65 cm de lonxitude total, excepcionalmente ata 75 cm. O exemplar máis grande medido no parque natural foi unha femia de 63 cm de lonxitude total de Olveira. Teñen as escamas dorsais moi lisas e a cor dorsal de fondo é gris ou parda, cun deseño de manchas marróns escuras ou negras. De xeito característico, posúe unha liña escura que cruza o ollo a cada lado da cabeza, como un fino anteface. Detrás da cabeza ten unha mancha escura en forma de U, cos brazos cara atrás, continuándose en dúas bandas pardo escuras lonxitudinais ao longo do dorso.



Diferénciase da cobra lisa meridional por ter a coloración ventral uniforme, negra, ocrácea ou gris escura (alaranxada nos xuvenís), o ollo bordeado inferiormente pola 3.^a e 4.^a escamas supralabiais e 19 filas de escamas dorsais nun anel no centro do corpo. Sexos semellantes.

No parque natural e no resto de Galicia está presente a subespecie *C. a. acutirostris*, co fociño máis prominente que a forma nominal. Especie aglifa (carece de cairos especializados), sen veneno; a súa mordedela é absolutamente inocua.



Detalle da cabeza da cobra lisa europea.

Distribución, abundancia e hábitat: especie de carácter bioxeográfico eurosiberiano, amplamente estendida pola maior parte de Europa, ata o sur de Escandinavia, Turquía e Rusia. Na Península Ibérica ocupa a metade norte e certas zonas montañosas do centro e do sur. Presente en toda Galicia, sendo máis abundante nas provincias do norte, A Coruña e Lugo. Non obstante, no parque natural é moito máis escasa que a cobra lisa meridional, aínda que aparece de xeito disperso por gran parte del, sobre todo na zona norte e nordeste, nas áreas

de matogueira e lindeiros de bosques, pero tamén en zonas máis secas, como areais (atopámola baixo pedras en dunas grises na zona de Olveira). Pode ocupar unha gran variedade de hábitats, como bosques abertos, piñeirais, muros vellos de pedra na periferia de hortas e terreos. Pero o seu medio máis típico son as zonas de matogueira densa, como toxeirais (*Ulex*), breixeirais (*Erica*, *Calluna*) e xesteiras (*Cytisus*), así como silveiras (*Rubus*). En xeral, adoita ocupar zonas máis húmidas e con maior cobertura vexetal que a cobra lisa meridional.



Escamas ventrais da cobra lisa europea. A súa coloración é homoxénea, sen manchas escuras en contraste con zonas claras.

Bioloxía: período anual de actividade de marzo a outubro. A actividade diaria é sobre todo diúrna, aínda que pode ser crepuscular con tempo moi cálido. Desprázase principalmente entre a vexetación densa, polo que adoita ser difícil de observar, localizándoa ao levantar pedras, baixo as que se refuxia. O período reprodutor comeza cos apareamentos, que teñen lugar de marzo a maio (en ocasións existe un segundo celo outonal en setembro e outubro). O ciclo é bienal, reproducíndose as femias cada dous anos. É vivípara (ovovivípara); a femia retén os ovos no seu interior e dá a luz de 2 a 16 crías, en relación co tamaño da nai, en setembro e outubro (ás veces xa desde finais de agosto). Os neonatos miden entre 15 e 19 cm de lonxitude total e o seu deseño e cor son moi semellantes ao dos adultos. A madurez sexual nos machos prodúcese aos 2 ou 3 anos de vida e nas femias aos 4 ou 5 anos, cando alcanzan un tamaño de 41-46 cm de lonxitude da cabeza e o corpo. En liberdade poden vivir ata uns 9 ou 10 anos, aínda que se rexistraron idades máximas de ata 17 anos.

Na zona do parque natural (e no resto de Galicia) a súa alimentación componse de réptiles nun 85 % (principalmente lagartas, *Podarcis bocagei* e *P. lusitanicus*, crías de lagartos, escánceres, *Anguis fragilis* e esgonzos, *Chalcides striatus*). O 15 % restante fórmano os micromamíferos (ratos, *Apodemus*, *Microtus* e musarañas, *Sorex* e *Crocidura*).

Conservación: considerada non ameazada ("preocupación menor", LC) tanto globalmente (UICN, 2017) como en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se considera ameazada en Galicia (non incluída no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España pola Lei 42/2007 (anexo V) e polo RD 139/2011 (incluída no LESRPE) e internacionalmente pola Directiva de Hábitats (anexo IV) e polo Convenio de Berna (anexo II). As súas principais ameazas na zona son os incendios, a alteración dos hábitats (xeralmente por cambios nos usos do solo) e a depredación por xabaris.

Cobra lisa meridional (*Coronella girondica*)



Cobra lisa meridional. Adulto de Agra de Vilar.

Outros nomes galegos:

Cobra lagarteira meridional.

Nome castelán:


Culebra lisa meridional.

Inglés:

Southern Smooth Snake.

Identificación:

cobra esvelta e de pequeno tamaño, aínda que algo maior que a cobra lisa europea, podendo superar os 80 cm de lonxitude total e excepcionalmente alcanzar os 90 cm. O exemplar máis grande medido no parque natural foi unha femia de 73 cm de lonxitude total do monte da Lavandeira. Ten as escamas dorsais lisas e a cor de fondo dorsal é parda ou gris cun deseño de manchas escuras. Como a especie anterior, posúe unha liña negra desde a comisura bucal ata o ollo, como un delgado anteface. A cor ventral é branca ou amarelenta, cun deseño de manchas negras cuadrangulares "en taboleiro de xadrez", o que permite diferenciala doadamente da cobra lisa europea, que o ten uniforme.



Tamén se diferencia por ter o ollo bordeado inferiormente pola 4.^a e 5.^a escamas supralabiais e 21 filas de escamas dorsais nun anel no centro do corpo. Os sexos

son moi semellantes, sendo as femias algo maiores que os machos. Especie aglifa, sen cairos e sen veneno; a súa mordedela é absolutamente inocua.



Detalle da cabeza da cobra lisa meridional.



Escamas ventrais da cobra lisa meridional. É típica a súa coloración de manchas negras cuadrangulares sobre fondo amarelento.

Distribución, abundancia e hábitat: especie do Mediterráneo occidental, vive na maior parte da Península Ibérica, sur de Francia, norte de Italia e noroeste de África. En Galicia distribúese case uniformemente polas provincias do sur (Pontevedra e Ourense), mentres que en Lugo e A Coruña é tamén común no sur, pero a súa distribución vólvese puntual no centro e falta no norte. No parque natural é moito máis abundante que a cobra lisa europea e está estendida por todo el, aínda que é difícil de observar polos seus costumes nocturnos e lapidícolas (refúxiase debaixo das pedras). Ocupa preferentemente as zonas secas e pedregosas con matogueiras e ben expostas ao sol, pero tamén habita en muros e cercas de pedra de bordos de cultivos, así como en bosques abertos. En xeral está moi ligada ás toxeiras (*Ulex*), breixeiras (*Erica*, *Calluna*), silveiras (*Rubus*) e carpáceiras (*Cistus*).

Bioloxía: actividade anual desde febreiro ata novembro, aínda que poden atoparse tamén exemplares activos en días solleiros de decembro e xaneiro, pero en baixa proporción. A diferenza da cobra lisa europea, que é diúrna, a actividade diaria desta especie é fundamentalmente crepuscular e nocturna, aínda que na primavera e no outono tamén pode estar activa en pleno día. Durante o día adoita refuxiarse debaixo das pedras. O período reprodutor comeza en abril, tendo lugar os aparea-

mentos desde este mes ata principios de xuño. Tamén, a diferenza da cobra lisa europea, que é vivípara, esta especie é ovípara; pon entre 4 e 10 ovos, brancos, alongados e case cilíndricos, dos que nacen os xuvenís ao cabo duns dous meses. Os poucos datos recollidos indican que as postas teñen lugar nesta zona sobre todo en xullo. Os neonatos miden entre 17 e 19,5 cm de lonxitude total. Poden alcanzar ata 15 anos de vida. A súa dieta é fundamentalmente sauriófaga, alimentándose de esgonzos (sobre todo *Chalcides striatus*, ata o 41 % das súas presas), lagartas (*Podarcis bocagei* e *P. lusitanicus*, 35-45 %) e crías de lagartos (6-10 %). Outras presas son escánceres comúns (*Anguis fragilis*) e crías doutras especies de cobras.

Conservación: considerada non ameazada ("preocupación menor", LC) tanto globalmente (UICN, 2025) como en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002). Tampouco se considera ameazada en Galicia (non incluída no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España polo RD 139/2011 (incluída no LESRPE) e internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). As súas principais ameazas son os incendios en zonas de matogueira e os cambios nos usos do solo. Tamén é frecuente vítima de atropelos, xa que ás veces se termorregula sobre o asfalto das estradas.

Cobra de collar ibérica (*Natrix astreptophora*)



Cobra de collar ibérica. Adulto de coloración escura.

Nome castelán:


Culebra de collar mediterránea,
culebra de collar ibérica.

Inglés:

Iberian Grass Snake.

Nota: anteriormente o seu

nome científico era *Natrix natrix*, a cobra de collar común, pero en 2016 elevouse ao rango de especie a subespecie ibérica, *N. n. astreptophora*, descrita no século XIX polo naturalista galego Víctor López Seoane.



Identificación: cobra de tamaño relativamente grande, que pode alcanzar ata 90 cm de lonxitude total os machos e ata 120 cm as femias nas poboacións galegas. Os exemplares de maior tamaño atopados no parque natural ata agora foron unha femia de Vilar de 98 cm de lonxitude total e un macho de Olveira de 76 cm. Teñen a pupila do ollo redonda e o iris avermellado. As escamas dorsais son carenadas (cunha pequena quilla central). Cor dorsal moi variable, aínda que normalmente son pardas ou grises, xeralmente con escasas manchas negras. Esta cor varía coa idade, sendo grises ao naceren e despois vólvense pardas, ocreas ou oliváceas, en ocasións avermelladas. Os exemplares máis vellos son de cor agri-

sada case homoxénea, con escasas manchas escuras. O ventre é branco, con manchas negras cuadrangulares. É moi característico dos exemplares novos ter detrás da cabeza unha mancha branca amarelenta bordeada de negro, moi visible (como un "colar", de onde deriva o seu nome común). Este collar desaparece nos exemplares adultos. As femias son moito maiores e máis fortes que os machos. Especie aglifa, sen veneno nin cairos inoculadores; a súa mordedela é completamente inofensiva. A súa única defensa cando é molestada é expulsar pola cloaca un líquido fedorento. Se a pesar de todo segue sendo manipulada, faise a morta, o que tamén é característico desta especie.



Cobra de collar ibérica (*Natrix astreptophora*). Femia adulta de coloración homoxénea, moi característica nos exemplares de maior idade.



Cobra de collar ibérica. Xuvenil co seu característico “colar” no colo, branco amarelento, rodeado de negro, en forte contraste. Esta coloración pérdese no adulto.

Distribución, abundancia e hábitat: especie propia da Península Ibérica e de determinadas rexións do noroeste de África. Distribúese por toda Galicia e o resto da Península Ibérica. No parque natural é moi común e está amplamente repartida por todo el, sobre todo nas proximidades de ríos, charcas, lagoas de auga doce e herbais húmidos. Nada moi ben e é frecuente nestes medios acuáticos, aínda que, a diferenza da cobra viperina, pode vivir moi afastada da auga, sendo tamén común en zonas de matogueira, lindeiros de bosques, pradarías, espesuras arbustivas con silveiras (*Rubus*) e bordos de cultivos.

Bioloxía: o período anual de actividade esténdese de finais de febreiro ou comezos de marzo ata principios de novembro. A súa actividade diaria é funda-

mentalmente diúrna, aínda que pode ser tamén crepuscular en días cálidos de verán. Ten dous períodos de celo, un primaveral e outro secundario no outono, que se limita só a algúns exemplares. O principal período de apareamentos prodúcese en abril e maio. En xuño ou principios de xullo as femias poñen entre 6 e 50 ovos (en relación co seu tamaño), brancos e alongados, en lugares húmidos e cálidos, como cúmulos de vexetación en descomposición ou esterco, que achegan humidade e calor á incubación. As crías nacen en setembro ou outubro; no momento da eclosión miden entre 14 e 22 cm de lonxitude total e teñen o característico “colar” negro e branco na unión da cabeza co colo. Os machos alcanzan a madureza sexual aos 3 anos e as femias aos 4 ou 5. Poden vivir ata os 18 anos en liberdade.

A súa alimentación compoñese fundamentalmente de anfibios e no parque natural observámola capturando sobre todo ras verdes comúns (*Pelophylax perezi*), sapiños pintados (*Discoglossus galganoi*) e sapos comúns ibéricos (*Bufo spinosus*), pero tamén sapos de esporóns (*Pelobates cultripes*) e tritóns comúns (*Lissotriton boscai*). É moi boa nadadora, pero non adoita cazar dentro da auga e moi raramente o fai somerxida.

Conservación: non se considera ameazada ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2025) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos

et al., 2002). Tampouco se consideran ameazadas as poboacións continentais galegas, aínda que si as insulares (*Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España polo RD 139/2011 (incluída no LESRPE) e internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). En todos os casos (agás na UICN, 2025), co nome de *Natrix natrix*. Ameazada pola degradación das zonas húmidas e polas especies invasoras, que lle afectan tanto directamente como indirectamente, ao diminuíren as súas presas (anfibios). Frecuente vítima de atropelos en estradas.



Xuvenil de cobra de collar ibérica realizando o comportamento de "facerse a morta" como mecanismo de defensa fronte a un depredador. O exemplar atópase en perfecto estado, pero simula estar agonizante.

Cobra viperina (*Natrix maura*)



Cabeza de cobra viperina.

Nome castelán:


Culebra viperina.

Inglés:

Viperine Snake.

Identificación:

cobra de mediano tamaño; nas poboacións non insulares de Galicia os tamaños máximos rexistrados foron de 65 cm de lonxitude total nos machos e 87 cm nas femias. No parque natural os exemplares máis grandes atopados ata agora foron unha femia de 69 cm de lonxitude total de Olveira e un macho de 55 cm de Vixán. Escamas dorsais carenadas e pupila do ollo redonda. Ten unha coloración moito máis contrastada que a cobra de collar ibérica, cunha cor de fondo variable, verdosa, parda, alaranxada ou mesmo denegrida, e un debuxo dorsal negro en zigzag, semellante ao dalgunhas víboras (de aí o seu nome común).



Os exemplares máis vellos poden ser moi escuros, algúns case completamente negros (de onde provén o seu nome científico: *maura* = escura). As femias son bastante máis grandes que os machos, co corpo

máis grosso. Especie aglifa, sen veneno; a súa mordedela é completamente inofensiva. Como mecanismo de defensa cando é molestada, expulsa pola cloaca un líquido fedorento.



Cobra viperina (*Natrix maura*). A súa coloración pode ser moi variable, mesmo avermellada, como este exemplar de Vilar.



Cobra viperina. Exemplar novo saíndo da auga. Trátase dunha especie moi acuática, sempre ligada a medios húmidos.

Distribución, abundancia e hábitat: especie do Mediterráneo occidental que habita tanto o suroeste de Europa como o noroeste de África. Ocupa a maior parte da Península Ibérica e está moi amplamente repartida no centro e sur de Galicia, sendo máis escasa no norte e ausente da súa franxa máis setentrional. No parque natural é, xunto coa cobra de collar ibérica, o ofidio máis común e atópase distribuído por todo el, principalmente nas beiras das zonas húmidas e en todo tipo de medios acuáticos de auga doce, como ríos, arroios, lagoas, charcas diversas e estanques de regadío. Moi vinculada a estes medios acuáticos, só excepcionalmente pode aparecer afastada da auga, en hábitats máis secos, como matogueiras ou herbais.

Bioloxía: é o máis acuático de todos os ofidios do parque natural (e ibéricos); nada e mergúllase moi ben, refuxiándose na auga e buscando as presas nela. A súa actividade anual esténdese de febreiro ou marzo ata novembro. A actividade diaria é basicamente diúrna, pero tamén crepuscular ou nocturna con tempo cálido. Período reprodutor de abril a xuño, aínda que pode existir un segundo celo outonal en setembro e outubro. Entre xuño e xullo as femias poñen de 4 a 17 ovos (ás veces ata 24), en relación co seu tamaño, de cor

branca e máis alongados que os da cobra de collar ibérica. As crías nacen desde finais de agosto ata outubro, medindo no momento da eclosión entre 13 e 19 cm de lonxitude total. O deseño dorsal e da cabeza é máis contrastado que o dos adultos. Os machos alcanzan a madureza sexual aos 2 ou 3 anos e as femias aos 4 ou 5 anos. Poden vivir ata 20 anos, sendo máis lonxevas as femias. A súa dieta componse de peixes (10-58 %; porcentaxes mínimas e máximas en Galicia), larvas de anfibios (5-30 %), anfibios adultos (20-38 %) e invertebrados (16-20 %), nos cales predominan as miñocas. Adoita cazar as súas presas somerxida. Moi áxil, refúxiase rapidamente na auga ao ser descuberta.

Conservación: non se considera ameazada ("preocupación menor", LC), nin globalmente (UICN, 2025) nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002) nin en Galicia (non incluídas no *Catálogo galego de especies ameazadas* as poboacións continentais, aínda que si as insulares; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida en España polo RD 139/2011 (incluída no LESRPE) e internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). É moi sensible á alteración e contaminación das masas de auga que habita, así como á introdución de especies invasoras nelas.

Víbora de Seoane (*Vipera seoanei*)



Víbora de Seoane (*Vipera seoanei*). Individuo adulto.

Nome castelán:


Víbora de Seoane, víbora cantábrica.

Inglés:

Seoane's Viper.

Identificación:

ofidio de pequeno tamaño, que alcanza como máximo 60 cm de lonxitude total. Corpo groso e cola curta; cabeza triangular e ollo coa pupila vertical (a diferenza do resto das serpes do parque natural, que a teñen redonda) e o iris avermellado. Escamas dorsais carenadas e as escamas da parte superior da cabeza pequenas. Cor de fondo parda ou ocre, cunha banda vertebral ancha marrón escura ao longo do dorso, reberetada de manchas negras en forma de zigzag e dúas liñas lonxitudinais claras. Cor ventral negra, con puntos brancos pequenos. Non son raros os individuos melánicos, completamente negros.



Machos de menor tamaño que as femias e coa cola comparativamente máis longa. Especie solenoglifa, con veneno e dous dentes na parte anterior da mandíbula superior, longos, delgados e ocos (os "cairos") conectados ás glándulas vele-

nosas, que son retráctiles e que levanta no momento de morder. É a única especie de réptil venenoso de todo o parque natural. Mordedela perigosa, pero doada de evitar, xa que esta especie é moi tímida e foxe rapidamente ao achegarnos.



Víbora de Seoane. Exemplar novo.



Detalle da cabeza dunha víbora de Seoane, coa súa característica pupila vertical e iris avermellado.

Distribución, abundancia e hábitat: endemismo do norte ibérico, só vive en Galicia, extremo norte de Portugal e cornixa cantábrica ata o País Vasco. No conxunto de Galicia é común, desde o nivel do mar ata a montaña. No parque natural é relativamente escasa e pouco frecuente, aínda que pode atoparse en diferentes hábitats, desde prados moderadamente húmidos ata areas costeiras con vexetación. É algo máis común nas zonas periféricas do parque, en lindeiros de bosques, matogueiras de toxos (*Ulex*) e zonas arbustivas con silveiras (*Rubus*) e fentos.

Bioloxía: leva unha vida moi oculta, ao abeiro de arbustos e matogueiras, saíndo moi poucas veces a terreo descuberto, polo que é difícil de ver. O período de inactividade invernal é moi curto nesta zona, así que é posible ver exemplares activos desde febreiro ata novembro en anos favorables. A actividade diaria é diúrna case todo o ano, pero pódese volver parcialmente nocturna nos días máis cálidos do verán. O período de celo e os apareamentos prodúcense de abril a maio. É unha especie vivípara (ovovivípara); as femias reteñen os ovos no seu interior e paren entre 3 e 10 crías, en relación co seu tamaño, desde mediados de agosto ata outubro. No momento do parto, as crías miden de 15 a

18 cm de lonxitude total. O seu crecemento é lento, tardando en alcanzar a madureza sexual 3 ou 4 anos, cando teñen de 30 a 38 cm de lonxitude total.

A súa lonxevidade é duns 13 anos. O veneno e o aparato inoculador (dous finos dentes ocos, como agullas hipodérmicas) é unha adaptación á súa dieta de micromamíferos, que nas poboacións da provincia da Coruña constitúen o 83 % das presas. Aliméntase fundamentalmente de cortas dos prados (*Microtus lusitanicus*), trilladeiras dos prados (*Microtus agrestis*), ratos de campo (*Apodemus sylvaticus*) e musarañas (*Sorex*, *Crocidura*). O resto constitúeno lagartas (7 %) e anfibios (10 %), que son consumidos polos exemplares máis novos.

Conservación: considerada globalmente como "case ameazada", NT (UICN, 2024). Non considerada ameazada nin en España (*Libro vermello español*; Pleguezuelos *et al.*, 2002) nin en Galicia (non incluída no *Catálogo galego de especies ameazadas*; Decreto 88/2007, Xunta de Galicia). Protexida internacionalmente polo Convenio de Berna (anexo III). As súas principais ameazas son a destrución e a transformación dos hábitats e os incendios. Tamén os atropelos en estradas e a persecución humana directa.

Que facer ante unha mordedela de víbora?: a víbora de Seoane é pouco agresiva e moi tímida; foxe rapidamente ante a presenza humana, polo que é moi pouco probable sufrir unha mordedela. Ademais, o seu veneno adoita ser pouco activo comparado co doutras serpes venenosas, polo que o risco dun desenlace fatal é pequeno. Non obstante, a súa toxicidade é un feito, polo que nunca hai que intentar collelas coa man nin achegarse demasiado a elas, o que é máis que suficiente para non correr riscos de mordedela. O veneno desta víbora, igual que o doutras especies do seu xénero, ten un efecto hemolítico relativamente forte, producindo hemorrxias internas e danos nos tecidos na zona mordida, pero un efecto neurotóxico moi débil. En caso de que se produza unha mordedela, hai que considerala sempre como unha urxencia médica e trasladar a persoa afectada a un centro médico. En primeiro lugar, tras a mordedela, hai que inmovilizar a zona afectada, manténdoa relaxada e a un nivel máis baixo que o corazón, sen intentar realizar ningún corte na ferida, como se

dicía tradicionalmente, nin sucionala coa boca.

Estas dúas medidas, ademais de ineficaces, poden ser perigosas pola posibilidade de orixinar infeccións (no caso dos cortes) ou se temos algunha ferida na boca (no caso da succión). Tampouco se deben poñer torniquetes se non o fai un experto (os efectos dun torniquete moi apertado poden ser graves, ademais de que non se demostrou a súa eficacia nestes casos). A continuación, tranquilizando a persoa afectada, trasladala a un centro médico. Nel manterana en observación e decidirán o mellor tratamento que cómpre administrar, sobre todo vixiando as constantes de coagulación sanguínea. En especial, determinarán se é preciso administrarlle ou non un soro antiofídico con anticorpos contra o veneno de víbora. Na maior parte dos casos, non é necesario aplicar este antisoro, xa que este só debe ser utilizado cando sexa estritamente necesario, pois nalgúns casos pode provocar reaccións alérxicas que poden ser graves. No caso de que si o sexa, existen na actualidade soros antiofídicos moi eficaces.

Especies exóticas de réptiles de posible aparición no parque natural

A introdución de especies non nativas é unha das maiores ameazas para a biodiversidade. Ningunha zona está libre de que se introduzan nela especies alóctonas, que poden chegar a transformarse en invasoras, desprazando as autóctonas ou causándolles enfermidades. Dentro dos réptiles introducidos, destacan as tartarugas de auga doce procedentes de diversos lugares do mundo. No parque natural, a única especie autóctona de sapoconcho é o europeo (*Emys orbicularis*); porén, poden aparecer ocasionalmente outras especies de tartarugas acuáticas de orixe exótica. Proceden da comercialización como mascotas de diversas especies que, en ocasións, os propietarios liberan no medio natural, sen seren conscientes do dano que poden ocasionar. Estas especies exóticas de sapoconchos apareceron en zonas húmidas de diversos puntos de España e do resto do mundo.

Polo tanto, existe o risco de que tamén poidan aparecer neste espazo natural.

Queremos salientar que as especies de sapoconchos mantidas en cativeiro como mascotas nunca deben ser liberadas no medio natural. A liberación de especies animais exóticas está castigada pola lei en España de acordo coa Lei 42/2007, que prohibe explicitamente a introdución de especies exóticas que poidan competir coas autóctonas ou alterar os equilibrios ecolóxicos. Esta liberación constitúe un grave problema para a conservación da biodiversidade. Se se desexa desfacerse dos sapoconchos mantidos en cativeiro, cómpre contactar cos Centros de Recuperación de Fauna Silvestre que a Xunta de Galicia ten en cada provincia.

A continuación indícanse algunhas das especies máis comercializadas de sapoconchos exóticos que apareceron con maior frecuencia en diversas zonas húmidas de Galicia e do resto de España e que, potencialmente, tamén poden aparecer no parque natural.



Sapoconcho de Florida (*Trachemys scripta*).



Detalle da cabeza do sapoconcho de Florida.

Sapoconcho de Florida **(*Trachemys scripta*).**

Outros nomes galegos:

Sapoconcho de orellas vermellas, tartaruga de Florida.

Nome castelán:

Salápago de Florida.

Inglés:

Pond Slider. Red-eared Slider (la subespecie de "oreja roja", *T. s. elegans*).

Identificación: tartaruga acuática relativamente grande, cunha lonxitude da coiraza que oscila nos adultos entre 12 e 30 cm, sendo as femias máis grandes e de coiraza moito máis ancha que os machos. Son máis coñecidos pola xente os pequenos xuvenís de cor verde olivácea que puxeron á venda en tendas de mascotas (acabados de nacer), pero o seu crecemento é moi rápido e pronto alcanzan un tamaño grande. A cor dorsal verde dos xuvenís desaparece coa idade, volvéndose denegrida nos adultos. Pódese distinguir doadamente a calquera idade do sapoconcho común polas

liñas amarelas (non manchas) sobre fondo verdoso no colo e na cabeza e por ter o plastrón de cor amarela viva. En moitos exemplares aparece tamén unha mancha vermella intensa aos lados da cabeza (na subespecie *T. s. elegans*, que se comercializou moito no pasado). Na subespecie nominal (*T. s. scripta*) en vez de mancha vermella teñen unhas liñas curvas amarelas detrás dos ollos.

Distribución, abundancia

e hábitat: orixinarios do sur e sueste dos EE. UU., onde foron criados masivamente para a súa venda en todo o mundo como animais de compañía. Se os pequenos xuvenís adquiridos en tendas de mascotas sobreviven, co paso do tempo vólvense grandes e voraces tartarugas que molestan dentro das casas, polo que algúns propietarios as liberan nos ríos, lagoas, encoros e charcas, onde poden formar poboacións que constitúen unha ameaza para a fauna autóctona. Pode vivir en todo tipo de medios de auga doce permanentes. Observáronse nos últimos anos varios exemplares desta especie en charcas e lagoas do parque natural, así como en xardíns de terreos privados.

Bioloxía: activo de marzo a outubro. En España atopáronse postas en maio e xuño, compostas por 2-23 ovos. Período de incubación de 60-88 días. Os neonatos miden 24-36 mm de lonxitude da coiraza. Lonxevidade máxima en liberdade de 30 anos.

Sapoconcho mediterráneo
(*Mauremys leprosa*).

Nome castelán:

Galápago leproso

Aínda que é autóctono da Península Ibérica, non o é da zona do parque natural e a maior parte dos exemplares observados en Galicia proceden da liberación de individuos cativos. Ten liñas alaranxadas na cabeza e no colo que se van volvendo difusas nos exemplares máis grandes. Tamén adoitan ter unha mancha timpánica alaranxada. Pode superar os 20 cm de lonxitude.

Deste xénero tamén se comercializaron (e soltaron en diversos puntos de España) especies non ibéricas, como as seguintes:



Sapoconcho leproso (*Mauremys leprosa*), detalle da cabeza e do colo, onde se aprecian as típicas liñas lonxitudinais amarelo-alaranxadas desta especie.

Sapoconcho chinés de tres quillas (*Mauremys reevesii*). Con tres quillas lonxitudinais na coiraza e raías curtas, irregulares e descontinuas aos lados da cabeza. Orixinaria de China, Corea e Xapón.

Sapoconcho chinés de colo raiado ou tartaruga Ocadia (*Mauremys sinensis*). Ten moitas raías finas lonxitudinais, rectas e relativamente paralelas, aos lados da cabeza. Orixinaria das rexións subtropicais de Asia continental.

Sapoconchos mapa o sapoconchos gobeludos (*Graptemys* sp.).

Nome castelán:

Tortugas mapa

Orixinarios de América do Norte. Teñen liñas amarelas na cabeza e un debuxo reticulado na coiraza. Poden alcanzar os 30 cm de longo. O xénero posúe diversas especies que se comercializaron e unha das que máis apareceu liberada en distintas zonas de España é:

Falso sapoconcho mapa (*Graptemys pseudogeographica*), que ten unha carena vertebral na coiraza e de 4 a 7 liñas finas amarelas aos lados da cabeza, ademais dunha mancha amarela detrás do ollo. Orixinario do centro e sur dos Estados Unidos.

Sapoconchos de ventre vermello e sapoconchos xeroglíficos (*Pseudemys* sp.).

Nome castelán:

Galápagos de ventre roxo e tortugas xeroglíficas.

Carecen de manchas grandes detrás dos ollos, só liñas que se prolongan polo colo. Comercializáronse varias especies, entre elas:

Sapoconcho de ventre vermello de Florida (*Pseudemys nelsoni*), que ten unha liña amarela en forma de V entre os ollos e o fociño e con tres liñas amarelas intensas aos lados da cabeza, detrás dos ollos. Orixinario de Florida.

Sapoconcho xeroglífico (*Pseudemys concinna*), sen liña amarela en V entre os ollos e o fociño. Orixinaria do sueste dos Estados Unidos.

Ademais destas, son moitas as especies de tartarugas de auga doce exóticas, procedentes de distintos continentes, que se comercializaron como mascotas e que poden aparecer en diversas zonas húmidas, froito da liberación intencionada. Para identificar as que ocasionalmente poden atoparse no parque natural, consúltese Díaz-Paniagua *et al.* (2010) e Maran & Fretey (2023) (véxase a bibliografía).



Poden aparecer no parque natural outras especies exóticas de sapoconchos, froito de soltas intencionadas, como estas mantidas nun centro de recuperación de fauna. Arriba, falso sapoconcho mapa (*Graptemys pseudogeographica*). Abaixo, sapoconcho xeroglífico (*Pseudemys concinna*). Ambas as dúas orixinarias de América do Norte.

Bibliografía

- Arnold, E. N. & Ovenden, D. (2007). *Reptiles y anfibios. Guía de campo*. (2.ª ed.). Ed. Omega. Barcelona. 319 pp.
- Asensi Cabrita, M. (2006). *Guía dos anfíbios e réptiles de Galicia*. Baía Edicións. A Coruña. 169 pp.
- Asensi Cabrita, A. (coordinador) (2011). *Atlas dos anfíbios e réptiles de Galicia*. Sociedade Galega de Historia Natural. Santiago de Compostela. 112 pp.
- Asociación Herpetológica Española (2019). *Manual para el diseño de charcas para anfibios españoles*. Tragsatec. Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente. Disponible en: charcas_y_anfibios_tcm30-480219.pdf
- Baker, J.; Beebe, T.; Buckley, J.; Gent, T. & Orchard, D. (2011). *Amphibian Habitat Management Handbook*. Amphibian and Reptile Conservation. Bournemouth.
- Brea, C.; Galán, P.; Ferreira, R. & Serantes, P. (2007). Datos preliminares sobre la biología reproductora del tritón ibérico (*Lissotriton boscai*) y del tritón palmeado (*Lissotriton helveticus*) en condiciones controladas y naturales. *Munibe (Suplemento)*, 25: 170-179.
- Caramelo Rego, C.; Martínez Martínez, P.; Reiriz Vargas, S. & Vales Mosquera, E. (1995). *Espacios naturais de Galicia. 1. Provincia de A Coruña*. Bahía Edicións. A Coruña. 192 pp.
- Consultores de Medio Ambiente y Desarrollo, S. L. (2002). Complejo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. En: Deputación Provincial da Coruña (Ed.). *Zona Verde AC 01*. Dep. Prov. da Coruña. Imprenta Provincial. A Coruña. pp. 47-57.
- Cordero-Rivera, A.; Ayres, C. & Velo-Antón, G. (2024). Successful reintroduction of the European pond turtle *Emys orbicularis* with a small number of founders from a 20-years small-scale experiment. *Animal Biodiversity and Conservation*, 47(2): 171-181.
- Crottini, A.; Galán, P. & Vences, M. (2010). Mitochondrial diversity of Western spadefoot toads, *Pelobates cultripes*, in northwestern Spain. *Amphibia-Reptilia*, 31: 443-448.
- Díaz-Paniagua, C.; Pérez-Santigosa, N.; Hidalgo-Vila, J. & Portheault, A. (2010). *Manual de identificación de galápagos autóctonos y exóticos*. Convenio CSIC/Consejería de Medio Ambiente-Junta de Andalucía. Disponible en: https://herpetologica.es/wp-content/uploads/2013/09/manual_identificacion_galapagos.pdf
- Dufresnes, C. (2020). *Anfibios de Europa, norte de África y Oriente Próximo*. Una guía fotográfica. Ed. Omega. Barcelona. 224 pp.
- Espasandín, I.; Galán, P. & Martínez-Freiría, F. (2022). Sex, size and eco-geographic factors affect the feeding ecology of the Iberian adder, *Vipera seoanei*. *Amphibia-Reptilia*, 43(3): 235-250.
- Ferreiro, R. & Galán, P. (2004). Reproductive ecology of the slow worm (*Anguis fragilis*) in the Northwest Iberian Peninsula. *Animal Biology*, 54 (4): 353-371.
- Ferreiro, R.; Galán, P.; Brea, C. & Serantes, P. (2007). Datos sobre el crecimiento, madurez y dimorfismo sexual en una población natural de lución (*Anguis fragilis*) en el Noroeste de la Península Ibérica. *Munibe (Suplemento)*, 25: 164-169.
- Galán, P. (1988). Segregación ecológica en una comunidad de ofidios. *Doñana, Acta Vertebrata*, 15 (1): 59-78.
- Galán, P. (1999). *Conservación de la herpetofauna gallega. Situación actual de los anfibios y reptiles de Galicia*. Universidade da Coruña. Servicio de Publicacións. Monografía N.º 72. A Coruña. 286 pp.
- Galán, P. (2005). Herpetofauna de Galicia: situación actual y amenazas que inciden en su conservación. *Idader. Recursos Rurais. Serie Cursos*, 2: 51-64.
- Galán, P. (2006a). *Guía dos anfíbios e réptiles. Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán*. Xunta de Galicia. Dirección Xeral Conservación Natureza. A Coruña. 91 pp.

- Galán, P. (2006b). Capítulos: Amplexos terrestres en la salamandra común y Cortejo acuático en los tritones ibérico y palmeado. En: Soler, M.; Martín, J.; Tocino, L.; Carranza, J.; Cordero, A.; Moreno, J.; Senar, J. C.; Valdivia, M. & Bolívar, F. (Eds.). *Fauna en acción. Guía para observar comportamiento animal en España*. Lynx Edicions. Barcelona. pp. 229-231 y pp. 232-235.
- Galán, P. (2007). *Cartografía de la biodiversidad en el Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán: distribución y estatus de las poblaciones de anfibios y reptiles*. Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente. Informe inédito. 220 pp.
- Galán, P. (2008). Cambios en la presencia del sapo partero común (*Alytes obstetricans*) en diferentes períodos y medios acuáticos: posible declive de la especie en Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 19: 107-113.
- Galán, P. (2009a). *Plan de conservación de los anfibios amenazados de Galicia*. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras. Xunta de Galicia. Informe inédito. 567 pp.
- Galán, P. (2009b). Ecología de la reproducción de los saurios ibéricos. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 20: 2-34.
- Galán, P. (2012a). Selección de la morfología del suelo de *Chioglossa lusitanica* y *Salamandra salamandra* de Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 23: 36-41.
- Galán, P. (2012b). *Pelobates cultripes* (Western Spadefoot Toad). Depredation. *Herpetological Review*, 43(3): 467-468.
- Galán, P. (2012c). Declive de una población de *Bufo calamita* por invasión de la planta *Azolla filiculoides*. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 23(1): 113-116.
- Galán, P. (2013). Depredación de gato doméstico sobre reptiles en Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 24(1): 103-107.
- Galán, P. (2014a). Hábitat reproductor y ciclo anual de *Discoglossus galganoi* en acantilados marinos de Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 25 (1): 23-29.
- Galán, P. (2014b). Seguimiento de poblaciones de anfibios y reptiles en Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 25 (2): 44-52.
- Galán, P. (2015). Impacto del jabalí sobre *Pelobates cultripes* en un espacio natural protegido de Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 26 (1), 94-99.
- Galán, P. (2016). *Monitorización da Herpetofauna no Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Ribeira – A Coruña)*. Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente. Cofinanciado por la Unión Europea. Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Informe inédito. 201 pp.
- Galán, P. (2017a). Espermatóforo de *Chioglossa lusitanica*. Morfología y transferencia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 28 (1): 28-31.
- Galán, P. (2017b). *Monitorización da Herpetofauna no Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (Ribeira – A Coruña)*. Informe complementario. Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente. Cofinanciado por la Unión Europea. Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Informe inédito. 270 pp.
- Galán, P. (2017c). La situación de los anfibios amenazados de Galicia y su relación con el estado de conservación de los humedales. En: Ramil-Rego, P.; Gómez-Orellana, L. & Ferreiro da Costa, J. (eds.). *Conservación e xestión de humedais en Galicia*. Horreum-Ibader. Lugo. Pp.: 49-65.
- Galán, P. (2019). O declive dos anfibios e réptiles de Galicia. En: Díaz-Fierros Viqueira (coordinador); Consello da Cultura Galega (ed.). *O Antropoceno e a “Grande Aceleración”*. Unha ollada desde Galicia. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela. Pp. 229-241.

- Galán, P. & Fernández Arias, G. (1993). *Anfibios e réptiles de Galicia*. Edicións Xerais. Vigo. 501 pp.
- Galán, P.; Cabana, M. & Ferreiro, R. (2010). Estado de conservación del sapo de espuelas (*Pelobates cultripes*) en Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 21: 90-99.
- Galán, P. & Ferreiro, R. (2010). Depredación de *Pelobates cultripes* en Galicia por un mustélido. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 21: 30-34.
- Galán, P.; Rodríguez, S. & Tubío, G. (2013). Aproximación al conocimiento del estado de conservación de *Bufo calamita* en Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 24(1): 95-101.
- Galán, P. & Rodríguez-Fernández, S. (2018). Efecto de los temporales atlánticos invernales sobre la población de *Discoglossus galganoi* de los acantilados costeros de Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 29(1): 70-75.
- García-París, M.; Montori, A. & Herrero, P. (2004). *Amphibia, Lissamphibia*. En: Ramos, M. A. et al. (eds.). *Fauna Ibérica*, vol. 24. Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid. 640 pp.
- Geniez, P. (2018). *Snakes of Europe, North Africa & the Middle East: A Photographic Guide*. Princeton University Press, Princeton, New Jersey.
- González, I.; Fernández, R. & Salvadores, R. (1995). *Guía de espacios naturales de Galicia*. Ed. Galaxia S. A. Vigo. 250 pp.
- Langton, T. & Burton, J. A. (1997). *Amphibians and reptiles. Conservation management of species and habitats*. Council of Europe Publishing. Strasbourg. Planning and Management Series, 4: 1-96.
- Leiro, A.; Daporta, M. & Caamaño Rivas, V. M. (2003). *Espazos Naturais. Provincia da Coruña*. Promocións Culturais Galegas, S. A. Vigo. 141 pp.
- López, A.; Covelo, P.; Valeiras, X.; Martínez-Cedeira, J. A.; Alonso, J. M. & Díaz, J. I. (2014). Tartarugas mariñas nas costas de Galicia, S. XVIII–2013. *Eubalaena*, 13: 1-36.
- Maran, J. & Frétey, T. (2023). Les tortues terrestres et d'eau douce, autochtones et introduites, de France métropolitaine: état des connaissances et clé de détermination illustrée. *Herp me!*, 5: 1-172. Disponible en: https://www.researchgate.net/publication/371733111_Les_tortues_terrestres_et_d'eau_douce_autochtones_et_introduites_de_France_metroropolitaine_etat_des_connaissances_et_cle_de_determination_illustrée_Herp_me_5_1-172
- Martínez-Abraín, A. & Galán, P. (2018). A test of the substitution-habitat hypothesis in amphibians. *Conservation Biology*, 32(3): 725-730.
- Martínez-Abraín, A.; Jiménez, J.; Jiménez, I.; Ferrer, X.; Llana, L.; Ferrer, M.; Palomero, G.; Ballesteros, F.; Galán, P. & Oro, D. (2020). Ecological consequences of farmland abandonment in southern Europe: a unifying perspective. *Biological Conservation*, 252: 108860 (2020).
- Martínez-Freiría, F. & Espasandín, I. (eds.) (2026). *Estado de conservación de los anfibios y reptiles de Galicia*. Monografías de la Asociación Herpetológica Española. Madrid.
- Martínez-Silvestre, A.; Graciá, E.; Giménez, A.; Cadenas, V.; García de la Fuente, M. I.; Thumsová, B. & Bosch, J. (2023). Bioseguridad en trabajos de campo con reptiles y anfibios. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española*, 34: 3-16. Disponible en: [https://www.herpetologica.org/BAHE/34/BAHE34\[I_1158\].pdf](https://www.herpetologica.org/BAHE/34/BAHE34[I_1158].pdf)
- Masó, A. & Pijoan, M. (2011). *Anfibios y reptiles de la Península Ibérica, Baleares y Canarias*. Ediciones Omega. Barcelona.
- Mouriño Lourido, J.; Otero Pérez, X. L.; Salvadores Ramos, R.; Alonso Iglesias, P.; Sierra-Abraín, F.; Arcos Fernández, F. & Vázquez, A. (2004). *Os espazos naturais de Galicia*. Nigra Trea. Vigo. 270 pp.
- Pleguezuelos, J. M.; Márquez, R. & Lizana, M. (Eds.) (2002). *Atlas y libro rojo de los anfibios y reptiles de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-A.H.E., Madrid. 585 pp.

- Pulgar Sañudo, I. (2010). *Guía da flora do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán*. Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Santiago de Compostela. 60 pp.
- Reques, R. (2020). *Ecología, estudio y conservación de los anfibios*. Tundra Ediciones. Castellón. 310 pp.
- Rodríguez, S., Galán, P. & Martínez-Abraín, A. (2024). Anthropogenic determinants of species presence in amphibian communities across an elevation gradient. *Ecosphere*. 2024;15:e70043.
- Salvador, A. (Coordinador) (2014). *Reptiles. 2.ª edición revisada y aumentada*. En: Ramos, M. A. et al. (eds.). *Fauna Ibérica, vol. 10*. Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid. 1.372 pp.
- Salvador, A.; Pleguezuelos, J. M. & Reques, R. (2024). *Guía de los anfibios y reptiles de España*. Segunda edición, revisada. AHE. Madrid. 344 pp.
- Sánchez Rodríguez, F. & Negreira Souto, M. (2005). Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. En: Cordero Rivera, A. (Coordinador) y Hércules de Ediciones, S. A. (Editor). *Proxecto Galicia. Tomo XLVI: Ecoloxía. Conservación II*. Hércules de Ediciones, S. A. A Coruña. pp. 110-144.
- Sánchez-Vialas, A.; Buckley, D.; Recuero, E.; Martínez-Freiría, F. et al. (2024). Species list of the Spanish herpetofauna: an update. *Basic and Applied Herpetology*, 38: 5-23.
- Sociedade Galega de Historia Natural (2023). *11.ª Actualización do Atlas de Anfíbios e Réptiles de Galicia*. Período 2005-2023. Disponible en: https://sghn.org/wp-content/uploads/2024/07/ACTUALIZACION_herpetos_2023.pdf
- Speybroeck, J.; Beuhema, W.; Bok, B.; Van Der Voort, J. & Velikov, I. (2017). *Guía de campo de los anfibios y reptiles de España y Europa*. Editorial Omega. Barcelona. 432 pp.
- Tejado Lansero, C. & Marínez Freiría, F. (2024). *Víboras ibéricas*. Asociación Herpetológica Española. Madrid. 20 pp. Disponible en: <https://herpetologica.es/viboras-ibericas/>

Páxinas web

AmphibiaWeb. University of California Berkeley. <https://amphibiaweb.org/>

Amphibian Species of the World 6.2. An Online Reference. American Museum of Natural History. <https://amphibiansoftheworld.amnh.org/>

Asociación Herpetológica Española. <https://herpetologica.es/>

Asociación Herpetológica Española. SIARE: Servidor de Información de Anfibios y Reptiles de España. <https://siare.herpetologica.es/index.php?bdh/distribucion>

Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA). Ofrece también información sobre las tortugas marinas observadas en las costas de Galicia. https://www.cemma.org/revargal_cas.htm

Enciclopedia virtual de los vertebrados españoles. Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. <https://www.vertebradosibericos.org/>

Parque Natural de Corrubedo. Plano y rutas. https://patrimonionatural.xunta.gal/sites/default/files/mapas/Plano-PN-Corrubedo-ES-GA_0.pdf

Sociedade Galega de Historia Natural. 11.^a actualización do atlas dos anfibios e réptiles de Galicia. Período 2005-2023. https://sghn.org/wp-content/uploads/2024/07/ACTUALIZACION_herpetos_2023.pdf

SOSanfibios.org. Proyecto de la Asociación Herpetológica Española para luchar contra las enfermedades emergentes de los anfibios. <https://sosanfibios.org/>

The Reptile Database. Uetz, P.; Freed, P.; Aguilar, R.; Reyes, F.; Kudera, J. & Hosek, J. (eds). (2025). The Reptile Database. <http://www.reptile-database.org/>

UICN (Unión Internacional para la Conservación de la Naturaleza). The IUCN Red List of Threatened Species. <https://www.iucnredlist.org/>

Xunta de Galicia. Patrimonio Natural de Galicia. Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán. <https://patrimonionatural.xunta.gal/gl/complexo-dunar-corrubedo-lagoas-carregal-vixan>



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos